

## Unhas festas diferentes

A comarca vivirá o Nadal baixo un estrito control sanitario, sobre todo en Vilalba e As Pontes

Moitas familias están a planificar como serán este ano os xantares e ceas festivos baixo a nova normativa que vén de publicar a Xunta de Galicia e que limita as reunións debido ao risco de repunte de casos antes da chegada das festividades. Así mesmo, os concellos preparan diferentes programacións de Nadal para esta atípica festividade do 2020, todas moi limitadas e evitando aglomeracións, como as visitas virtuais de Papá Noel, as videochamadas dos Reis Magos e os concursos de decoración. Pero tamén haberá tempo para o ocio infantil con obradoiros e talleres así como mercados de Nadal, sen esquecer o alumeado festivo.



**vilalba.** Adxudican a humanización da zona do auditorio. **Pax. 2**

**abadín.** Supervisan os investimentos que realizou a Xunta este ano. **Pax. 8**

**as pontes.** Comerciantes estrenan unha plataforma de comercio on line. **Pax. 10**

**friol.** O Concello inaugura un innovador centro colaborativo. **Pax. 17**

**guitiriz.** Invisten 600.000 euros na mellora da eficiencia enerxética. **Pax. 20**

**castro de rei.** Inaugurada a Granxa Experimental de Leite Gayoso Castro. **Pax. 29**


**a pastoriza.** O Concello saca unha nova liña de axudas aos negocios. **Pax. 33**

Muras obtén o selo Starlight



No 2021 reanudarán as actividades vinculadas. **Pax. 22**

Begonte terá un belén diferente



Primeira edición do belén virtual. **Pax. 27**

Videochamadas de Nadal para os nenos



Meira e Riotorto organizan esta actividade. **Pax. 31**

## A Deputación aproba un orzamento de 92,5 millóns

O Pleno da Deputación aprobou un orzamento de 92,5M€ para investir nas persoas e na recuperación económica. Os presupostos suben preto dun 1% con respecto ao ano pasado e aumentan os gastos

un 20% das partidas en Bens e Servizos, debido a que ampliarán a Rede de Centros Públicos de Atención a Maiores. Así mesmo, destaca a conxelación dos soldos dos membros da Corporación. **Pax. 35**

A pesar das distancias, seguiremos coidando de ti.

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

¡Bo Nadal!

Vilalba / As Pontes



## A Deputación inviste na vía que une Panchita con Oleiros



O presidente da Deputación e a alcaldesa, visitando a zona de obras

A Deputación investirá 190.000 euros na renovación do firme da estrada provincial LU-P-6510, que conecta os núcleos de Panchita e Oleiros. As actuacións desenvolveranse en máis de 4,5 quilómetros, entre o punto quilométrico 0 e o 4,55. Os traballos consistirán na reapertura de cunetas, a pavimentación con aglomerado en quente e

a súa correspondente sinalización horizontal, co pintando de marcas reflexivas brancas. O prazo de execución será de 9 meses. Esta estrada ten moita relevancia social porque conecta as parroquias de Oleiros e Panchita, pero tamén dá servizo a outras parroquias como Nete ou Ladra, e permite unha conexión con Cospeito.

## O Pleno pedirá á Xunta o amaño da estrada de entrada á vila

O Pleno de Vilalba acordou na súa última sesión pedir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a financiación necesaria para poder facer as obras en algo máis de dous quilómetros la estrada LU-119, a entrada ao núcleo urbano desde Rábade. Trátase da última vía que queda por arranxar tralo proceso de transferencia realizado no ano 2010. Outros dos puntos de trámite que se tra-

taron no Pleno foi a renovación da permanencia da Biblioteca na Rede galega e o informe de morosidade. Aprobouse tamén a moción popular sobre a elaboración dun plan municipal de reactivación económica, plan que foi apoiado por Vilalba Aberta. A alcaldesa avanzou que se lles fará chegar aos grupos políticos un borrador dos orzamentos para que fagan as súas aportacións.

## Adxudican a humanización da zona do auditorio

O Concello adxudicou as obras de mellora e humanización da intersección das rúas Pedreiras, Porta da Cima e Pita de Veiga, que teñen como obxectivo ampliar o espazo destinado aos peóns e reducir a presenza de vehículos.

Trátase dunha área que comunica o casco histórico coa parte máis nova de Vilalba, polo que o concello quere humanizar a intersección, cun maior protagonismo para as persoas e menos tráfico rodado.

É un entorno onde se atopan a arquitectura máis tradicional coa máis contemporánea, xa que na intersección colindan a Igrexa de Santa María e o auditorio de César Portela. Outro elemento propio de interese nesta zona é o trazado do Camiño de Santiago.

Por todo elo, o Concello impulsou esta actuación, cun orzamento de



Presentación do proxecto de humanización

166.830 euros, coa que se limitará o tránsito e o aparcadoiro de vehículos. O concello instalará ademais unha pérgola para a suxección de vexetación e mobiliario urbano: bancos, papeleiras e unha fonte. “Será un espazo que semellará máis unha praza que unha rúa, onde terán prioridade os peóns e os ve-

hículos só poderán circular a baixa velocidade, sen posibilidade de estacionamento”, explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas. Ademais, substituirase o pavimento existente, os colectores de saneamento deteriorados, e reforzase a rede de abastecimento de auga e de alumado público.

## App contra a violencia de xénero

O Concello de Vilalba vén de anunciar a posta en marcha dunha aplicación móbil, En Rede Vilalba, co obxectivo de ofrecer información sobre as distintas violencias que se exercen sobre as mulleres, nomeadamente as máis novas, e sobre os recursos dispoñibles ao seu alcance. Esta ferramenta conta ademais cun espazo para o envío de suxestións, fomentando a participación e contacto permanente coa área de

igualdade, así como un apartado de webs, guías, lecturas, filmes ou series de interese. A app recolle distintos tipos de información que permiten “dotar de ferramentas ás mulleres máis novas por unha canle na que acostuman comunicarse e nun momento no que as novas tecnoloxías adquiren un papel fundamental”, subliña a concelleira de Igualdade, Vanesa Siso.

A app pódese descargar tanto nos smartphones como en iphone, obtendo un espazo dividido en sete apartados, con distintos materiais que poden informar a través do entretemento e da cultura. “Agardamos que sexa de interese para todos, especialmente para as rapazas, que descarguen a aplicación e que non dubiden en contactar con nós ante calquera situación que se lles presente”, di.

Este Nadal ti elixes o agasallo!



Xiaomi Redmi 9A

FIBRA FAST!  
1.000 Mb

44€/mes

Prezo final. IVE e cota de liña incl.

MÓBIL ILIMITADO  
23 GB

Ou se o prefires...  
AFORRA 100€  
NO TEU PAQUETE!



Fibra  
1.000 Mb



Móbil  
23 GB

10 €/mes  
durante 3 meses  
(despois 44€)



adamo  
Fibra · Móbil · Fixo



Chama xa  
GRATIS ao  
900 651 679



## Vilalba vístese de Nadal

O Concello de Vilalba xa ten lista a súa programación de Nadal, cun amplo calendario de actividades programadas desde as áreas de cultura. Desde o goberno local levan semanas traballando sobre esta programación, contemplando todos os escenarios posibles que se podan dar pola situación sanitaria e tendo en conta as restricións e protocolos expedidos polas autoridades sanitarias, que se aplicarán exhaustivamente en cada unha das citas programadas e que se adaptarán ao momento no que se realicen.

Debido ás normativas “tan cambiantes dun día para outro” por mor da situación sanitaria, e que afectan tamén aos aforos de público en eventos culturais, irase comunicando semana a semana o formato no que se levarán a cabo: en caso de non ser posible o presencial, retransmitiránse por streaming, e de ser posible, sacaranse o número de entradas permitidas anunciándoo coa suficiente antelación a través da web [www.entradavilalba.es](http://www.entradavilalba.es) ou na Casa da Cultura.

O goberno local diversificou a oferta de entretemento e cultural pensando en todos os públicos, desde os máis cativos ata as persoas maiores. “Cómpre poñer de relevo a importancia da dinamización sociocultural en Vilalba nun momento de crise onde as relacións e a interdependen-



cia poden verse resentidas por mor da pandemia do coronavirus, sendo prioritario crear espazos seguros de relación ou promover outros a través das Novas Tecnoloxías segundo a situación sanitaria que atravesemos”. As actividades comezarán o día 8, co acendido do alumeadado e a colocación do buzón e o poboado de Nadal, dando paso a varias semanas de música con Pakolas, a fadista María do Ceo, a Banda de Música de Vilalba coa Orquestra Malabares, ou o dúo local Estrellas cun novo repertorio adaptado. Tamén haberá teatro, cinema, rock galego, gala de Nadal con maxia e tamén iniciativas inno-

vadoras como obradoiros de skate ou as árbores decoradas polos coles. Ademais, este ano os Reis Magos tamén se adaptan ás normas covid, polo que visitarán por primeira vez as parroquias de Vilalba. Ninguén se quedará sen saudar ás súas Maxestades de Oriente, pero nesta ocasión terá que ser a distancia, gardando todas as medidas de seguridade. Farán as visitas polo rural e un paseo pola meirande parte das rúas da vila, polo que se recomenda saudar desde a casa ou portal, e de non ser posible, baixar ao punto máis próximo. O concello garantirá todas as medidas e protocolos covid-19.

## Campaña do comercio

A Asociación Sete Pontes de Vilalba realizará este ano unha nova campaña para incentivar o comercio local. Esta consistirá en varias accións promocionais e publicitarias baixo o paraguas de Merca e Gaña no Comercio Local.

O eixo da campaña será o sorteo de 2.000 euros entre catro consumidores agraciados, que recibirán 500 eu-

ros que deberán gastar o seu diñeiro nos establecementos participantes. A campaña xa deu comezo e se prolongará ata o 5 de xaneiro co obxectivo de incentivar á compra directa nos comercios da vila. Para poder participar, só é necesario facer algunha compra ou consumo nos establecementos adheridos a Sete Pontes. En cada negocio haberá un

papel co listado de empresas que o consumidor deberá selar segundo aqueles nos que faga as compras. Unha vez cuberta a papeleta, engadiranse os datos persoais e meterase nun sobre para participar no sorteo que terá lugar o 8 de xaneiro, ás 20.00 horas, no local da asociación. Para rexistrar as compras non fai falta un importe mínimo.

## Non haberá Feira do Capón pero si actividades de dinamización este ano



Presentación das actividades de dinamización do sector do capón

O Concello anunciou unha estratexia de dinamización do sector do capón tras a confirmación da cancelación da feira deste ano, debido ao contexto sanitario actual, unha medida dolorosa pero tomada de común acordo cos criadores.

A alcaldesa, Elba Veleiro; a concelleira de Feiras e Mercados, Antía Rama, e a presidenta da Asociación de Criadores, Milagros Lozano, explicaron os motivos da suspensión e as medidas destinadas a paliar os efectos da anulación da feira.

O Concello xa establecera contacto directo no mes de setembro con todos os criadores e criadoras para valorar a situación desta tempada. Nestas reunións, os criadores expuxeron que este ano había unha redución das pezas criadas dado o descenso esperado da demanda. Doutra banda, tamén se comentou que os protocolos sanitarios dificultarían o desenvolvemento normal da feira, perdendo o seu espírito, e que, dado que unha parte dos criadores son grupos de risco sanitario, sería complicado celebrar un evento con tanta afluencia de público.

Por isto, o Concello a viuse obrigado

“a suspender a tradicional Feira do Capón, cuxa celebración este ano estaría desvirtuada pola situación e os peches perimetrais, imposibilitando a chegada de visitantes”, explicaron.

**DINAMIZACIÓN DO SECTOR.** Porén, co obxectivo de protexer ós criadores, o goberno local porá en marcha unha estratexia de dinamización do sector. Dunha banda, establecido o número de exemplares criados, regalaranse as caixas. Ademais, creouse na propia web do Concello de Vilalba un directorio con todos os criadores interesados para que a xente, veciños ou non do municipio, poidan comprar capóns telefonicamente ou online.

Respecto á promoción da iniciativa, o Concello de Vilalba anunciou a creación dun vídeo promocional que se distribuirá nas redes sociais e en medios de comunicación. Por último, elaborárase unha gravación con dous cocifeiros da hostalaría do municipio preparando receitas con capón, dando visibilidade tanto ao produto como aos locais colaboradores, quen tamén afrontan unha delicada situación por mor da pandemia.

*Estas Navidades hemos preparado para ti una amplia selección de productos para tu mesa.*

*Pásate por nuestras instalaciones y descubre todo lo que tenemos para ti*

**REPRESENTACIONES CABARCOS**

**Somos especialistas en: bacalao, langostinos, rape...**  
Disfrútalos con nuestro vino Albariño Pulpo

*Cajas Regalo de Navidad para empresas y particulares*  
*Estuches Regalo Especiales con la mejor selección de productos de alta calidad*

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / [www.representacionescabarcos.com](http://www.representacionescabarcos.com)



## Publican un libro cos microrrelatos gañadores do concurso vilalbés

A editorial Alvarellos vén de publicar *Microrrelatos*, o volume que reúne os textos gañadores da primeira e segunda edición do Certame de Microrrelatos Día do Libro organizada polo Concello de Vilalba e Culturalia GZ en 2019 e 2020. Son en total dezoito composicións, pertencentes ás categorías infantil, xuvenil e adultos.

Os microrrelatos desenvolven, en moi poucas liñas, toda unha trama; esta brevidade —e intensidade— é sen dúbida un atractivo para as persoas lectoras de hoxe, que gozarán destas dezoito pequenas grandes historias.

No 2019 as gañadoras na categoría infantil foron Nerea Villar Ferreiro, África Montenegro Leal e María Otero Díaz; na xuvenil, Mariña Maceiras Segovia, Sandra Rodríguez Macía e Nee Barros Fernández, e na de adultos Patricia Torrado Queiruga, Raquel Fernández Fernández e Beatriz Dourado. Este ano, os premios correponderon a África Montenegro Leal, Aroa Fernández Jiménez e Paula Pérez Cendán da categoría infantil; Mariña Maceiras Segovia, Nee Barros Fernández e Carlota Millor Prado na xuvenil, e na de adultos venceron Pedro Naveira Pedreira, Patricia Torrado Queiruga e Cristina Arias López.

## Gerardo Criado toma posesión como xefe territorial na Xunta

Gerardo Criado Guizán tomou posesión como novo xefe territorial en Lugo de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Gerardo Criado, licenciado en Veterinaria, ten unha dilatada traxectoria na xestión pública, na que destaca o paso pola alcaldía da súa Vilalba natal, entre 2005 e 2016, e posteriormente como senador durante unha lexislatura.

## O Ceip Terra Chá mellorará os seus patios de recreo



Patio do colexio Terra Chá de Román

O Ceip Terra Chá de Vilalba foi seleccionado para levar a cabo o Proxecto Terra dentro do Plan Proxecta da Xunta de Galicia. Deste xeito, no colexio seguiranse dúas liñas de actuación, a realización de patios dinámicos e a mellora dos espazos de recreo do centro educativo.

O seguinte paso para o centro é facer diferentes proxectos e presentalos á Xunta de Galicia para poder levarlos a cabo. Este proxectos teñen aportación económica en función das súas características e foron seleccionados 45 centros. O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desen-

volvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais.

**NADAL.** O colexio tamén deseñou o seu propio programa de Nadal que se leva desenvolvendo dende o luns 14 con cine e contacontos para rematar a semana coa visita de Papá Noel ao centro, un Papá Noel que virá directo dende Árbol e que falará cos nenos máis pequenos ás 11.30 horas e cos maiores ás 12.45.

O luns terá lugar un dos platos fortes do programa, a actuación do Mago Teto, tamén con dous pases e no mesmo horario que os días anteriores. E finalizarán a xornada coa videoconferencia coa presentadora da televisión Rocío Padín, que respostará ás preguntas dos pequenos.



**OFRENDA FLORAL.** Este ano, debido á situación sanitaria motivada pola pandemia, non se puideron levar a cabo as xornadas de lingua e identidade que dende hai tres anos organizan o Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba e o Consello da Cultura Galega. A temática das mesmas ía ser sobre lingua e identidade. Ao final, houbo que adialas, pero no descartan poder celebralas, cando a situación así o permita. Non obstante, fixeron unha ofrenda floral diante do monolito ao carón do Parador.

## O Concello colocará unha carpa ante o centro de saúde



Unha vista da entrada do centro de saúde vilalbés

O Concello de Vilalba instalará unha carpa diante do Centro de Saúde, para resgardarse do frío e da choiva mentres agardan a súa cita para revisións, analíticas, probas ou mesmo o sintrom. Esta instalación temporal será colocada polo Concello “ante as múltiples queixas e a inacción da Xunta para dar resposta”.

Esta medida vai encamiñada a “evitar que as persoas que acoden ao centro de saúde teñan que facer a súa espera á intemperie, con con-

dicións climatolóxicas adversas que non son agradables para ninguén, especialmente pensando nos máis maiores e tamén nos pequenos”, subliñou Veleiro.

Así mesmo, piden que se respecten as distancias de seguridade “evitando posibles aglomeracións neste espazo”.

O equipo de Goberno fixo este anuncio ao mesmo tempo que o Grupo Municipal de Vilalba Aberta rexistraba unha nova solicitude coa mesma finalidade.

## Vilalba Aberta propón aclimatar as terrazas para o inverno

Vilalba Aberta vén de rexistrar unha nova solicitude, a fin de “urxir ao equipo de goberno local a autorizar á hostalaría a instalación de elementos de confort para aclimatar as terrazas e mellorar a súa comodidade durante os meses de inverno”.

Unha nova iniciativa, que o voceiro municipal da formación, Modesto Renda, contextualizou na necesidade de “dar cumprimento ás demandas dun sector fundamental para a pequena e mediana economía vilalbesa” co obxectivo de que, “toda vez que poidan volver a abrir as súas portas - aínda que con restricións de aforo e/ou horario - conten coa necesaria colaboración do Concello de cara a poder manter a súa actividade, así coma os moitos postos de traballo que xeran”.

Así mesmo, o voceiro asembleario non quixo deixar pasar a ocasión para lembrar a necesidade de cumprir, tamén, co reivindicado pola hostalaría vilalbesa, en relación coa posta en marcha do Programa Municipal de Axudas Directas aprobado no Pleno ordinario de xullo.

“A hostalaría falou claro e nós estivemos, estamos e estaremos sempre con eles: Sobran ocorrencias e urxen programas de axudas serios, tales como a probado en Pleno”, lembrou a este respecto un Renda, que, de novo, puxo enriba da mesa a urxencia da negociación duns orzamentos municipais de reconstrución, que fagan posible a tramitación dunhas axudas directas que “o goberno do PSOE imposibilitou que chegaran ao conxunto dos autónomos e pemes”.

Bo Nadal!

# TEXAS

MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083  
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven

¡Felices Fiestas!

**Carapuchiña Vermella**

Rúa Plácido Peña  
Nº3 baixo - 27800 Vilalba (Lugo)  
Telf.: 962 10 31 68  
Móbil: 627 89 30 15  
carapuchinavilalba@gmail.com  
www.carapuchinavermeja.com



# “Queremos facer un regulamento para as matanzas domiciliarias”

Francisco José Monasterio, presidente de Avimós dende 2006

Francisco José Monasterio Solveira, da Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos (Avimós), asociación que preside desde o 2006, fai un balance do sector neste 2020.

## Que valoración fai do ano que vén de pasar?

Comezo dicindo que desde Avimos estamos contentos porque o ano pasado inscribíronse 8.000 exemplares e 180 criadores, aos que hai que sumar sobre 600 explotacións en autoconsumo que hai en Galicia, xente que ten galiñas de mostra e que simplemente as ten para comer eles. Son bos datos para nós. Ademais, seguimos a ser a raza autonóctona en perigo de extinción con máis número de exemplares de toda España, e seguimos sendo a única raza avícola e a única de toda España que ten o logo 100%. O ano pasado comercializáronse entre pitos, galiñas, galos, etc, sobre 28.000 animais. Como sempre digo desde que comezamos coa recuperación da raza autóctona, unha raza para que creza

hai que consumila senon non chega a nada, e nós si que o logramos.

## Que supuxo a suspensión da feira do capón?

Á galiña de Mos non lle repercute nada porque eu era o único que levaba exemplares á feira, entón levaba un número pequeno porque os tamaños dos capóns de Mos non se poden comparar aos tamaños dos outros, que son semipesados e de crecemento rápido. Esperamos que cando se leve a cabo o tema da IXP Capón de Vilalba sexa doutra maneira, porque a IXP di que os animais que se inscriban teñen que ser dunha raza autóctona.

## Durante esta pandemia, como se levou estar sen feiras?

Estivemos parados na casa e evidentemente tivemos unha merma moi grande na venda de animais para carne, pero en ovos fumos aguantando. Esperamos que toda esta pandemia pase e que o ano que vén podamos volver funcionar. Pero bueno, á xente hai que dicirlle que teñan sentidido, que

queden na casa, que coman galo de Mos, que un ano pasa rápido.

## Dende a asociación, cales son obxectivos de cara a este ano?

Un dos obxectivos que levamos intentando conseguir dende hai moitos anos era que o Ministerio aprobara a sala de matanzas domiciliarias, e a sorpresa foi que fai unos días no BOE saíu publicado este regulamento para que os propios criadores podamos matar e vender os nosos produtos a calquer tipo de negocio legalmente. A nós o que nos interesa é que haxa uns controis sanitarios importantes porque unhas galiñas sanas son uns produtos sanos. Por iso interesábanos moitos e gracias a Deus saíu aprobado estes días e esperamos que os criadores tomemos nota, que temos que ir por ese camiño, como cando comezamos cos centros de embalaxe de ovos. Hoxe en día hai 16 centros para poder vendelos, marcalos e rexístralos. Para o ano que vén intentaremos buscar algunha cousiña para que os nosos criadores podan pegar un



Francisco Monasterio, cun exemplar desta raza

salto e poder vivir de todo isto. De momento vén sendo unha axuda, pero esperemos que haxa persoas que podan vivir disto, que se fixe a poboación no rural e que se podan manter economicamente. Estamos vendo ultimamente que hai moitos países que están valorando o km 0, o produto de cercanía. Como en Francia que hai restaurantes que califican os seus produtos de cercanía, para dar valor aos nosos produtos.

## E para este ano que toca?

Queríamos o ano que vén intentar destacar un regulamento para preparar un centro de matanzas domiciliarias. Un estudo para que todos os criadores de Avimos poidamos ir todos igual para unha regulamentación equilibrada. Que sexa unha cousa sinxela, porque

para matar 500 galos ao ano este-mos dentro da normativa do Ministerio e evitar dores de cabeza dos criadores.

## Cal é o produto estrela?

O produto estrela é o galo e o ovo. Estamos mandando para Madrid moita galiña de 3 ou 4 anos de 3 ou 4 kilos, ovos tamén, por exemplo eu, todos os que teño saen para alí e ademais pagan algo máis, véndense mellor. A calidade do ovo non ten nada que ver coa dos supermercados.

## A galiña de Mos está por toda Galicia?

Por toda Galicia e por toda España. Pódense dar de alta fóra pero teñen que pagar moito en desprazamentos de veterinarios.

## RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!





## Agacal destaca o papel de Forma-T na formación forestal



Clausura do curso desenvolvido en Forma-T

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), José Luis Cabarcos, avanzou que os 15 alumnos que recibiron a formación impartida pola Xunta para o manexo de autocargadores e procesadoras forestais contarán cun emprego ao remate do curso. Así o dixo na clausura da iniciativa que se vén de impartir no polígono industrial de Vilalba, na empresa local Forma-T, onde puxo de relevo as posibilidades de futuro que o rural galego ofrece ás novas xeracións.

Nesa liña, o director da Agacal cualificou as "máis de 250 horas de formación" que contemplou esta acción como "unha ferramenta útil para o futuro profesional" dos participantes. Lembrando que o programa foi levado a cabo por

Medio Rural atendendo unha demanda do sector forestal, José Luis Cabarcos destacou que "as zonas rurais representan grandes oportunidades" e que por iso a Consellería "está traballando para xerar as condicións que permitan un rural rendible, sostible e de futuro".

A clausura do curso contou cunha proba de manexo de maquinaria pesada por parte dos alumnos, unha vez foron instruídos para manipular as procesadoras e autocargadores forestais. Así, os participantes recibiron formación teórica e práctica sobre o sector forestal en xeral, repoboación e anticipación aos incendios, pero tamén no referido a estes aparellos e á prevención de riscos laborais.

## A Deputación provincial dota dun desfibrilador á escola infantil

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración co representante da anpa da Escola de Educación Infantil de Vilalba, José Ángel Balseiro Amido, a través do cal a institución provincial achega 3.500 euros a este centro educativo vilalbés para que adquira un desfibrilador pediátrico e poña en funcionamento o servizo para protexer a saúde cardiovascular de 112 nenas e nenos.

"É importante contar con desfibriladores nas instalacións públicas para reducir ao mínimo o tempo de reposta ante unha parada respiratoria e, máis aínda, nun centro educativo público onde os menores pasan moitas horas. Non podemos permitir que carezan dun instrumento que lles pode salvar a vida", lembrou Tomé Roca.

Coa achega da institución provincial, a escola infantil de Vilalba instalará un desfibrilador semiautomático (DESA) específico para menores e porá en funcionamento o servizo, dando de alta o dispositivo na Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061. Para facilitar o manexo deste aparello tamén se impartirá formación teórica básica sobre técni-



Firma do convenio de colaboración

cas de reanimación cardíaca pulmonar, que se complementará con oito horas de formación práctica presencial para oito alumnos.

A maioría das mortes súbitas cardíacas ocorren fóra da contorna hospitalaria, e este centro educativo vilalbés, ao estar situado nas aforas da vila, está lonxe dos servizos hospitalarios. Os expertos en cardiología aseguran que, en situación de parada cardíaca respiratoria, cada minuto que pasa sen atención diminúe nun 10% a probabilidade de supervivencia. As enfermidades cardiovasculares son a primeira causa de morte no mundo occidental e, entre elas, a morte súbita cardíaca, que tamén afecta aos meno-

res, ocupa un lugar destacado.

**PROVINCIA CARDIOPROTEXIDA.** A Deputación ten en marcha o programa Lugo, Provincia Cardioprotexida, unha iniciativa a través da que a institución provincial dota de Desfibriladores Semiautomáticos (DESA) aos 49 concellos que decidiron sumarse a esta iniciativa, e que leva aparelhada a formación necesaria a persoal municipal para o seu manexo.

A Deputación inviste nesta iniciativa 60.000€ para a contratación conxunta do subministro de desfibriladores, un por cada concello que decidiu adherirse a este proxecto, así como da formación para o seu uso.

## O PP acusa ao Goberno Local de abandonar á súa sorte a hostalaría de Vilalba

O Grupo Municipal do Partido Popular de Vilalba acusou de "grave irresponsabilidade do Goberno municipal por deixar tirado e abandonar á súa sorte ao sector da hostalaría, negándose a tomar iniciativa algunha de axudas directas e tentando culpar a outros da súa inutilidade e falta de acción".

Segundo indican a hostalaría local vén levantando a súa voz, reclamando axudas para paliar as gravísimas consecuencias derivadas da pandemia da covid-19, e singularmente do confinamento perimetral e o consecuente peche. "E a resposta do Goberno municipal é facer o xordo. Di solidarizarse coa situación, mais, como sempre, os feitos contradinse coas palabras xa que non fai nada". Indican que "néganse en redondo

a tomar ningunha medida de apoio específico e directo ao sector votando en contra dunha iniciativa presentada polo Partido Popular para elaborar un plan urxente de axudas directas".

Outra das queixas é que aprazaran ata o mes de febreiro ou marzo a adopción dalgunha liña de axuda e non darse por aludido de que o plan dos trinta euros deixa fóra á hostalaría. Iso si, seguramente pola vergoña de non facer nada, trata de botar balóns fóra, acusando á Xunta de Galicia de excluir á hostalaría de Vilalba das axudas ao sector. Pero tal escusa soa a desculpa de mal pagador.

De feito, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, lembrou que os hostaleiros de Vilalba poden acollerse ás tres liñas de axudas do



Un momento da manifestación de apoio á hostalaría en Vilalba

Plan de Rescate, unha de 30 millóns para autónomos, outra de 37 millóns para microempresas, e unha terceira, para a hostalaría que se encontre pechada, que ascende a 17 millóns de euros.

Por outra banda, Arias lembrou que o Igape publicou unha nova liña de axudas para reforma e adaptación de terrazas e instalación de toldos. Estas achegas poderán ser de entre 1.500 ata 25.000 euros de gasto subvencionable, a fondo perdido ata o

80%, e cun anticipo do 50% do importe da axuda sen garantía.

**XESTORA.** A presidenta da xestora do PP, Sandra Vázquez, adianta que a vindeira semana presentará o equipo que a acompañará neste órgano para recuperar a alcaldía nas vindeiras eleccións. Sandra Vázquez indica que este equipo "vai ir medrando pouco a pouco" e que estará "plena mente comprometido co partido que lle deu a Vilalba todo o que ten".

## Veciños de Vilapedre organizan un concurso de alumeado de Nadal

A asociación de veciños de Vilapedre, en Vilalba, volverá convocar este ano o concurso de alumeado de Nadal, que tivo a súa primeira edición o pasado ano. O obxecto do curso é animar a adornar as súas casas nestes tempos de covid. O alumeado deberá estar no exterior da casa.

O interesados en participar teñen de prazo ata o día 25 e o concurso levarase a cabo a través das redes sociais. Así, deberán subir ao Facebook tres fotos da decoración etiquetando á asociación. Deberán incluír o nome da casa e o barrio así como o título do concurso. Ademais dos *megustas* do público haberá un xurado para calificar os distintos candidatos cun sistema de puntos.

Todos os participantes recibirán un agasallo e haberá premios para as tres propostas máis votadas.

<p><b>MILAR ALBOSAT</b> tu tienda de electrodomésticos</p> <p>Avda. de Galicia, 42 27800 Vilalba (Lugo) Telf.: 982 510 501 655 470 030 info@albosat.es www.albosat.es</p> <p>Servicio propio de reparación</p> <p>Venta y reparación</p>	<p>LED JVC 55VU6900 ULTRA HD 4K</p> <p>449€</p>	<p>FRIGO AMERICANO - BEKO GNO4331XPN Luz LED Interior - Función ECO</p> <p>669€</p>	<p>PATINETE XIAOMI MI SCOOTER 1S E-ABS+Discos de Freno</p> <p>59€ 399€</p> <p>RIZADOR ROWENTA CF3702FO 50 CURLS ELITE</p>	<p>BATIDORA BOSCH MS61B6170 Con picador Cuchillas especiales</p> <p>59€</p>
--	---	---	---	---



## A Deputación investirá en crear un parque acuático na Madalena

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, anunciou unha achega de máis de 680.000 euros ao Concello de Vilalba para poñer en valor e ampliar as posibilidades de lecer da área recreativa da Madalena coa creación dun parque acuático.

José Tomé asinou para elo un protocolo de colaboración, a través do que a institución provincial se compromete a achegar en tres anualidades -entre este 2020 e o 2022-, o 80% do investimento total necesario para sacar adiante este proxecto, que ascende a preto dun millón de euros. O mandatario provincial explicou que este proxecto para renovar a área da Madalena "vai mellorar e ampliar o aproveitamento deste espazo fluvial dun xeito moi significativo. Supoñerá unha mellora nas opcións de ocio e deporte, non só para os veciños e veciñas de Vilalba, senón para os de toda a comarca da Terra Chá. Porque a Madalena vai ser, aínda máis, un exemplo de aproveitamento público e sostible dun espazo fluvial".

Esta iniciativa simplifica a xestión e o mantemento das infraestruturas desta área recreativa, sen perder de vista o enclave natural no que se atopa. Contará con tres piscinas: unha infantil de 0,45 metros de profun-



Visita de membros da Deputación á área recreativa da Madalena

didade, unha de natación para uso deportivo de 1,55 metros de profundidade máxima e outra recreativa cunha profundidade de 1,20 metros. No caso do vaso infantil, complementarase con surtidores de auga que potencien e estimulen os xogos nesa área.

**O PROXECTO.** Ademais, contémpase un edificio de servizos que estará semisoterrado nunha ladeira de tal xeito que a súa presenza non obstaculice as vistas ao río nin sexa obxecto disonante na paisaxe. Nesta infraestrutura integraranse os cambiadores, os aseos, a sala de socorrismo, un almacén e unha zona

para recepción. Habrá tres zonas para tomar o sol, situadas a carón das piscinas. A intención é que a transición dende a contorna da praia fluvial ao espazo propio das instalacións recreativas se conciba como un lugar único, integradas ambas nunha soa. Construírse unha rampla que comunique a cota superior da plataforma coa da praza onde se dispoñen os servizos propios da praia.

Pola súa banda, na zona sur, a parte arborada servirá como límite natural e como espazo de descanso de pavimento vexetal con zonas de sol e sombra, complementando os espazos de solarium que se prevén xunto ás piscinas.

## Fan unha análise do Camiño de Santiago

Un total de 455 elementos presentes na ruta xacobeá formarán parte do proxecto de acondicionamento do Camiño de Santiago ao seu paso polo casco urbano que está a elaborar o Concello de Vilalba. O tramo afectado é o comprendido entre a entrada do polígono empresarial e a Ponte Rodríguez.

O Concello está a estudar a situación dos edificios e da contorna e que se estableza unha serie de recomendacións para poder actuar. Este plan de acción contempla só actuacións en edificacións de titularidade municipal, e que nas propiedades privadas só se farán recomendacións.

Cada un dos 455 elementos

contará coa súa ficha, na que se analiza a situación de elementos arquitectónicos e naturais e de espazos públicos, recollen o grao de singularidade, a tipoloxía e o nivel de conservación, así como datos sobre aspectos negativos dos mesmos referidos ao cableados, iluminación, seguridade, e outros.

## Renovan o alumeado no Grupo La Paz e dúas rúas do centro da vila



Unha imaxe do cruce das rúas Cidade de Lugo e da Feira

O Concello de Vilalba dará continuidade ao seu plan integral de renovación do alumeado público coa instalación de luminarias de tecnoloxía LED en Grupo La Paz e as rúas Cidade de Lugo e da Feira. O proxecto xa recibiu o visto bo por parte do grupo de goberno, como paso previo ao seu paso polo pleno.

Para esta actuación, o concello recibiu unha subvención de 140.148,90 euros do Instituto para a Diversificación e el Ahorro de la Energía (Idae), dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica (o orzamento total dos traballos é de 175.000 euros).

As obras suporán a renovación de 141 puntos de luz e, grazas á tecnoloxía LED, o aforro enerxético será do 80%, rebaixando ademais de forma considerable a contaminación lumínica e as emisións de CO2.

"Levamos meses traballando na renovación do alumeado municipal, tanto no centro como nas parroquias, apostando pola tecnoloxía LED para cumprir todas as recomendacións da UE e dar

un mellor servizo aos veciños", explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas do Concello de Vilalba.

**OUTRAS INTERVENCIÓNS.** De feito, nas próximas datas sairá tamén a licitación a renovación do alumeado na zona de Campo de Puente e outras rúas próximas, tamén cunha subvención do IDAE (o instituto aporta o 80% dos 172.000 euros de orzamento). "Entre os dous proxectos, o concello conseguiu máis de 280.000 euros do IDAE, unha cantidade importante que nos permite afrontar estes investimentos", engade Fernández.

Nas últimas semanas, remataron por outra parte os traballos para a mellora da eficiencia enerxética e a posta en funcionamento do novo alumeado público no núcleo de Cotoriña, na parroquia de Insua, e no barrio de Buxibán, Codesido. O concello anunciou antes do verán as mesmas actuacións nas parroquias de Tardade, Gondáisque, Mourence, Distriz, Boizán e Santaballa.



**Con KÖMMERLING**  
*las inclemencias se quedan fuera*

**ALLPLAS**  
SISTEMAS DE VENTANAS

info@allplassistemas.es / Tel.: 982 209 505

**KÖMMERLING®**  
Sistemas de ventanas

**Ventajas de las ventanas con sistemas KÖMMERLING**

- Aislamiento térmico
- Aislamiento acústico
- Estanqueidad al agua
- Garantía de 10 años
- Ahorro de energía
- Materiales reciclables
- Mínimo mantenimiento
- Más de 100 colores





## O Pleno rexeita as mocións socialistas para amaño de camiños e axudas a autónomos

O Concello de Abadín tratou no último Pleno ordinario varios trámites administrativos e dúas mocións do partido socialista, que foron rexeitadas polos votos en contra do PP.

Na primeira moción, solicitábase o desbroce de camiños, pistas así como o seu mantemento ao que o Goberno, respostou "que non existe ningunha queixa veciñal e que se está a facer un correcto mantemento e desbroce dos camiños con medios propios e externos", explican.

O PP tamén rexeitou a proposta de establecer unha liña de axudas a autónomos. O PSOE lamentouse desta decisión e fixo referencia a unha entrevista neste medio onde Rancaño manifestou que si habería axudas.

Para os socialistas, "trátase dunha proposta con moito sentido común

ante a actual crise económica derivada da covid-19". Engaden tamén que "criticamos que o PP votase que non as nosas propostas levadas a Pleno sen practicamente agardar a ler as nosas propostas".

Por outra banda, a agrupación denunciou "o abandono que sofren os espazos verdes, así como a toda a rede de camiños municipais".

Advirten que nas parroquias de Fanoi, Labrada, Romariz ou Candia "calquera pode comprobar o lamentable estado das nosas pistas municipais. Hai falla de desbroces e mantemento dos viais". O mesmo ocorre coas pontes da vila "por exemplo na parroquia de Abeledo, hai unha ponte que leva 4 anos coas barandillas completamente esmagadas, e sen ningún tipo solución", denuncian.

## Arias supervisa os investimentos que realizou a Xunta este ano

A Xunta de Galicia achegou 272.800 euros ao Concello de Abadín para executar actuacións medioambientais no municipio, en concreto a mellora de accesos en seis parroquias e a adquisición de 67 contedores de residuos para distribuír noutras sete.

As accións realizadas consistiron no acondicionamento de vías en espazos naturais das parroquias de Romariz, Labrada, Moncelos, A Graña, Vilarente e Barancelle. Así, melloráronse os accesos a montes, terras de cultivo, explotacións gandeiras, lugares que albergan instalacións de enerxía renovables ou zonas forestais de produción de biomasa.

Así mesmo, tamén foron adquiri-



O delegado territorial, visitando as obras en Abadín

dos 67 contedores para ubicar en distintos lugares das parroquias de Castromaior, Cabaneiro, As Goás, Abeledo, Corvite, Monce-

los e A Graña, co que se logra que o equipamento destinado á recollida de residuos domésticos chegue a máis puntos de municipio.

## TSXG anula a aprobación do parque eólico de Sasdónigas

A sección terceira da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) acolleu o recurso interposto por dez particulares contra a aprobación definitiva do proxecto de Parque Eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, que abarca tamén terreos no Concello de Abadín. Os maxistrados declararon nulo o acordo do Consello da Xunta tomado en novembro de 2018 no que se deu o visto e prace á modificación do proxecto inicial do parque, que fora aprobado en 2012. Norvento,

a empresa promotora das instalacións, quería incluír un cambio de modelo de aeroxerador.

"Para que as modificacións dun parque eólico teñan o carácter de non esencial, deberán dispoñer de informe favorable do órgano ambiental respecto da proposta de modificación; e, no presente caso, aínda que existe, o documento non contén todos os informes sectoriais necesarios para valorar correctamente a incidencia ambiental da modificación proposta pola promotora", salienta o TSXG.

## Os Reis volverán entregar os tradicionais agasallos en Abadín

O Concello de Abadín prepara a programación de Nadal que contará este ano cunha representación dos Bolechas, que escribirán unha carta urxente aos Reis Magos, dirixido ao público familiar.

Trátase dunha representación de monicreques manipulados por actores que terá unha duración de 50 minutos. A representación terá lugar ás 17.00 horas no salón de actos do Concello o día 26 de decembro.

Tamén está prevista a visita dos Reis Magos, que sempre é o prato principal da programación de Nadal do



Concello de Abadín. Non haberá cabalgata para evitar concentracións de persoas pero si os Reis recibirán aos pequenos aínda que de forma diferente. Así a intención é que os pequenos acudan a visitar aos Reis en

diferentes franxas horarias dependendo da súa idade, aínda que non teñen definido como será. Aseguraron dende o Concello que todos os nenos recibirán o seu agasallo.

Por outra banda, o alcalde, José María López Rancaño, avanzou que haberá campamento infantil para os pequenos durante os días non lectivos para axudar a conciliar a vida familiar e laboral pero nesta ocasión non se permitirá, tal e como se fixo no verán, que asistan nenos que non estean empadroados co obxectivo de impedir os contextos de covid-19.

**PROMEDISA**  
SUMINISTROS MÉDICOS

### AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEEDIA

tienda@promedisa.com

@PromedisaLugo

Promedisa Ortopedia

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE

www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715  
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374



# PROGRAMACIÓN NADAL 2020/2021

<b>8 DECEMBRO</b> ACENDIDO DAS LUCES, APERTURA DO ZONA E POBOADO DE NADAL. INICIO DO II CONCURSO DE ESCAPARATES	<b>13 DECEMBRO 13:00H</b> AUDITORIO MUNICIPAL I ENCONTRO DE DIRECCION CON BANDA SINFONICA ASOC. MUSICO CRISANTO	<b>18 DECEMBRO 20:00H</b> AUDITORIO MUNICIPAL A COMPAÑEIRA DE PISO ADAPTACION "THE ROOMMATE" COPRODUCCION CO CENTRO DRAMATICO GALEGO	<b>20 DECEMBRO 20:00H</b> AUDITORIO MUNICIPAL DUO ESTRELLAS DUO ESTRELLAS LIGHT	<b>24 DECEMBRO 20:00H</b> PASARRUAS PAPA NOEL POR TODAS AS RUAS DA VILA
<b>25 DECEMBRO 20:00H</b> AUDITORIO MUNICIPAL MARIA DO CEO CAKETEADO DE FADO CONCERTO DE NADAL FADOS E FANXOLINAS	<b>26 DECEMBRO 16:00H</b> PRAZA CONSTITUCION OBRADOIRO DE SKATE GRUPOS DE 5 PERSOAS E MONITOR/A. PRESTAMO DE MATERIAL. MEDIDAS COVID CARPA ABERTA ENTRADAS PREVIAS	<b>26 DECEMBRO 18:30H</b> AUDITORIO MUNICIPAL RILO & PENADIQUE CONTOS DE NADAL	<b>26 DECEMBRO 20:00H</b> PRAZA CONSTITUCION SKATEPARK CARPA ABERTA 11:30 A 14:00 E 16:00 A 21:00H TODOS OS DIAS AGAS 31 DE DECEMBRO SO MAÑA E 1 DE XANEIRO SO TARDE	<b>27 DECEMBRO 18:00H</b> AUDITORIO MUNICIPAL GALA DE NADAL PRESENTADA POR FRAN RUIZ CON MAGO TETO DESASTRONAUTS TRUO DETRES
<b>28 DECEMBRO 20:00H</b> AUDITORIO MUNICIPAL CINEMA MIENTRAS DURE LA GUERRA	<b>29 DECEMBRO 20:00H</b> AUDITORIO MUNICIPAL CINEMA PARASITOS 18:00H OBRADOIRO DE SKATE PRAZA CONSTITUCION ENTRADA PREVIAS	<b>30 DECEMBRO 20:00H</b> AUDITORIO MUNICIPAL BANDA DE MUSICA DE VILALBA COA ORQUESTRA MALABARES	<b>2 DE XANEIRO 12:00H</b> PRAZA CONSTITUCION OBRADOIRO DE SKATE GRUPOS DE 5 PERSOAS E MONITOR/A. PRESTAMO DE MATERIAL. MEDIDAS COVID CARPA ABERTA ENTRADAS PREVIAS	<b>2 DE XANEIRO 18:30H</b> AUDITORIO MUNICIPAL PAKOLAS CORES, CONTOS E ROCK N ROLL CON RAHONA ORQUESTA NOVO LIBRODISCO
<b>3 DE XANEIRO 20:00H</b> AUDITORIO MUNICIPAL MONOULIOUS DOP BANDA DE ROCK GALEGO	<b>5 DE XANEIRO</b> VISITA DOS REIS MAGOS AS PARROQUIAS E DESFILE POLAS RUAS DE VILALBA	<b>7 DE XANEIRO</b> FALLO DO II CONCURSO DE ESCAPARATES		

## #culturasegura

- Usa sempre mascarilla
- No acceso aos recintos atoparás dispensadores de xel
- Mantén a distancia de seguridade (1,5m)
- Se tes síntomas de malestar, tose ou febre, queda na casa e chama aos servizos sanitarios
- Todas as actividades son de balde
- Apertura de portas 30 minutos antes do inicio de cada actividade
- Para todas as citas que se realicen no Auditorio Municipal e para o Obradoiro de Skate poderás reservar a túa entrada na web: [www.entradasvilalba.es](http://www.entradasvilalba.es) ou na Casa da Cultura, podes retirar un máximo de dúas entradas
- Os aforos serán numerados, inhabilitando as butacas que non se ocupen. A taquilla do Auditorio Municipal abrirá unha hora antes de cada función, e habilitarase a recollida de entradas no caso de quedar dispoñibles, ata completar o aforo. Se non quedan entradas dispoñibles, agardarase á hora de inicio, momento no que se comprobará se hai cadeiras sen ocupar, podendo entrar por orden de chegada as persoas que non teñan entrada previa. Ata completar aforo

# ESTE NADAL NON DEIXES DE MERCAR O TEU CAPÓN de VILALBA

ENTRA NA WEB [www.capondevilalba.com](http://www.capondevilalba.com) E PONTE EN CONTACTO COS PRODUTORES

TAMÉN PODES ACCEDER DENDÉ [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal)



## Instalan dispensadores de xel en locais públicos

O Concello das Pontes iniciou a instalación de varios dispensadores de xel hidroalcolíco en distintos espazos públicos do municipio co obxectivo de facilitar o cumprimento das recomendacións sanitarias e contribuír a conter a propagación da pandemia da covid-19 mediante a adecuada hixiene de mans.

Son un total de 10 dispensadores de xel hidroalcolíco, instalados nos colexios Santa María, A Magdalena, A Fraga, os institutos Castro da Uz e Moncho Valcarce, no conservatorio municipal, Escola Infantil Municipal A Barosa, no Mercado de Abastos así como nas entradas da piscina e polideportivo municipal, que contan cun depósito de xel de 10 litros de capacidade e actívanse con sensores, sen necesidade de contacto, ofrecendo ás persoas usuarias a dose precisa para a limpeza de mans. Ademais inclúen un espazo destinado ao depósito de Epis (máscaras e luvas).

Desde o Concello apuntan que “ante unha situación sanitaria



Un dos dispensadores

como a que estamos vivindo, a seguridade e a protección da cidadanía son unha prioridade do goberno local e esta medida responde ao noso compromiso de poñer en marcha, dentro das nosas competencias, calquera medida de prevención que poida contribuír a frear a propagación do virus”

A través destes dispensadores, a cidadanía terá acceso a xel hidroalcolíco que lle permitirá manter unha correcta hixiene de mans, favorecendo a súa desinfección, nos espazos máis transitados e concurridos da vila.

## Tramitación de multas

O pleno do Concello das Pontes aprobou por unanimidade, adherirse ao convenio asinado pola Fegamp e a Xunta de Galicia para a tramitación das sancións relacionadas cos incumprimentos das medidas relacionadas coa covid-19 que sexan de competencia municipal.

A través deste convenio o Concello das Pontes recibirá, por parte do

goberno autonómico, asistencia técnica e material para a tramitación dos procedementos sancionadores cando o incumprimento sexa no ámbito das competencias municipais, tales como as sancións por incumprir horarios, aforos máximos ou os controis de aglomeracións de persoas, para deste xeito axilizar o procedemento e reducir a carga administrativa.

## Comerciantes estrean unha plataforma de comercio on line

O Concello das Pontes, a través da Concellería de Comercio e Hostalería, e a Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses (Cohempo) puxo en marcha unha plataforma de comercio online, a través da que o comercio e a hostalería poderán poñer á venda os seus produtos e dar a coñecer os servizos que prestan.

Trátase dunha plataforma gratuita na que, dunha forma moi sinxela, os comercios e establecementos hostaleiros asociados a Cohempo, poderán poñer os seus produtos e servizos á venda en modalidade de repartición a domicilio ou recollida en tenda. Ademais a web conta cun espazo para establecementos non asociados nos que poderán publicitar os seus produtos e servizos.

“Aspontesmarket.es lánzase nun momento complicado para o sector e a través desta ferramenta queremos contribuír a mellorar a estabilidade nas vendas e, ao mesmo tempo, responder ao compromiso do goberno local por impulsar a dixitalización no comercio e a hostalería das Pontes, elemento esencial para ter un sector competitivo que xere riqueza e economía local e contribúa ao mantemento de postos de traballo” apunta Elena López, concelleira responsable da área.

Dentro da plataforma pódense atopar todo tipo de produtos e de negocios locais tales como comercios de moda, complementos, deportes, ópticas, centros veterinarios, panaderías, mercerías, centros de beleza, xogueterías, decoración e manualidades, telas e confección, electricidade, subministros industriais, maquinaria agrícola, librerías, lencerías,

talleres, motos, bicicletas, herboristerías, florerías, ferraxerías, axencias de viaxe, xoierías, alimentación e produtos locais como mel e queixo.

“Desde Cohempo tratamos de proporcionar apoio e asesoramento aos nosos asociados, estando durante estes últimos meses, moi pendentes dos mesmos así como das súas necesidades, proporcionándolles a axuda necesaria en todo aquilo que estaba

e está na nosa man. Contamos na actualidade con máis de 120 establecementos asociados pertencentes a distintos sectores. Por este motivo vemos moi importante por en marcha este tipo de iniciativas que apostan por a exaltación dos produtos locais e pola imaxe de pobo, ademais de abrir as tendas ás novas tecnoloxías”, apunta Montserrat Gastelu, presidenta de Cohempo.



Firma dos convenios con Cohempo e Seara no Concello

## Convenio con Cohempo e Seara

O Concello das Pontes firmou un ano máis os convenios de colaboración coa Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses (Cohempo) e coa Asociación de Empresarios Seara.

Cohempo, ó abeiro deste acordo, recibirá unha achega de 40.000 euros destinada ao financiamento de campañas de fomento de compras nos establecementos ponteses, á formación, ás actividades

de prevención fronte a covid-19, á creación da plataforma de comercio online Market Place así como a sufragar os gastos xerais derivados da súa propia actividade durante o ano 2020. Por outra banda, o Concello achegará 20.000 euros á Asociación de Empresarios Seara para cubrir os gastos derivados das actividades de asesoramento e consolidación de emprendedores así como outros gastos do polígono.





# O Concello documenta o paso do Camiño de Santiago pola vila

O Concello das Pontes iniciou un estudo sobre o patrimonio histórico da vila que lle permitiu documentar o paso do Camiño de Santiago polo municipio.

O traballo, levado a cabo pola empresa local Cultureume, permitiu constatar con claridade que a vila das Pontes foi un centro de peregrinos e nela existiu unha albergaría que recollía o tránsito de peregrinos que ían a Santiago de Compostela desde o norte de Galicia e ademais recibía a peregrinos do camiño francés procedentes de Mondoñedo e Viveiro.

Así, confirmouse que no libro de fábrica da parroquia de Santa María das Pontes existe unha referencia no ano 1716 á vila das Pontes como lugar de paso de moitos forasteiros que se atopan en "camiño santo" e tamén se puido documentar a existencia de dúas referencias explícitas ao camiño francés nunha descrición das propiedades diocesanas realizadas no ano 1617, con motivo da visita do bispo mindoniense Luís Tello de Olivares á vila. Asemade, comprobouse que estas referencias son compartidas por alusións dentro de outras parroquias da diocese de Mondoñedo Ferrol que apuntan claramente á existencia dun camiño denominado Camiño Francés no camiño real que une Mondoñedo con Ferrol e que pasa pola vila das Pontes de García Rodríguez.

Por outra banda confirmouse a existencia na vila, documentada desde o ano 1752, dun hospital de pobres, viandantes y peregrinos, situado dentro das murallas da vila, composto por unha habitación, unha adega e unha capela e para



Unha imaxe do hospital de San Xoán

o que se dispón de varias facendas aforadas para o seu mantemento. Neste traballo tamén se puido documentar que na igrexa parroquial de Santa María das Pontes, nas proximidades do hospital de peregrinos de San Xoán Bautista, foron enterrados, conforme consta no libro de defuncións parroquial, diversos forasteiros e peregrinos, que proveñen de diferentes lugares da costa cantábrica. No referido libro consta que un 12 de decembro de 1750 foi soterrado un home que conforme o seu traxe e diversos atributos era un peregrino francés.

**CAMIÑOS HISTÓRICOS.** O traballo tamén permitiu documentar a importancia da Vila das Pontes como punto estratéxico de tránsito de persoas desde épocas temperás e o levantamento de diversas pontes para cruzar o río Eume e facilitar o paso por diversos camiños reais que percorrían o municipio e que fixeron, que desde o século XII a vila fose coñecida como Pontibus

de Eume (As Pontes do Eume). O traballo apunta que o más sobranceiro dos camiños que atravesaba o municipio é o camiño dos Arrieiros, camiño que unía As Pontes co porto de Bares, e que percorre unha vía marcada por monumentos prehistóricos que dan mostra da súa antigüidade. Asemade, o traballo documenta que polo concello das Pontes tamén pasaban outros camiños de longo percorrido que deberon estar en uso na antigüidade tales como o Camiño Real da Graña a Castela, o Camiño Real de Mondoñedo a Ferrol (o camiño referido en documentación antiga como Camiño Francés) e o Camiño Real de Betanzos a Viveiro. Segundo o traballo elaborado polo Concello existiu tamén un camiño real que unía a Vila das Pontes coa Vila de Pontedeum, e que era paso para Ortigueira, Bares, Viveiro e Mondoñedo, e desde A Vila saía tamén un camiño que unía As Pontes con Betanzos a través do Val de Xestoso.

# O comité de empresa de Endesa cre que se está a facer unha reconversión encuberta

Responsables do comité de empresa de Endesa-As Pontes e do BNG mantiveron un encontro para analizar a situación do cadro de persoal unha vez iniciado o proceso de peche da central e, neste sentido, solicitan a comparecencia no Parlamento do conselleiro de Economía e Industrial, Francisco Conde, para que explique que accións está levando a cabo a Xunta para evitar a perda de centos de postos de traballo e xerar unha alternativa industrial.

"A día de hoxe, e pese ás promesas electorais de PP e de PSOE de aplicar nas Pontes unha transición xusta, o que estamos vendo é unha reconversión industrial encuberta na comarca de Ferrolterra, outra máis", denunciou a portavoz nacional, Ana Pontón, xunto co presidente do comité de empresa, Luís Pico.

"Ao final parece que a transición xusta consiste en elixir entre emigrar ou ir ao paro, é inaceptable porque esa non pode ser a alternativa para unha comarca xa moi castigada", criticou, tras sinalar que nas auxiliares comezaron os despedimentos e a propia Endesa empezou a comunicar traslados a outros centros fora de Galiza. Tanto os membros do comité como os nacionalistas consideran que si hai alternativas para minimizar o impacto do peche da térmica e pon propostas sobre a mesa. En primeiro lugar, salvar unha parte da central e o correspondente emprego utilizando biocombustibles ao 100% para manter unha parte da actividade. En segundo lugar, o peche da central supón deixar libres 1.400 MW que son propiedade da empresa estatal Rede Eléctrica, fundamentais para o sector eólico. Indican tamén que as



Factoría das Pontes

Pontes ten que beneficiarse dunha transición enerxética xusta, con recursos públicos que deben nutrirse de tres vías: fondo de descarbonización, orzamentos e fondo europeo de reconstrución, o denominado Next Generation, que ten entre as actuacións as enerxías renovables.

**CONCELLO.** Pola súa banda, o Concello manifestou o seu rexeitamento ao inicio do proceso de recolocacións posto en marcha por Endesa e o incumprimento dos compromisos adquiridos pola empresa en relación á asignación de novas prazas para todos aqueles traballadores e traballadoras que se vexan afectados polo peche da central térmica. A responsable de industria, Ana Pena, subliña que "non existe unha data de peche da central e Endesa xa asignou destino a 53 persoas, que deberán incorporarse aos seus novos postos de traballo en xaneiro". Por outra banda, o Concello amosou o seu apoio ao comité de empresa así como aos traballadores da central térmica en todas aquelas accións de demanda da paralización do proceso de recolocacións.

**Quesería Catadoiro**  
San Simón da Costa (Lugo)  
Vilalba - Lugo

**QUEIXO DE SAN SIMÓN DA COSTA**  
*Desexámoslles Bo Nadal!*

**Daniberto**  
Pude 2, San Simón da Costa, 27815 Vilalba Tel: 609 88 99 43 www.daniberto.com

**Fontelas**  
QUEIXERÍA  
Polígono Industrial Sete Pontes  
Rúa Macofeina, 41, 27800 Vilalba (Lugo)  
982 52 57 88 - 982 51 36 43 - 619 24 37 61  
www.fontelas.es info@fontelas.es

**Quesería Don Gabino**  
Augarrio, 10 - San Simón da Costa, 27815 - Vilalba (Lugo) www.dongabino.es

**PRESTES**  
QUESERÍA  
Pol. Industrial Sete Pontes, Parcelas 49-50, 27800 Vilalba (Lugo)  
Tenda: Rúa Valeriano Valdeuso 4, 27800 Vilalba, Lugo.



## A ITV de turismos acudirá a final de ano

A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará entre os días 28 e 30 de decembro no Concello das Pontes, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre 9:00 e 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 agás os días que coincidan venres, que serán só pola mañá.

A unidade estará situada na rúa 8 de Marzo.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com).

## Abre o proceso para unha listaxe de espera de persoal administrativo

O Concello abriu o proceso selectivo para a constitución dunha lista de espera (segunda lista complementaria) de persoal administrativo da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo C1, na modalidade de concurso-oposición, en quenda libre.

As persoas aspirantes deberán reunir, entre outros, os seguintes requisitos; ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa; estar en posesión ou en condición de obter na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes a titulación de bacharel, Formación Profesional de 2º grao ou titulacións equivalentes ou superiores que habiliten para o acceso á praza convocada, posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións do posto, non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das autonomías e estar en posesión da titulación de lingua galega seguinte: Celga 4, certificado do nivel de perfeccionamento, ou equivalente.

As solicitudes, xunto coa documentación xustificativa dos méritos que se valorarán na convocatoria poderán presentarse no Rexistro Xeral do concello en horario de 8.30 a 14 horas (de luns a venres), cita previa nos números de teléfono 667 12 93 89/667 12 93 80 desde o 16 ao 30 de decembro, ambos días incluídos. Tamén poderán presentarse por calquera dos medios admitidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

# Comeza a construción dunha rotonda na avenida de Ortigueira

O Concello iniciou as obras de construción dunha rotonda na avenida de Ortigueira, na súa intersección coa rúa Ourense. Esta glorieta, que será rebasable para evitar problemas en caso de paso de vehículos de grandes dimensións, permitirá darlle maior fluidez ao tráfico rodado, reducindo o tempo de espera dos vehículos que circulan por ambas vías ao tempo que se mellora a seguridade viaria, rodada e peonil, nun cruzameto con moita densidade de circulación e pouca visibilidade.

A rotonda terá unhas características similares a outras glorietas creadas en viarios con rasgos moi parecidos, será rebasable para permitir o paso dos vehículos máis longos e pesados. Os traballos consistirán na construción dunha rotonda e na reposición das marcas viarias e a colocación de nova sinalización vertical. A intervención custearase con fondos procedentes das arcas municipais.

**MELLORA DE PAVIMENTOS.** A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes aprobou o expediente de licitación da primeira fase das obras de mellora de pavimentos e servizos da avenida de Ortigueira, no tramo



Unha vista da avenida de Ortigueira, donde se fará a rotonda

comprendido entre a avenida de Villalba e a rúa do Concello.

O proxecto cun orzamento de licitación de 140.382,28 euros a cargo da Deputación da Coruña, permitirá a eliminación do desnivel existente entre a estrada e as beirarrúas así como a mellora dos servizos de iluminación e saneamento.

Entre os traballos previstos inclúense o retranqueo dos farois e sinais de tráfico existentes, a demolición da beirarrúa e o bordo así como a demolición e o fresado do firme existente, o recrecido de pozos de rexistro e o varrido da superficie viaria.

O afirmado da zona de rodadura e aparcamentos realizarase mediante formigón bituminoso cun acabado impreso e a beirarrúa peonil realizarase con baldosa prefabricada de cor. Procederase, así mesmo, á instalación de sumidoiros e a separación da rede de pluviais da rede de saneamento. En canto á instalación de iluminación inclúese a execución de arquetas, da canalización eléctrica, a tirada de cable eléctrico, colocación de novas luminarias e a retirada dos farois existente ademais, nos pasos de peóns instalaranse captafaros LED e sinais de paso luminosas.

## A vila das Pontes intégrase na Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030 da Femp

O Concello das Pontes acordou, por unanimidade, durante unha sesión plenaria extraordinaria urxente, a adhesión á Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030 da Federación Española de Municipios e Provincias. A concelleira responsable da área de Turismo, Elena López, sinala que "o grupo de goberno local ten o compromiso firme de traballar para fomentar a sensibilización no coidado da contorna, na sustentabilidade medio ambiental e os valores de igualdade que garantan un futuro mellor á cidadanía. A adhesión a esta rede constitúe unha gran oportunidade para traballar e sumar esforzos para combater a desigualdade na esfera ambiental, económica e social". Con este acordo, o Concello das Pontes comprométese a adoptar a axenda 2030 de Nacións Unidas,

así como mobilizar os medios oportunos para a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, elaborando unha estratexia para a implementación da Axenda 2030 no concello, de maneira coordinada e transversal entre todas as áreas municipais.

Ademais o goberno adquire o compromiso de promover alianzas con outros territorios, administracións e organizacións para fomentar a cooperación na implementación da Axenda así como facilitar información, difusión e sensibilización sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) entre os veciños e veciñas das Pontes para que contemplan que a Axenda é cousa de todas e todos, estimulando a que participen activamente na implementación da Axenda 2030 no municipio.

## O Concello aposta nas feiras pola seguridade alimentaria

A Concellería de Comercio aposta pola seguridade alimentaria no mercado dos sábados e feiras quincenais como medida para facilitar, ás agricultoras e agricultores do municipio e da comarca, a venda directa da súa produción ás persoas consumidoras e, ao mesmo tempo potenciar a economía local. Así, a comezos do 2020, púxose en marcha unha mesa de traballo, para analizar as necesidades e coñecer as demandas do sector así como ofrecer asesoramento sobre a normativa de venda directa. Así, iniciaron unha campaña para promover a inscrición na sección de venda directa (Sevedi) do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) para dar cobertura legal á actividade. Na actualidade son 12 os produtores e produtoras locais rexistra-



Feira das Pontes

das neste rexistro que garante a seguridade dos produtos en todo momento, axudando ao control e resolución de calquera posible incidencia. Cada produtor rexistra de forma individual cada venda, anota o tipo de produto que vende, a cantidade, o lugar; datos que permiten manter un control sobre as súas vendas e garantir a seguridade dos seus produtos.

**O gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Bajo  
27800 Vilaalba (Lago)  
Tel. 982516550

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**  
Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas  
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES  
**SEOANE**  
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



## As Pontes aumenta o orzamento actual en 3,5 millóns de euros

O Concello das Pontes aprobou por unanimidade durante unha sesión plenaria extraordinaria urgente, un expediente de crédito extraordinario, por valor de 3.564.549,66 millóns de euros, que permitirán aumentar o orzamento local para contribuir á reactivación económica do municipio e afrontar a crise provocada pola covid-19, cun aumento do investimento en obra pública, enerxías renovables, formación e desenvolvemento de chan industrial.

Así, o Concello das Pontes investirá 1,7 millóns de euros na execución de diferentes obras públicas entre as que destacan a instalación de equipamentos infantís no parque municipal, as obras de instalación de iluminación na zona interior do parque Lesneven, a mellora da seguridade viaria na rúa Monte Medulio, as obras de mellora na entrada do Ceip A Fraga, no cruce da Avenida vda Habana e Rúa Doutor José Varela González, así como a mellora de pavimentos nas rúas Ourense, Rosalía de Castro e A Constitución e a mellora viaria no tramo comprendido entre avenida da Habana, o Poboado do Barreiro e polideportivo municipal.



Unha vista do Concello das Pontes

**PROXECTOS.** Mediante este crédito o Concello tamén ten previsto executar a mellora do acceso peonil ao lago, a substitución do Punto de Información Turística, a mellora e substitución cerramento do Lago e o mantemento e mellora da sinalización horizontal en vías urbanas xunto co mantemento dos parques infantís municipais.

Ademais na contorna rural levará a cabo a construción zona multideportiva ao aire libre en Bermui, o acondicionamento e mellora do parque infantil de Ribadeume, o acondicionamento do edificio municipal da AAVV A Faeira, a rehabilitación e pintado das fachadas no edificio municipal da antiga escola de Ribadeume,

a creación dun portal de entrada ao lago na Esfarrapa e a execución dos asfaltados nos viarios da Poupariña, Tras a Serra, Suarriba e Ferreria, entre outras actuacións.

Por outra banda, destinarán unha partida económica de 144.000 euros á formación para persoas desempregadas co obxectivo de contribuir a mellora a súa empregabilidade e facilitar a súa incorporación ao mercado laboral, atendendo ás demandas do tecido empresarial local.

Finalmente, irán 300.000 euros a estudos e traballos técnicos para a promoción de chan industrial no Tesouro, Portorroibo e Codesas e unha partida de 609.112,73 euros a investimentos en enerxías renovables.

## Aprobada a creación dunha residencia de saúde mental na vila

A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes aprobou de forma provisional, o Plan de Infraestruturas e Dotacións que permitirá creación dunha residencia de saúde mental no municipio.

A través deste procedemento, transformarase unha parcela de solo rústico a equipamento sanitario asistencial de carácter privado, delimitando o espazo para a nova infraestrutura e establecendo e ordeando as infraestruturas relativas aos sistemas de comunicación e transporte, á subministración de enerxía, así como á rede abastecemento e de evacuación de augas residuais, xunto coas medidas precisas para a axeitada integración e protección da contorna, garantindo a súa funcionalidade e accesibilidade universal.

Este documento, tras a súa aprobación por parte da Consellería de Medio Ambiente, permitirá continuar cos trámites necesarios para a concesión da licenza para a construción dun novo equipamento sanitario, de interés xeral, de 1.000

metros cadrados e capacidade para 25 persoas.

Este será o segundo complexo residencial para persoas con enfermidades mentais que existe na provincia da Coruña e o concelleiro de Urbanismo, Antonio Alonso, apunta que “esta residencia, promovida pola Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal, que contará coa financiación do Concello das Pontes para a súa construción, ten un carácter inclusivo e social de primeira orde, orientado a mellorar a calidade de vida dun colectivo con necesidades de atención especializada, aumentando a súa calidade de vida proporcionando, ao mesmo tempo, un importante alivio familiar ás persoas cuidadoras”.

O edil tamén sinala que “a posta en marcha deste centro potenciará a economía, impulso vinculado non só á construción da residencia senón tamén a súa posta en marcha, estimándose en 20 o número de postos de traballos que se xerarán”.

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
[alfoz@hijosderamonrubalsl.es](mailto:alfoz@hijosderamonrubalsl.es)

# HR

*Hijos de  
Ramón Rubal*

# 982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

# COMPRAMOS MADERA

## PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA  
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL



## MELLORANDO AS PONTES

# O Concello remata obras en todo o núcleo urbano

## O Pleno aproba investimentos adicionais por valor de 3,5 millóns de euros

O Concello das Pontes aprobou un expediente de crédito extraordinario, por valor de 3.564.549,66 millóns de euros co obxectivo de contribuír á reactivación económica, con investimentos adicionais en obra pública, enerxías renovables, formación e desenvolvemento de chan industrial.

Así, o Concello das Pontes investirá 1,7 millóns de euros na execución de diferentes obras públicas entre as que destacan a instalación de equipamentos infantís no parque municipal, instalación de iluminación na zona interior do parque Lesneven, a mellora da seguridade viaria na rúa Monte Medulio, a mellora na entrada do Ceip A Fraga, no cruce da avenida da Habana e rúa Doutor José Varela González, así como a mellora de pavimentos nas rúas Ourense, Rosalía de Castro e A Constitución e a mellora viaria no tramo comprendido entre Avenida da Habana, o Poboado do Barreiro e polideportivo municipal. Mediante este crédito o Concello das Pontes tamén ten previsto executar a mellora do acceso peonil ao lago, a substitución do Punto de Información Turística, a mellora e substitución cerramento do Lago e o mantemento e mellora da sinalización horizontal en vías urbanas xunto co mantemento dos parques infantís municipais. Ademais puxéronse en marcha numerosas obras.


**RÚA CABANAS.** Outra das obras en iniciarse foi a mellora do

abastecemento da rúa Cabañas, un proxecto cun orzamento de 47.092 euros, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA).

Entre as actuacións previstas inclúese a reposición da actual liña de fibrocemento que descorre pola marxe esquerda da rúa, así como a reposición do pavimento, tanto de beirarrúa coma de calzada.

**CAL DA AVELAÍÑA.** Empezaron tamén as obras de construción de dúas beirarrúas para mellorar o acceso ao parque infantil e o parque biosaudable ubicado na controna da Cal da Avelaíña. Unha actuación cun orzamento de 13.552 euros que se executa con fondos municipais. No caso do acceso ao parque biosaudable realizarase desde a rúa Xeranio. Mellorouse igualmente o acceso ao parque infantil conectando esta nova entrada mediante un acceso que comunica a beirarrúa existente coa porta de entrada ao parque.

**PRAZA DA MAGDALENA.** Tamén quedou lista a praza da Magdalena tras a finalización das obras de reurbanización deste espazo público e a súa contorna. Os traballos, realizados con fondos propios, cun orzamento de 234.724,56 euros, tiveron como obxectivo prioritario recuperar o espírito orixinal da praza e o seu carácter como punto de encontro dos veciños e as veciñas, mediante a creación de zonas verdes, unha área de xogo



infantil e a renovación dos servizos públicos.

**ANTONIO MACHADO.** Tamén se acometeu un tramo do saneamento da Rúa Antonio Machado, na súa marxe impar. O proxecto, cun orzamento de 41.935 euros, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA 2020) permitirá a renovación da actual rede de saneamento que ademais de cambiar a tubaxe implica conectala ao final a un pozo na intersección coa rúa Rego do Campo.

**AVENIDA DE GALICIA.** O Concello das Pontes deu por concluídas as obras da terceira fase da rehabilitación da avenida de Galicia, no tramo comprendido entre a praza do Hospital e a ponte Isabel II, coa apertura do viario ao tráfico rodado. O proxecto, financiado pola Deputación da Coruña, cun orzamento de 227.563,67 euros, permitiu darlle continuidade ao proxecto de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade do centro urbano, tras a renovación da praza do Hospital e as obras

da primeira fase e segunda fase da avenida de Galicia. Os traballos levados a cabo permitiron eliminar o nivel existente entre a estrada e as beirarrúas, substituír a capa de rodadura existente por aglomerado impreso. Ademais, o proxecto incluíu a mellora da iluminación coa execución dunha nova canalización eléctrica, a instalación de arquetas e o retranqueo das luminarias para realizar unha nova disposición ao tresbolillo así como a instalación de captafaros led nos pasos peonís. Así mesmo acometeuse a renovación da rede de saneamento en ambas marxes, instaláronse novo mobiliario urbano (papeleiras, xardineiras e bancos) e a sinalización completa do tramo.

**AVENIDA HABANA.** Outras obras que remataron foron as de mellora e modernización dos servizos básicos municipais na avenida da Habana, no tramo comprendido entre a praza do Hospital e a rúa Monfero. O proxecto, financiado na súa totalidade pola Deputación da Coruña, cun orzamento de 170.818

euros, tiña como obxectivo mellorar estrutural e esteticamente a zona para crear un maior estado de benestar á veciñanza.

Os traballos permitiron a execución dunha nova rede de recollida de augas pluviais separativa nas dúas marxes da rúa.

As obras tamén incluíron a substitución das luminarias existentes por novos puntos con tecnoloxía LED. A nova iluminación pública instalouse sobre báculos dobres, cun punto de luz sobre a estrada e outro de paso para a beirarrúa. Así mesmo procedeuse á renovación das beirarrúas homoxeneizando a estética de todas as rúas do centro urbano, apostando pola eliminación das barreiras arquitectónicas nun proxecto de pobo máis funcional, no que toda a veciñanza poida moverse sen dificultades.

Os traballos completáronse, coa renovación da capa de rodadura do vial, a instalación de mobiliario urbano e coa sinalización horizontal e vertical precisa.

**RÚA CASILLA.** Remataron así mesmo as obras de rehabilitación da rúa Casilla. Un proxecto, cun orzamento de 86.491 euros, financiado pola Deputación da Coruña. Esta actuación permitiu substituír a pavimentación por formigón impreso e a accesibilidade na marxe dereita do viario, entre as rúas Eduardo Pondal e a praza da Lembranza ademais da renovación servizos públicos municipais, como o saneamento. Así mesmo, retiráronse as luminarias situadas nas fachadas e instalouse novos báculos con tecnoloxía LED.

**CONCEPCIÓN ARENAL.** As obras de mellora da rúa Concepción Arenal, un proxecto cun orzamento de 23.020 euros, financiados a través de fondos propios, chegaron ao seu fin na mellora da pavimentación e a accesibilidade. Entre os traballos realizados destacan a renovación da capa de rodadura, o arranxo de fochancas, o levantamento da cota dos sumidórios, a reparación dos bordos e a reposición da sinalización horizontal.

**ROTONDA.** Unha das obras desta tempada foi a construción dunha rotonda na avenida de Ortigueira, na súa intersección coa Rúa Ourense.





## VIDA RURAL

## Unha aposta polas parroquias

O Concello das Pontes apostou dende o inicio pola zona rural facendo chegar as melloras a todas as parroquias en dous eixos principais, as melloras das vías e a dotación de servizos.

**CAMIÑOS MUNICIPAIS.** O Concello das Pontes leva intervindo durante todo ano en varias zonas para mellorar os camiños e doatar de comodidade e seguridade todas elas. Unha das intervencións foi no vial que une Pontoibo con Marrazón, ampliando a plataforma en 50cm.

Este proxecto, así como moitos outros, forma parte do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Tamén permitiu a rehabilitación dos viarios en Terzá e o Cornocelo, obras con orzamento conxunto de 58.617 euros.

Tamén se realizaron obras de mellora do asfaltado das estradas de Chao e Vilarmouro, nas parroquias de Ribadeume e o Freixo.

As actuacións, cun orzamento de 35.990 euros e financiadas pola Deputación da Coruña.

Tamén en obras estivo Porto do Liño, na parroquia pontesa da Faeira. Este proxecto, financiado pola Deputación da Coruña e cun orzamento de 30.990,93 euros, permitiu a rehabilitación do camiño municipal.

Tamén se incluíu a reparación e mellora de firme en Fragas dos Cregos, O Pazo, Murazoso, Cascalisto, Pedrafita, O Ruño, Badón, Gañidoiras e Somede, Pontoibocovelo, Caneiro, Casas Ermas e Bidueiro.

Outras das zonas onde se actuou foi nas parroquias do Freixo, Ribadeume e Santa María por 106.000 euros; en vías municipais das parroquias de San Xoán do Freixo e Santa María das Pontes, nos camiños A Rega, Pazos e Mariñao.

Na parroquia do Freixo, o proxecto de rehabilitación do camiño da Rega, no tramo comprendido entre a Cruz da Rega dos Francos ata o cruce do camiño que leva ao núcleo do Vilar.

No caso do Camiño de Pazos está prevista a reparación dun tramo de case un quilómetro, en dirección ao núcleo de poboación. Na parroquia de Santa María de As Pontes, no Camiño do Mariñao procederase á rehabilitación do firme reparando as fochas existentes, limpando as marxes do vial e recrecendo con aglomerado asfáltico toda a superficie de actuación. Acometeranse traballos tamén en estradas en Vilarmouro e Chao, nas parroquias do Freixo e Ribadeume.

**ESPIÑAREDO.** O Concello das Pontes deu por finalizadas as obras de mellora do sistema de saneamento en Espiñaredo, cun orzamento de 42.500 euros, provintes de fondos municipais. Consistiron na execución da prolongación do colector conectado ao pozo existente, cruzando o vial AC-110, para o que foi preciso realizar unha perforación horizontal dirixida desde o pozo de rexisto de entrada ata unha fosa séptica con tratamento de augas residuais.



**ABASTECIMENTO.** Tamén no capítulo de servizos, a Xunta de Goberno Local aprobou a licitación das obras de substitución do sistema de bombeo para mellorar a eficiencia e rendemento do abastecemento municipal, uns traballos cun orzamento de 56.525 euros e que serán financiados a través da achega provinte do Fondo de Compensación Ambiental (FCA 2020).

No embalse da Ribeira, procedeu-se á substitución e adaptación da

caldeirería existente mediante a renovación dos colectores de aspiración e impulsión do grupo que abastece dende o embalse, á renovación da instalación eléctrica e a montaxe dun variador de frecuencia que permita adaptar a potencia entregada según a demanda da ETAP mellorando a eficiencia enerxética e reducindo o consumo anual cun aforro de 70.000€ ao ano, así como o aumento da vida útil dos equipos desta Estación de Bombeo.

## INFAESTRUTURAS MUNICIPAIS

## Investimento en instalacións deportivas e parques

Outra das áreas onde leva traballando o Concello das Pontes é nos edificios de uso municipal.

**PISCINA MUNICIPAL.** O Concello tamén está inmerso nas obras de renovación da piscina municipal. Así, crearase nos vestiarios unha zona de cambio só para nenos, a sala de máquinas do ximnasio reubicarase no primeiro piso, executarase un espazo, independente ao vaso da piscina, e procederase á instalación dun sistema de ventilación.

No andar do piso, crearase unha zona de duchas de contraste e un espazo terapéutico, complementario á sauna existente. Haberá unha zona de agarda e mellorarase a accesibilidade en todo o edificio.

**POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.** O Concello recibirá 634.417 euros para reformar o pavillón polideportivo municipal permitindo a mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica mediante a reforma dos seus peches a través de actuacións en fachadas, cuber-

tas e chans así como a reforma das instalacións de iluminación interior e a produción de enerxía aerotérmica para calefacción, agua quente sanitaria (ACS) e a refrixeración do edificio. Tamén se puxo en marcha o proxecto de rehabilitación e conservación do pavillón do colexio público A Magdalena.

Estes traballos permitirán acondicionar un espazo que é empregado como instalación deportiva do centro educativo pero tamén para o desenvolvemento de diversas actividades deportivas promovidas polo Concello.

As obras están dirixidas a rehabilitar a cuberta desta instalación para, deste xeito, mellorar a saúde e as condicións de illamento térmico. Tamén se procederá á substitución do actual teito do ximnasio, suspendido na zona da pista polideportiva, para instalar un panel sándwich con illamento interior. Así mesmo, procederase á rehabilitación da fachada do ximnasio, actuando tanto na parte frontal como na cega. Ademais, o Pleno do Concello das

Pontes aprobou por unanimidade, o proxecto a rehabilitación da cuberta, fachada e pavimento no polideportivo do antigo colexio Monte Caxado e a declaración da súa singularidade. O proxecto, valorado en 228.800 euros, permitirá a rehabilitación do tellado para mellorar a saúde e as condicións de illamento térmico. Ademais rehabilitarase gran parte da fachada para mellorar tamén as condicións de illamento térmico e sanitario do pavillón polideportivo así como a súa iluminación natural. O proxecto tamén contempla a renovación do pavimento na pista, adaptado ás demandas das diferentes disciplinas deportivas que se practican nesta instalación. Substituirase, así mesmo, a iluminación actual da zona deportiva por tecnoloxía LED.

**XOGOS.** Tamén realizaron as obras de reparación e mellora da área de xogos infantís da rúa Covelos, nas Campeiras coa restauración dos elementos deteriorados e a dotación dun novo elemento de xogo.



Entre os traballos previstos tamén se atopan a reposición do valado de seguridade, delimitando todo o perímetro e a colocación de portas de acceso e elementos de sinalización. As obras completaranse coa aplicación no chan dunha capa de caucho continuo.

**EDIFICIO MULTIUSOS.** Acometerán tamén a rehabilitación do inmovible situado no número 3 da rúa da Igrexa, no casco vello do municipio,

co obxectivo da creación dunha aula taller e un ámbito multiusos. Levarase a cabo unha rehabilitación integral da edificación que contempla a instalación de todos os elementos necesarios para dotar ao edificio de electricidade, iluminación, telecomunicacións, evacuación de residuos e recollida de pluviais así como de ventilación, fontanería, calefacción e climatización, apostando por sistemas que potencien o aforro e a eficiencia enerxética.





O alcalde de Friol, xunto á conselleira de Medio Ambiente

## O Concello pavimenta unha vía en Roimil e accesos en Miraz

O Concello de Friol vén de anunciar o investimento duns 200.000 euros en dous proxectos de pavimentación, concretamente da vía de Roimil a Silvela e os accesos a núcleos en Miraz.

A primeira obra trátase do proxecto de Pavimentación de vial Roimil-Silvela, adjudicado á empresa Francisco Gómez y Cía SL. O segundo é o de Pavimentación de accesos aos núcleos de Miraz, Devesa, Portolamas e A Baña, adjudicada á empresa Adecobras y Servicios SL. A execución de estas dúas obras suman unha inversión de case 180.000 euros.

Ambos proxectos son contratos que se financiarán con cargo ó Plan Único da Deputación.

“Son dous proxectos de gran importancia para a poboación de Friol, xa que se trata de realizar melloras e mantementos de vías e accesos municipais das parroquias de Roimil, Silvela e Miraz”, di o al-

calde que tamén explicou que as vías e accesos referidos están en malas condicións de transitabilidade, debido, entre outras cousas, ás condicións normais do tráfico, ó paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, ás condicións atmosféricas e ó paso dos anos. “Debido a isto resulta complicado o paso de vehículos en algunhas zonas. Todas estas actuacións levan consigo unha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio”.

Para o equipo de Goberno isto é algo de vital importancia e no que traballan cada día e como di o seu alcalde Jose Ángel Santos “estas actuacións levaranse a cabo para intentar facilitar os desprazamentos de vehículos e maquinaria no día a día dos veciños e veciñas do noso municipio, e tamén facilitar os accesos a aquelas persoas que queiran vir a visitarnos ou coñecernos”.

## O Servizo de Atención Temperá atende a 20 familias da comarca

A conselleira de Política Social, Fabiola García, destacou que os orzamentos do vindeiro ano multiplican por sete o investimento na rede galega de atención temperá en comparación co que se destinaba a este fin en 2009, ata chegar aos 3,4 millóns de euros. Este reforzo económico supón un incremento do 5% con respecto ao presente exercicio e permitirá incrementar nun 30% estas unidades especializadas en toda Galicia, que pasarán das 27 actuais ás 35.

Fabiola García aportou estes datos na visita que fixo a este servizo en Friol, que está en funcionamento desde o pasado mes de setembro e que este municipio comparte con Begonte, Rábade, Guntín e Palas de Reis. No percorrido polo centro, ao que acoden as familias dunha vintena de nenas e nenos, tamén participou o delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias Fouz.



Visita da conselleira de Política Social ás instalacións de Friol

A titular de Política Social fixo fincapé na importancia da atención temperá cando se trata de atallar trastornos de desenvolvemento en nenas e nenos de 0 a 6 anos, e acadar que gañen en autonomía. Ao respecto, dixo que en unidades como a de Friol os pequenos reciben unha atención de calidade por parte de profesionais

de primeira que os axudan a que se poidan desenvolver naqueles aspectos das súas vidas diarias que lles resultan máis complicados.

A conselleira apuntou que a Xunta, os Concellos e a Asociación Galega de Atención Temperá levan anos apostando por este modelo de prevención que chega a 129 municipios.

## O Reis Magos visitarán aos nenos pero este ano porta a porta pola covid-19

Están a punto de chegar unhas datas moi especiais para a poboación infantil e este ano por motivo do xa tan coñecido coronavirus, non se vai poder desfrutar do Nadal “como nos gustaría e como viñamos facendo en anos anteriores”, din no Concello.

“Para intentar compensar un pouco todo o esforzo, implicación, paciencia e sentidiño que puxeron os máis novos”, o Concello de Friol quere traer un ano máis ós Reis Magos ó

seu pobo. Pero como a Festa de Reis que facían estes anos o día 5 de xaneiro, non sería de todo segura, decidiron citar ás súas Maxestades de Oriente en cada domicilio, para que todos os nenos os poidan ver de preto e poidan facerlles entrega da tan prezada carta, onde contan todos os seus desexos que lles piden para esa noite tan especial, a Noite de Reis. Ademais de recoller as cartas, os tres Reis Magos farán entrega dun aga-

sallo co que o Concello “quere compensar, na medida do posible, este ano tan duro para todas as familias, e en especial para os veciños e veciñas máis novos”.

O equipo de Goberno dirixido por Jose Ángel Santos considera necesario “non esquecerse dos máis novos do pobo nun ano tan difícil, e con esta medida quere que non perdan a ilusión por estas festas e pola chegada dos Reis”.





# O Concello de Friol inaugura un innovador centro colaborativo

O Concello inaugurou o centro colaborativo para o impulso económico e tecnolóxico do municipio, para o cal destina 295.000 euros para a súa posta en marcha. Este innovador centro ten como obxecto potenciar a promoción económica así como poñer ao alcance de todos os veciños o uso das novas tecnoloxías.



Exterior do novo centro colaborativo

Durante o acto de inauguración descubriuse unha placa na honra dun dos personaxes máis destacados da provincia, o escritor, filósofo, ensaísta e intelectual Celestino Fernández de la Vega, coñecido como Cilistro. Participou no acto o seu fillo Alberto, o cal se mostrou agradecido pola iniciativa do Concello, de dedicar un edificio á figura do seu pai.

O obxectivo deste centro é poñer a disposición de toda a poboación un espazo adaptado ás necesidades actuais para a prestación de servizos económicos e formativos, con puntos de acceso TIC, para suplir as deficiencias detectadas no municipio. O centro Colaborativo está ubicado anexo ao centro sociocultural, co ánimo de coordinar as actividades de ambos centros e poder realizar unha oferta tanto formativa como

recreativa, cultural e de servizos sociais á poboación, conxunta e coordinada, que se espera poder ampliar de cara ao próximo ano.

Para a posta en marcha de este centro, cunha inversión de 295.000 euros, fixo falta unha axuda da Agader dentro do marco do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020, a través do Programa Leader, por un importe de 160.000 euros. Tamén foi precisa a demolición do antigo edificio do Punto de Atención a Infancia e a construción dunhas novas instalacións. Proxectouse un centro cunha superficie útil de 160m<sup>2</sup>, dunha soa planta e con dúas zonas inde-

pendentes, unha para formación e outra para usos e servizos xerais.

Para iniciar as súas actividades, xa se encontra instalada unha aula de formación e de informática, para dar acceso a un programa de formación online non regrada flexible e con tutorización personalizada.

Tamén están en marcha diferentes actuacións, entre outras un programa de economía social para dar apoio ás entidades de economía social do municipio e fomentar as mesmas, o asesoramento a pequenas e medianas empresas en materias relacionadas coas necesidades xurdidas ao fío do escenario covid.

# O CPI Doutor López Suárez mellora a súa eficiencia enerxética

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, desprazouse a Friol para comprobar as obras de reforma que se están levando a cabo no Centro Público Integrado (CPI) Doutor López Suárez.



Visita do delegado territorial da Xunta ao centro educativo

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade destina 665.000 euros aos traballos no colexio, que contemplan reformas interiores como a redistribución da zona de oficinas, a habilitación dunha sala para reunións coas familias ou a ampliación da área de almacenaxe da biblioteca. Tamén se instalan falsos teitos, púlese o pavimento, substitúense portas e píntanse os paramentos, entre outras tarefas. No que atinxe á mellora da eficiencia enerxética, procédese á substitución de chapa de cuberta por panel sandwich con illamento intermedio de poliuretano no edificio 1, así como o illamento polo exterior mediante

sistema SATE, realizado con placas de illamento térmico de poliestireno expandido EPS, nos edificios 1 e 2. Igualmente, colócanse novas fiestras con carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisor e persianas con illante térmico. Cámbianse as luminarias dos dous edificios por equipos LED con regulación lumínica e detec-

tores de presenza en zonas comúns. A maiores, mellórase a accesibilidade a través da construción de dúas ramplas, unha en cada un dos accesos á planta baixa do edificio 2.

Arias sinalou que as obras teñen un prazo máximo de execución de tres meses, e desenvólvense de xeito que non interfiran no normal desenvolvemento da actividade lectiva.

**SE VENDE LICENCIA DE TAXI EN VILALBA**

**Tel. 608 080 482**

**ROCA ABOGADOS**

**Inmobiliaria JRoca**

**Capela da Madalena, Cabañas - Cabanas**  
 Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 55m<sup>2</sup> 150.000€  
 En la localidad de Cabañas (A Coruña), ofrecemos en venta o alquiler un apartamento compuesto por dos dormitorios, un baño y cocina-salón. La vivienda tiene una terraza amplia, una plaza de aparcamiento sin cubrir y dispone del derecho a usar la piscina comunitaria. Se encuentra a pocos metros de la playa de la Magdalena.

**Mourence s/n, Vilalba**  
 Casa rural | 4 Dorm | 2 Baños | 275m<sup>2</sup> 150.000€  
 Se vende casa rural en la parroquia de Mourence, municipio de Vilalba (Lugo). La casa está en parte reformada y tiene un total de 275 metros cuadrados construidos. A mayores, en la finca que tiene 10.000 metros, existen varios alpendres y una capilla. La casa se sitúa a unos 3 km del centro de Vilalba.

**Mourence 15, Vilalba**  
 Casa rural | 1 Dorm | 0 Baño | 256m<sup>2</sup> 50.000€  
 En las proximidades de Vilalba (Lugo), cerca del molino del rañego ofrecemos una casa con fachada en piedra, que tiene echada la placa y que se vende así, para que la termine el comprador. En la finca hay otra construcción, que se puede acondicionar como vivienda.

**Corbelle - Forcón s/n, Vilalba**  
 Casa rural | 4 Dorm | 1 Baño | 202m<sup>2</sup> 125.000€  
 A unos 15 kilómetros de Vilalba (Lugo) y a unos dos kilómetros de la autovía A8, ofrecemos casa rural, independiente, con fachada en piedra. Tal y como está, se podría vivir en ella. En la vivienda hay cuatro habitaciones, sala, un baño y cocina, a mayores tiene una dependencia amplia que está sin acondicionar en la planta baja. A mayores tiene dos construcciones anejas de 31 metros y 114 metros y todo ello sobre una finca de 9.975 metros.

**Pintor López Guntín 5, Vilalba**  
 Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 120m<sup>2</sup> 100.000€  
 En Vilalba (Lugo), se vende piso muy soleado de tres habitaciones y sala, cocina y dos baños. Dispone de ascensor, calefacción individual de gas ciudad, garaje y trastero. Las tres habitaciones, la sala y la cocina dan al frente del edificio.

**Calle Cidade de Lugo 32, Vilalba**  
 Casa/chalet independiente | 6 Dorm | 3 Baños | 449m<sup>2</sup> 440.000€  
 En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende chalet unifamiliar para vivir en época de pandemia y postpandemia, a un paso de las playas (30 minutos de la costa de Lugo), nudo de comunicación de autovías, a cinco minutos andando del centro, con todos los servicios andando en un radio de diez minutos. Si miramos al Sur, las vistas son el bosque y pradera y al frente, el jardín. Consta de 449 metros, listo para entrar a vivir, en los cuales tenemos un amplio salón, sala de estar, despacho, 6 dormitorios, 3 baños y un aseo, cocina, garaje, bodega, calefacción de gas ciudad. Si necesitas despendente de parte del terreno, puedes vender para construir, sin afectar al chalet. Una casa llena de posibilidades.

**Campo de Arriba, Begonte**  
 Casa rural | 3 Dorm | 2 Baños | 200m<sup>2</sup> 170.000€  
 Se vende casa de 70 metros cuadrados por planta, con un alpendre de 90 metros y una palleira de 67 metros. Tiene una finca de 13.000 metros, de los cuales una buena parte esta plantada a pinos y otra parte a frutales. La casa está situada a unos 200 metros de la capilla de los Milagros, en la parroquia de Saavedra. La cual, a su vez, esta a unos 5 km de la A-6.

**Calvario 52, Vilalba**  
 Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 1400m<sup>2</sup> 95.000€  
 En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, dos baños y trastero. Se trata de una vivienda muy luminosa y que dispone de calefacción individual.

**Puente Campo 23, Vilalba**  
 Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 120m<sup>2</sup> 115.000€  
 En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 habitaciones y sala, dos baños y cocina. Tiene un trastero en el bajo cubierta y dos plazas de garaje en el sótano 1. Se trata de un piso cuarto, dando a la calle y orientado al sur. La calefacción es de gas ciudad.

**Foz 20-22, Vilalba**  
 Nave | 1.718m<sup>2</sup> 210.000€  
 En Vilalba (Lugo), se vende nave de tres plantas. La nave dispone de montacargas y en ella se permite todos los usos comerciales.

**Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720**

**ROCA ABOGADOS**

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**  
**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles**  
**Comunidades - Penal**  
**Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ª, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720**  
[www.rocabogados.info](http://www.rocabogados.info)



## Haberá concurso de decoración e os Reis farán visitas a domicilio

Xermade vivirá este ano un Nadal diferente onde se primarán dúas actividades principais, por unha banda o concurso de decoración de fogares e comercios e, pola outra, a visita dos Reis Magos.

O concurso de decoración establece dous grupos, o de vivendas e o de negocios. Para estes últimos só hai unha categoría, a de decoración xeral, pero para vivendas establécense catro: árbores de natal, nacementos, decoración xeral interior e decoración exterior.

Haberá premios por cada unha das categorías que consistirán nunha cesta valorada en 130 euros, conformada con produtos de alimentación e un vale para carburante.

Na participación por vivenda, a inscrición debe facerse a nome dunha persoa empadroadada en dita



vivenda do Concello. Unha mesma vivenda pode escoller participar nas categorías nun máximo de catro categorías. Na participación por negocio, a inscrición será a nome da persoa titular do mesmo. Dentro dos criterios de valoración, terase en conta a creatividade, orixinalidade e vistosidade. Tamén se valorará o uso de materiais naturais e reciclados, así como a introdución na decoración de elementos representativos do Concello de Xermade.

A data de inscrición estará aberta ata o 23 de decembro ás 23.59. Para facela efectiva, será necesario enviar por email ([educadora.familiar@xermade.org](mailto:educadora.familiar@xermade.org)) ou whatsapp (678 744 178) os datos acompañados de tres fotografías por cada categoría na que se participe.

**REIS MAGOS.** Seguindo o que se está a facer noutros concellos, este ano haberá Reis Magos pero será sen cabalgata, con visitas a domicilio a aqueles pequenos que o soliciten. Estas visitas serán no exterior da vivenda e só para aqueles que estean empadroados no Concello de Xermade. Esta forma de facer a cabalgata obedece á situación pandémica actual e co obxectivo de evitar aglomeracións e poder manter as medidas de seguridade.



Unha vista do Belén de Momán deste ano

## O belén de Momán céntrase na covid-19

O belén de Momán adáptase este ano á pandemia da covid-19 e faino seguindo todas as normas sanitarias en materia de uso de máscara, distancias de seguridade, peches perimetrais e aforos.

O tradicional belén reivindicativo volve tomar conciencia social este ano pero nesta ocasión para poñer de relevo a importancia de cumprir as normas, sen que falte un cárce-re para os corruptos e o agradecemento aos sanitarios.

Así, a capela de San Antón de Momán exporá un belén moi adaptado a estes tempos de pandemia. O párroco, Luis Ángel Rodríguez Patiño, explica que este ano só haberá seis nenos pastores e “deberán manter unha distancia de seguridade”. Ademais, “se se instala unha taberna, pecharase a partir das dez da noite”, de acordo ao toque de queda imposto polo Goberno.

O cura decidiu que San Xosé, a Virxe e o Neno poden estar xuntos no pesebre, xa que son convivintes, pero colocárase un cordón de seguridade a dous metros do berce. As restricións tamén afectan aos Magos de Oriente, que “terán que vir antes para pasar a corentena” e facer unha PCR.

Os camelos quedarán na última cidade confinada pola que pasen”, engade. Ademais, tampouco está permitida a presenza do anxo “no caso de que aletee e teña un efecto aerosol”, por se acaso iso puidese propagar o virus.

Todo o persoal non esencial (o cagón, as lavadeiras, o panadeiro, os romanos de Herodes,) non poderán participar nesta edición e en ningún caso poderase montar ningún por riba do 50% do aforo habitual; ovejitas, porcos, cabras e os patos non contabilizan.

## Desbloqueado o proxecto da depuradora de Cabreiros

Os veciños do barrio do Empalme, na parroquia xermadesa de Cabreiros, contarán en próximas datas coa esperada depuradora, tal e como confirmaron dende o Concello.

Finalmente, o organismo municipal poderá acometer o tan desexado proxecto de instalación dunha depuradora ecolóxica tras anos de espera polo atranco burocrático que supoñía que a Deputación tiña que ceder un tramo da

estrada para poder acometer os traballos.

A sesión plenaria de novembro aprobou esa cesión da LU-P-2209 o que permitirá desbloquear a obra prevista e levala a cabo.

Aínda así queda un último trámite, que é a comunicación á Xunta do cambio de titularidade, polo que unha vez feito procederase á licitación, contratación e execución do proxecto.

Este sistema de depuración, que

está previsto nas inmediacións do acceso á AG-64, é unha iniciativa municipal que data xa do ano 2017 e conta con 36.2727 euros de financiamento da Deputación.

Os veciños levan con numerosas protestas nos últimos anos debido a que a falta de saneamento na zona provoca unha situación de risco sanitario no barrio, especialmente no verán, cando os cheiros son máis acusados.

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

Da sorte xa nos encargamos nos.

A sorte está en  
**Loterías Alcázar**  
Administración de loterías dende 1927

16 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 20 ANOS!  
GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018  
TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060

## A Biblioteca gaña un premio María Moliner por un proxecto de animación á lectura

O Ministerio de Cultura e Deporte vén de publicar a resolución definitiva da Subdirección Xeral da Promoción do Libro, a Lectura e as Letras españolas en relación co concurso de proxectos de animación á lectura María Moliner. A biblioteca de Xermade foi seleccionada entre os 300 mellores proxectos presentados por municipios menores de 50.000 habitantes.

O proxecto presentado leva por título 2020: *Y a pesar de las dificultades más lectura*, que acadou unha puntuación total de 61 puntos.

Este premio de 2000 euros é unha axuda moi importante para poder adquirir todos aqueles libros ou publicacións periódicas que os/as usuarios e veciños de Xermade queiran ler.

“Aproveito tamén para darlle a miña noraboa a tódalas bibliotecas que participaron neste concurso e moi especialmente ás 10 bibliotecas galegas premiadas, nun ano tan difícil para poder levar a cabo as actividades de animación á lectura programadas”, din dende a Biblioteca, que dirixe María González Cabarcos. Engade que “seguiremos pelexando pola animación á lectura en Xermade e a pesar das dificultades, máis lectura”.

A Biblioteca abriu un tempo para recibir as suxestións dos usuarios para a compra de material a través do enderezo electrónico, [xermade.rbgalicia@eidolocal.es](mailto:xermade.rbgalicia@eidolocal.es), no teléfono: 982 501 055, ou ben a través do servizo de mensaxería de Facebook.



## O Pleno aproba os orzamentos do ano 2021 e a primeira RPT

O Pleno do mes de novembro do Concello de Xermade reuniuse telematicamente por mor da situación sanitaria.

O primeiro punto da orde do día foi a aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xermade, cos votos a favor do grupo de goberno, e os votos en contra do grupo municipal do Partido Popular. Por primeira vez o Concello de Xermade vai contar con este instrumento de ordeación de persoal, de existencia preceptiva en todas as entidades locais.

**ORZAMENTOS.** O segundo punto da orde do día foi a aprobación inicial do orzamento do exercicio 2021 e anexos, que foi aprobado cos votos a favor do grupo de goberno e os votos en contra do grupo municipal do Partido Popular.

O orzamento incrementábase notablemente respecto do exercicio 2020. De feito, este ascende a 1.830.404 euros fronte aos 1.705.635 do ano pasado.

No capítulo de gastos en ben correntes e servizos, o Concello terá un gasto de 1.316.634, o máis



Roberto García, alcalde

elevado do orzamento. Aumenta en importe global en relación co consignado no ano anterior en varios capítulos debido ao contrato do Servizo de Axuda no Fogar (231.227) incrementábase en 111.726,00 euros respecto ao orzamentado no 2020 e ao canon que a Augas de Galicia polo consumo en instalacións municipais, en base á inspección que se está en trámite, e que supón para as arcas municipais un importe estimado de 21.374,40 euros correspondentes ao período 2017-2020.

Para tranferencias correntes destí-

nábase pouco máis de 60.000 euros mentres os gastos municipais están cifrados en 392.474 euros, 33.000 euros máis que no exercicio anterior. Os investimentos teñen un orzamento de 56.815 euros, 12.000 euros menos, non obstante teñen previsto afrontar obras novas na rede de abastecemento e depuración de augas, sinalización dos accesos a núcleos de poboación e mellora de camiños municipais con cargo ao remanente do exercicio 2020, tendo en conta a suspensión das regras fiscais e a posibilidade de empregar este recurso.

Prevese unha achega municipal de 10.000 euros para a creación de novas infraestruturas na rede de abastecemento e depuración de augas. No 2020 solicitouse financiamento á Confederación Hidrográfica Miño-Sil para a depuradora de Momán e tamén se atopa en trámite a rede de abastecemento de auga á parroquia de Piñeiro, en colaboración co Concello das Pontes. Dada a magnitude e a contía desta obra, a súa execución pasa por realizala en varias anualidades, coa achega doutras administracións.

## Sotavento celebra o Nadal con actividades para familias

O Parque Eólico Experimental de Sotavento, en Xermade, organiza este mes de decembro unha serie de actividades para desenvolver en familia coincidindo coa celebración do Nadal, actividades que deron comezo o día 3 cunha xornada solar centrada na actualidade fotovoltaica e funcionamento de instalacións reais e que se reforzaron durante a ponte.

As actividades continuarán este sábado 19, cunha xornada de xogos entre familias que se fundamenta-

rán na enerxía e que se repetirá o día 23. O luns 21 haberá unha pequena andaina entre os aeroxeneradores e o descubrimento do funcionamento dun deles. A actividade leva por nome *A Ruta do Vento*.

Finalizarán o mes con outra andaina, o día 28, pola contorna e o día 30 cunha xornada de vehículos eléctricos. Todas estas actividades requiren de inscrición previa no teléfono 652 808 173 e poderán modificarse en función das condicións sanitarias.

## Escollidos os gañadores do Certame das Letras Galegas

A Biblioteca de Xermade fixo público o fallo do xurado do Certame de Narración e Debuxo Infantil e Xuvenil Letras Galegas 2020 ao que se presentaron 33 traballos. Os premios consisten nun diploma, un libro e un vale de 60 euros para cada premiado ou premiada, para gastar na Farmacia de Xermade.

Na categoría de debuxo os premios foron para Elena Gato Ares e para Uxía Cazás Pardiñas, ambas as dúas na categoría A, ata 8 anos. No grupo

de 9 a 11 anos as gañadoras foron Ainara Romero Baamonde e Noa Hormeño Carballeira. Entre os maiores gañaron Jonathan Rodríguez Graña e Ainara Cancelo Cabaleiro.

En narración, ata 8 anos os premios foron para Gael Otero Gómez e Lois Martínez Bermúdez. No seguinte grupo os premios caeron en Inés Fernández Piñeiro e Saria Paz Prieto. Na categoría para rapaces de 12 a 17 anos, Simón Silva González e Aroa Blanco Prieto leváronse os vales.

concellodefriol.es

Un Paseo por el Corazón Verde de Galicia

CONCELLO DE FRIOL

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN



## Aprobado o regulamento para o uso de vivendas municipais

O Concello de Guitiriz aprobou o regulamento para o uso das vivendas municipais por persoas en situación de emerxencia social.

A ordenanza ten o obxectivo de marcar as condicións, requisitos de acceso e réxime de uso das vivendas municipais por persoas en situación de emerxencia social.

Para este fin o Concello fará uso de dúas escolas rehabilitadas das que é titular: a de Becín e a de Campoverde. A primeira consta de planta baixa e primeira planta (independentes entre si), tendo a primeira planta cocina, dormitorio, calefacción, electricidade e auga quente. Pola súa parte, a de Campoverde posúe cocina, calefacción, auga quente e electricidade.

Se se atopan baleiras, no momento en que unha persoa ou familia o precise por circunstancias socioeconómicas e unha vez valorada a situación polo persoal técnico dos Servizos Sociais do Concello, as escolas poderán ser ocupadas asegurando unhas condicións de

vivenda.

O período ordinario de estancia na vivenda de emerxencia non excederá de seis meses aínda que, en situacións excepcionais, se as condicións continúan a ser valoradas como de emerxencia social poderá prorrogarse outros seis meses máis ou o tempo que dure esta situación.

Os beneficiarios correrán ao cargo dos gastos ordinarios de conservación e mantemento da vivenda.

**REQUISITOS.** Para poder acceder a este servizo o solicitante debe ser maior de idade ou menor emancipado e figurar no padrón de Guitiriz con dous anos de antelación.

Debe necesitar aloxamento inmediato por mor dunha serie de circunstancias de forza maior.

Aquelas persoas ou unidades familiares que necesiten facer uso da Vivenda de Emerxencia do Concello de Guitiriz deberán formalizar a solicitude no Rexistro Xeral.

## O Goberno inviste 600.000 euros na mellora da eficiencia enerxética

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, supervisaron os traballos de mellora da eficiencia enerxética realizados no lugar das Reixas, na parroquia dos Vilares, incluídos dentro dos tres proxectos que executan no municipio o Goberno e o Concello cun investimento total de case 600.000 euros. Grazas a estas actuacións, o Concello de Guitiriz aforrará 45.000 euros anuais co novo alumeadado público e rebaixará en 130 toneladas as emisións de CO2 á atmosfera.

Isabel Rodríguez destacou “o importante apoio do Goberno, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica, aos concellos da provincia para que melloren a eficiencia enerxética do alumeadado público e das dependencias municipais”.

“Con estes proxectos, que subvencionan o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, axudamos aos concellos a contaminar menos e tamén a aforrar custes en enerxía”,



Supervisión das obras de mellora enerxética realizadas nos Vilares

manifestou a subdelegada. Rodríguez informou de que, no caso de Guitiriz, esta axuda supera o medio millón de euros que destina o Goberno a tres proxectos para o aforro e eficiencia enerxética do alumeadado público de As Reixas, Parga e Guitiriz, así como para a mellora da eficiencia enerxética da Estación de Tratamento de Auga Potable do municipio.

Pola súa parte, Marisol Morandeira manifestou que “estas achegas do IDAE ao noso Concello, por un total de 514.066 euros, supoñen un investimento moi importante e o seu

beneficio verase a curto prazo, por un lado no gasto corrente do Concello, ao baixar o custe do subministro eléctrico, e por outro, porque se verá reforzado e mellorado o servizo de auga potable no núcleo de Guitiriz, no que tivemos algúns problemas nos últimos anos”. Neste sentido, explicou que “os investimentos realizados ata agora engadidas a esta renovación completa da Etap, para a que tamén contaremos coa colaboración de Augas de Galicia, melloran considerablemente os servizos básicos que ofrecemos aos veciños”.

## O Concello destinará 70.000 euros a varias obras de mellora

O Concello aprobou en Pleno a modificación do orzamento municipal mediante un suplemento de crédito por valor de 70.009,54 euros e que permitirá a mellora de equipamentos, iluminación e abastecemento.

O suplemento de crédito utilizarase para sufragar diferentes proxectos: a reforma do vestiarios do campo de fútbol de Guitiriz, ampliación da iluminación en variós núcleos (Parga, Santa Leocadia, Pígaro, Os Vilares, Trasparga e Labrada), a reparación e construción dun porche no pavillón exterior do Ceip Santo Estevo de Parga, subministro de bomba para depósito de auga, subministro de contedores de cor verde, material informático e outros equipamentos dixitais para Protección Civil, mantemento e conservación de infraestruturas e, por último, subministracións varias para xestión do medio ambiente e outros.



Imaxe exterior do pavillón municipal, que cambiará de nome

## Acordo para que o pavillón leve o nome de Jonathan Carro

O Concello aprobou en Pleno renomear ao pavillón municipal co de Jonathan Carro, ximnasta guitiricense que formou parte das Escolas Deportivas locais das que tamén foi profesor.

Unha distinción honorífica que se concede, a través do regulamento de honras e distincións recente-

mente aprobado, despois da exposición pública do expediente no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Polo tanto, grazas a esta proposta do goberno local, esta instalación deportiva pasará a chamarse Pavillón polideportivo municipal Jonathan Carro.

## Morandeira fai un balance positivo do servizo de augas tras as obras de mellora

En 2020 no núcleo urbano de Guitiriz non se rexistrou ningún episodio de turbidez na auga. Un problema que nos últimos anos era recorrente e que comeza a remitir despois das diferentes melloras realizadas polo Concello, segundo indican fontes municipais.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, recalca que “un dos principais obxectivos é poder ofrecer aos veciños e veciñas de Guitiriz un servizo de auga de calidade durante todo ano” e agora “parece que estamos no bo camiño”.

Desde finais do 2019 leváronse a cabo unha serie de actuacións para acadar este obxectivo como a construción do bypass, renovando unha rede de circunvalación no encoro de San Xoán que permite desviar a subministración de auga para que non pase polo encoro, a modificación dos filtros de ferro e o lavado de todos os filtros, o baleirado do encoro no mes de xaneiro e o control constante da calidade da auga a través de análíticas encargadas polo Concello. Marisol Morandeira tamén quixo



Marisol Morandeira

recalcar que “isto non significa nada, temos que seguir traballando para que esta tendencia sexa definitiva e por iso continuamos buscando o apoio de Augas de Galicia para modernizar a Etap”.

O Concello conta cun proxecto valorado en 384.938,75 euros para o que necesita o apoio da administración autonómica na súa financiación. No mes de febreiro a rexedora reuniuse coa directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez, para solicitar esta colaboración e solucionar, dunha vez por todas, o problema da auga.



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

URXENCIAS  
24  
HORAS



## Impulsan unha campaña de comercio e o programa de Nadal

O Concello de Guitiriz presentou o seu Ludinadal, alcume baixo o que se levará a cabo a programación municipal de actividades para o Nadal e que incluírá opcións como patinaxe sobre xeo, inchables, obradoiros e outras.

A programación dará comezo o 23 de decembro e rematará o 7 de xaneiro. Na praza do Campo da Feira instalárase a pista de xeo e os inchables, que permanecerán durante todas as xornadas en horario de 10:30 a 21 horas.

Ademais, no mesmo lugar cada tarde haberá diferentes obradoiros (postais de Nadal, de educación viaria, de chapas de Nadal, pasatempos, adornos de Noite Vella, globoflexia, reciclaxe...) e outras opcións de entretemento como xogos xigantes, xogos musicais, xogos tradicionais, un simulador de surf ou un espectáculo de maxia.

O 23 de novembro o Apalpador visitará Guitiriz para coñecer os desexos dos máis pequenos e para o 5 de xaneiro o Concello decidiu non programar ningunha actividade xa que está a agardar aos Reis Magos de Oriente, que aínda non confirmaron a súa visita.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explicou que "optamos por ofrecer un amplo programa de actividades para o Nadal xa que se levarán a cabo dun xeito seguro, con grupos reducidos, respectando o aforo e todas as medidas de prevención".

**CAMPAÑA DO COMERCIO.** Ademais, o Concello de Guitiriz xa ten en marcha a súa campaña de promoción do comercio local para o Nadal denominada Mercar no Concello de Guitiriz ten premio na que se repartirán 2.150 euros entre todos os establecementos participantes.



Son un total de 43 os comercios do municipio que se sumaron a esta iniciativa, que se levará a cabo ata o 5 de xaneiro. A principal novidade deste ano é que cada establecemento participante, que repartirá rifas desde o número 000 ata o 999, entregará aos seus clientes un premio de 50 euros que deberá consumirse nese mesmo negocio. Os gañadores serán aqueles que a súa papeleta coincida cos tres últimos números do 1º premio da lotería do neno, que se celebrará o venres 6 de xaneiro de 2021. Os establecementos participantes son: Panadería David, Panadería La Esquina, Panadería Gómez, Carnicería Vitorio, Carnicería Juan López, Supermercado Día, Supermercado

Gadis, Supermercado Froiz, Frutería La Maja, A Badorna, Foto Suso, Foto Kantero, Armería Zapatería Guitisport, Mosquito Moda Infantil, Anitta Chic, Modas Sanjurjo, Mercería Entrefíos, Droguería Cheno, lalar Cortinas, Feixe, Librería Castaño, Expendiduría Guitiriz, Bazar Fei Xiang, Floristería Teixido, Joyería Roibás, Videotel, Ferretería Amador, NR Fisioterapia, Peluquería Roberto Amor, Peluquería Silvia Pardo, Peluquería Borea, Salón Amanda Vázquez, Sara Sara Sanjiao Estilistas, Peluquería Ángeles Costa, Peluquería Zalois, Restaurante La Casilla, Restaurante O Korreo, Casa Nistal, Casa Gaibor, Casa Barxa, Bar Centro, Pastelería Nimbos e Casa Pepe.

## Libro solidario para agasallo

Desde o Concello de Guitiriz poñen en marcha a promoción do libro *Tes un conto...*, formato físico da recompilación dos contos que foron enviados, dentro da actividade do día do libro, o pasado 23 de abril. O obxectivo é que este nadal se regale lectura solidaria.

Todas as persoas interesadas en participar nesta acción solidaria, deberán aportar un donativo de 5 euros na conta que o Conce-

llo ten habilitada para situacións de emerxencia social (ES20 2080 0122 4631 1000 0022). No momento do ingreso deberán indicar no concepto nome e apelidos -Tes un conto- e a cuantía que ingresan. O libro recollerase na biblioteca da Casa Habanera e será obrigatorio presentar o comprobante do ingreso. Ofrecen máis información no 982 370 062 ou biblioteca@concellodeguitiriz.com

## Aprobada a Área de Rehabilitación Integral para Os Vilares e O Buriz



Igrexa dos Vilares

A Área de Rehabilitación Integral (ARI) para as parroquias de Os Vilares e O Buriz xa é unha realidade, despois de que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asinase a aprobación definitiva.

O proxecto presentado implicou un traballo previo de documentación para identificar as vivendas e espazos públicos con máis necesidade e interese para a súa rehabilitación. Así, este proceso afectará a 10 núcleos entre Os Vilares (As Reixas, Drada, Vilariño dos Cregos e Casanova de Vilariño) e O Buriz (Bustelo, Carelo, Portelo, A Forxa, O Buriz e A Graña-Ventisca), sumando un total

de 93 vivendas e 5 edificios dotacionais dos que 2 son de uso educativo e/ou social e os 3 restantes son relixiosos. As obras subvencionables poderán ser: reparación de fachadas e cubertas, mellora de salubridade, mellora de illamento, mellora de accesibilidade, mellora enerxética, cambio de ventás e eliminación de radón.

Unha vez dotado de fondos o ARI o Concello de Guitiriz creará unha oficina técnica para a que se destinan 74.782,75 euros e que permanecerá durante un ano para axudar aos veciños a tramitar as súas solicitudes de rehabilitación.

## No PAI, gratuíto o segundo fillo

O Concello decidiu acollerse á posibilidade de obter financiamento por parte da Xunta de Galicia para a gratuidade da atención educativa no Punto de Atención á Infancia (PAI) para os segundos fillos ou fillas e sucesivos.

O Pleno aprobou por unanimidade a modificación da ordenanza reguladora do PAI para incluír este

apartado nos beneficios fiscais, que quedan redactados do seguinte xeito: desconto do 100% ao segundo fillo e/ou sucesivos, 50% no caso de familias perceptoras do Risga, 30% cando os ingresos da unidade familiar non supere o 50% do Iprem e un 20% no caso de nenos que pertenza a unidade familiar monoparental.

## O Concello remata o abono das axudas para os autónomos locais

O Concello de Guitiriz xa completou de tramitar e pagar todas as solicitudes da súa liña de subvencións dirixida a autónomos para paliar os efectos económicos xerados pola crise sanitaria da covid-19.

O goberno local, que investiu para este fin un total de 140.000 euros, ven de realizar os últimos pagos. En total, efectuouse o abono de 93 solicitudes das 101 recibidas, quedando 8 sen conceder debido a que non cumprían algún dos re-

quisitos especificados nas bases. A través desta convocatoria todos os autónomos do municipio que se viran afectados polo Estado de Alarma recibirán unha axuda de, como mínimo, 1.500 euros.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explicou que "estamos seguros de que esta liña de subvencións axudará aos nosos veciños e dará un impulso á actividade económica do noso municipio, protexendo os empregos na vila".



muras

## O Concello de Muras obtén o selo Starlight

O concello de Muras recibiu xa a comunicación que contará co selo Starlight, que certifica que o seu ceo reúne excelentes condicións para os afeccionados e amantes da astronomía, sen contaminación lumínica. De feito, xa hai tempo que dende a Sociedade Galega de Historia Natural achéganse de noite a distintas localizacións do Concello para contemplar o firmamento e sacar imaxes. “A Fundación Starlight creou un sistema de certificación que acredita os espazos cunha excelente calidade de ceo e que representan un exemplo de protección e conservación. Son

escenarios que incorporan a observación do firmamento como parte do patrimonio natural, paisaxístico, cultural e científico e fomentan o Turismo das Estrelas aproveitando a visión do firmamento como ferramenta para un turismo sostible que coidamos interesante para Muras”, explica o alcalde, Manuel Requeijo. Aínda que non hai comunicación oficial, o alcalde avanzou que xa recibiron a comunicación verbal e que en canto a situación sanitaria o permite reiniciarán os habituais cursos de astrofotografía “que tanto éxito tiveron”.

## Puraga recibe unha achega para a promoción do poldro



Poldros en liberdade na serra do Xistral, no Concello de Muras

A Asociación de criadores do cabalo de Pura Raza Galega (Puraga) vén de deseñar un plan para impulsar a promoción da carne de poldro e paliar en parte o impacto que a pandemia está a ter na comercialización deste produto. Para iso contará cunha achega de 5.130 euros por parte da Deputación provincial, que se orientarán á restauración, con demostracións con degustación da carne fresca e tamén de produtos elaborados, como os embutidos. Puraga leva realizando nos últimos anos un traballo de valorización do Cabalo de Pura Raza Galega, como ferramenta para a xestión de espazos, buscando unha rendibilidade

económica para os criadores da raza. **PURAGA DESDE 2005.** Puraga é unha asociación sen ánimo de lucro, creada en outubro de 2005, para preservar e protexer o Cabalo de Pura Raza Galega, velando polos intereses da raza, representando, defendendo e promovendo unha mellora na conservación da mesma e do fomento da cría entre os gandeiros e gandeiras de Galicia. A asociación ten a súa sé no Viveiró. Aínda que o seu ámbito de actuación é Galiza, a provincia de Lugo concentra o 65% das 122 gandeirías asociadas polo que gran parte do traballo desenvólvese neste territorio.



Un momento da cata deste ano

## A cata do mel contou este ano con once propostas

Un total de once propostas de mel presentáronse este ano en Muras á cata organizada como actividade de substitución da feira monográfica que non se celebrou por motivos sanitarios. O xurado da cata seleccionou entre todas as candidatas o produto presentado por Antonio Permy como mellor monofloral, mentres que Gemma Pena foi finalista. Os expertos que valoraron o mel de Muras foron Antonio Día, José Luis

Cuba, Julio Trigo, Cristina Pérez, Elena López e Cristina Martínez. Malia que a feira non puido este ano acadar o seu esplendor habitual, houbo un aumento da participación e mellorouse a calidade das mostras. O Concello de Muras, como fixo co resto da súa programación habitual decidiu non celebrar esta cita anual para evitar a propagación do virus sobre todo porque produciuse en plena segunda vaga.

## O Concello fai na casa consistorial obras de accesibilidade

O Concello de Muras esta a rematar as obras de accesibilidade da casa consistorial que comezaron coa construción dun ascensor e que están a finalizar estes días coa colocación dunha rampa de acceso. Neste tempo tamén se fixeron aseos adaptados e non descartan acometer en canto se poda a adaptación dos aseos da parte baixa. Segundo indicou o alcalde, Manuel Requeijo, “estamos facendo no XXI obras do século XX pero era unha necesidade solucionar a accesibilidade”. Avanzou o alcalde tamén que as obras do Plan Único se iniciarán co comezo do ano “en canto o tempo acompañe”. Engadiu que non puideron comezar antes por esta razón pero xa están listas para iniciarse. As obras teñen un orzamento de 175.000 euros, que se destinarán ao mantemento e mellora de estradas e camiños en lugares como Serra, Penagrande, O Curro, Susana, Ferreiros, La Cabeceira, Bustello, O Couce, a vía de Paleira a Vedille e a de Bouzas.

pol

## Tomé defende o modelo residencial

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, compareceu no Parlamento de Galicia para presentar os orzamentos da institución para o vindeiro ano 2021, uns presupostos de 92,5 millóns de euros. En materia de políticas sociais, o presidente explicou que a Deputación seguirá ampliando a súa Rede de Centros Públicos de Atención a Maiores, que conta cunha partida de 8 millóns de euros para o 2021, coa previsión de dobrar o número de residencias abertas, pasando de

catro a oito. Así, ás de Ribadeo, Trabada, A Fonsagrada e Pol, que están funcionando, sumaranse as de Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira e Navia de Suarna. José Tomé puxo en valor o modelo de residencias da Deputación, “que se viu revalidado coa chegada da pandemia”, fronte ó da Xunta: “A nosa Rede de Centros Públicos de Atención a Maiores garante o benestar e a tranquilidade dos usuarios e das súas familias. Para conseguilo, aplicamos un mode-

lo de xestión público, de calidade, con atención personalizada, e que mantén o arraigo dos maiores no seu entorno, que crea emprego no rural, que beneficia o consumo de produtos de proximidade para facilitar unha alimentación de calidade e, ao mesmo tempo, axudar á economía local. É un modelo centrado nas persoas, non no negocio”. Neste senso, destacou que o modelo de residencias provincial está “xerando xa interese, dentro e fóra de Galicia”.

**LA CASILLA** HOSTAL RESTAURANTE

**BODAS - COMUNIONES - BANQUETES** zona para Boda Civil [www.lacasilla.es](http://www.lacasilla.es)

BODAS Y BANQUETES

LA CASILLA  
Especialidad en almejas y chuletón

Rúa do Anxaral, 19 GUITIRIZ 982 37 01 88

## Pol acollerá dúas obras do Circuíto de Teatro Afeccionado

O Circuíto de Teatro Afeccionado 2020 fará unha dobre parada en Pol a fin de semana do 19 e 20 de decembro. Así, o sábado 19, ás 18.00 horas, poderá verse *Detrás das máscaras*, obra de Metátese Teatro, dentro do ciclo *Táboas cheas de emoción*. A continuación, o domingo ás 19:00 horas, a Asociación Cultural Abren-

te, dentro do ciclo *Gargalladas*, representará a obra *O aeroporto da Valiña*. As dúas obras de teatro terán lugar no centro sociocultural de Mosteiro-Pol con entrada de balde e aforo limitado respectando sempre as normas covid-19 de uso de máscara, distancia de seguridade e hixiene de mans.



# PROGRAMACIÓN LUDINADAL GUITIRIZ 2020-21



[www.concellodeguitiriz.com](http://www.concellodeguitiriz.com)

## 23 DEC

MÉRCORES

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO: COÑECE  
AO APALPADOR

18.30-20.30h

VISITA APALPADOR

## 24 DEC

XOVES

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
POSTAIS NADAL

18.30-20.30h

XOGOS XIGANTES

## 26 DEC

SÁBADO

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
EDUCACIÓN VIAL

18.30-20.30h

CIRCUITO EDUC. VIAL

## 27 DEC

DOMINGO

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
EDUCACIÓN VIAL

18.30-20.30h

CIRCUITO EDUC. VIAL

## 28 DEC

LUNS

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
CHAPAS DE NADAL

18.30-20.30h

XOGOS TRADICIONAIS

## 29 DEC

MARTES

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
PASATEMPOS DE NADAL

18.30-20.30h

SIMULADOR SURF

## 30 DEC

MÉRCORES

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO: ADORNOS  
MESA NOITEVELLA

18.30-20.30h

FUTBOLÍN HUMANO

## 31 DEC

XOVES

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO: MURO  
DOS DESEXOS ANINOVO

17.30-19.30h

XOGOS MUSICAIS

## 1 XAN

VENRES

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
GLOBOFLEXIA

18.30-20.30h

PORTERÍA PUNTUACIÓN

## 2 XAN

SÁBADO

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
IGUALDADE

18.00-19.00h

MAGO

## 3 XAN

DOMINGO

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO: SOBRES  
CARTAS REIS MAGOS

18.30-20.30h

FOTOMATÓN + MASCOTAS

## 4 XAN

LUNS

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
RECICLAXE

18.00-19.00h

CONACONTOS

## 5 XAN

MARTES

10.30-14.00h

DECORACIÓN  
BOLSAS NADAL

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-20.30h

RODEO ELEFANTE

## 6 XAN

MÉRCORES

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
XOGUETES CON REFUGALLOS

18.00-19.00h

BARREDORA WIPEOUT

## 7 XAN

XOVES

10.30-21.00h

PISTA DE XEO E INCHABLE

16.30-21.00h

OBRADOIRO:  
EXPERIMENTOS NAVIDEÑOS

18.00-19.00h

INTERACTIVE WALL





O alcalde de Outeiro, na visita á zona da ponte de Ombreiro

## Reclaman o amaño da ponte que une Outeiro con Lugo en Ombreiro

O grupo provincial popular presentará unha iniciativa na Deputación para demandar o amaño da ponte sobre o río Narla na estrada LU-P-2905, en Ombreiro (no termo municipal de Lugo), moi preto do límite co de Outeiro de Rei, que, polas deficiencias que presenta, só pode ser utilizada por vehículos de menos de dez toneladas. Así o adelantaron nunha recente visita á ponte o portavoz popular, Javier Castiñeira, e os deputados José Pardo Lombao, alcalde de Outeiro de Rei, e Óscar Poy, concelleiro en Lugo. A ponte, moi estreita e en curva, é escenario de incidentes de tráfico con certa frecuencia, do que dan testemuña os restos de faros de coches que quedan no chan. O acceso desde Ombreiro está sinalizado de modo cando menos curioso, se ben queda claro que está prohibido o paso a vehículos de máis de dez toneladas. Tamén desde o lado de Outeiro de Rei se indica dita limitación. Nun punto da ponte hai valos para protexer a zona no que se produciu un afundimento.

O portavoz popular, Javier Castiñeira, sinala: “Na liña de visitas a todos

os concellos da provincia que está a levar o grupo popular, esta semana estamos en Ombreiro, parroquia do Concello de Lugo que limita co concello de Outeiro de Rei. Visitamos a estrada LU-P-2905, que ten un pavimento moi mellorable, pero ten un problema maior: unha vez máis, atopámonos cunha ponte, de trazado sinuoso, perigoso, limitada, debido ás deficiencias que presenta, a vehículos de menos de dez toneladas”. Explica: “Puidemos apreciar restos de diferentes accidentes que se dan case de maneira semanal. Igual que fixemos no pleno deste mes denunciando que a ponte de Uriz está limitada a dez toneladas, como denunciaron os veciños, e recibimos unha resposta positiva por parte do bipartito, porque parece que decretou a contratación dunha asistencia técnica para buscar solucións, que é o que pedimos nós e os veciños; pois queremos que faga o mesmo con esta ponte sobre o río Narla, que trate de buscar solucións, ben sexa mediante contratación dunha asistencia técnica ben mediante os propios servizos técnicos da Deputación”.

## O BNG demanda partidas para os pasos de peóns nos orzamentos

O BNG no Parlamento vén de presentar as emendas correspondentes para intentar que se corrixa “a inxustiza que supón” que se retire do Proxecto de Orzamentos do Estado as partidas necesarias para construír as rotondas e os pasos seguros para os peóns na N-VI ao seu paso pola vila de Outeiro de Rei. Estes pasos seguros para os peóns, así como as rotondas, son imprescindibles para poder cruzar con algunha seguridade a estrada, pois esta divide a vila en dúas metades e para pasar dun lado ao outro hai que cruzar catro carrís infrinxindo a normativa legal, sen ningún tipo de elemento protector para os peóns e incluso sen limitación de velocidade de 50 km/hora para os vehículos.

A situación existente no concello de Outeiro de Rei é un caso único en todo o tramo de N-VI entre Coruña



Membros do BNG nunha foto de arquivo reclamando os pasos de peóns

e Madrid, pois non existe ningunha vila onde non haxa absolutamente ningún paso para poder cruzala dun lado ao outro. Esta situación mantense pola pasividade mostrada polo concello durante décadas e pola negativa dos distintos gobernos que pasaron por Madrid, de todas as cores, a poñerlle unha

solución.

No anterior proxecto de orzamento contemplábase unha partida económica para estas infraestruturas, partidas que agora o goberno do PSOE e Podemos eliminou dentro destes 105 millón menos que vai recibir Galiza con estes orzamentos con respecto ao últimos que houbo.



**PREMIOS MANUEL MARÍA.** As compañías Incendiaria e Quinta do cuadrante gañan o Certame Manuel María de Proxectos Teatrais que, nesta 2ª edición, recibiu o apoio de 30 concellos e deputacións. A obra gañadora foi *A lúa vai encuberta*, que contará cun mínimo de 30 representacións nas vilas e cidades galegas, ademais de 4000 euros á produción.

## Pecha Marcelle ata a próxima tempada

O parque zoolóxico de Marcelle, ubicado no Concello de Outeiro de Rei, comunicou o peche das instalacións ata que comece a nova tempada. Segundo comunican dende o centro, as continuas restricións de mobilidade están causando numerosos problemas para manter aberto de cara ao público esta instalación.

De feito, na tempada baixa só funciona de luns a venres polas tardes e durante as fins de semana todo o día pero agora pecharán ata que a situación mellore.




**CONCELLO DE  
CASTRO DE REI**

*Bo Nadal*

E PRÓSPERO ANINOVO

2021





# Rematan as obras da senda peonil do polígono de Matela

A Xunta de Galicia vén de rematar a construción dunha senda peonil e ciclista na estrada LU-115 que da acceso ao polígono industrial A Matela, en Outeiro de Rei.

O delegado territorial, Javier Arias, acompañado polo alcalde, José Pardo, comprobou hoxe o resultado da actuación que, segundo afirmou, "incrementa a seguridade e promove unha mobilidade máis sustentable dende unha perspectiva ambiental".

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade destinou preto de 350.000 euros á senda, que discorre pola marxe esquerda da estrada autonómica que atravesa o parque empresarial. En concreto, esténdese ao longo de 245 metros, entre as glorietas existentes no acceso ao polígono -puntos quilométricos 1+430 a 1+720-.

Dispón dun ancho de 2,5 metros transitables, incluído o bordo, en parte sobre muros para evitar ocupacións excesivas en terreos colindantes. Nesta obra executáronse tamén os elementos de drenaxe necesarios para a correcta evacuación das augas.

A obra axuda a integrar as dúas zonas do parque divididas polas vías do ferrocarril grazas á construción dunha pasarela metálica de case 17 metros de lonxitude e 2,30 metros de ancho, dotada cunha mampara antivandálica de 2,50 metros de alto para reforzar a seguridade. Arias lembrou que este proxecto forma parte do Plan de Sendas da comarca de Lugo que está a desenvolver a Xunta e que prevé a execución de seis sendas que suman un investimento de preto de 3 millóns de euros. O obxectivo, indicou, é favorecer os desprazamentos a pé ou en bicicleta, "que resultan máis



Visita de Javier Arias para supervisar a finalización das obras

saudables tanto dende o punto de vista individual como ambiental, ao reducir o uso de vehículos e de emisións contaminantes".

**POLÍGONO.** A Xunta de Galicia impulsou a mellora das comunicacións do polígono industrial da Matela, en Outeiro de Rei, a través dunha achega de 112.300 euros da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, acompañado do alcalde, José Pardo, entre outros, desprazouse á zona da intervención, que afectou a parte da estrada principal do parque, á vía que a conecta coa estrada LU-115 e á glorieta de enlace neste punto.

As obras, xa rematadas, foron financiadas mediante a convocatoria de axudas para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais. Un dos principais obxectivos da iniciativa foi dar continuidade ao tránsito peonil, para o que se construíron beiravías e novas beirarrúas a partir da exis-

tente -de idénticas características-. Neste sentido, o delegado lembrou que a Xunta tamén vén de poñer en servizo na mesma área unha senda peonil e ciclista na marxe da estrada autonómica LU-115, "favorecendo un cambio na mobilidade, para que traballadores e usuarios do polígono poidan desprazarse de forma segura a pé ou en bicicleta, sen necesidade de utilizar o seu vehículo particular".

Igualmente, a actuación aumentou a sección da plataforma para garantir a circulación de vehículos articulados en condicións óptimas. A actividade das industrias localizadas no parque empresarial, sumada á da estación de servizo, tradúcese nun tráfico de máis de 100 vehículos pesados diarios.

Realizáronse outros traballos complementarios, como a mellora do pavimento e pintado de marcas viarias, instalación de sumidoiros que se conectaron á rede de pluviais, prolongación das obras de drenaxe ou canalización subterránea da rede eléctrica para a iluminación pública.

# Finaliza a ampliación do local de San Lourenzo



Visita ao local social de San Lourenzo, que foi ampliado

O secretario xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, visitou o local de San Lourenzo, que vén de ampliarse ao abeiro das subvencións para 2020 destinadas á mellora e equipamento das instalacións e locais de concellos destinados a actividades de carácter cultural da Xunta de Galicia. Este ano beneficiáanse destas axudas un total de 39 proxectos de mellora en instalacións culturais doutros tantos concellos das catro provincias galegas.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade destina a estas axudas 500.000 euros, dos que ao Concello de Outeiro de Rei lle corresponderon preto de 23.000 euros para sufragar esta obra. Con estas subvencións as entidades locais poden acometer actuacións relativas ao equipamento e moblaxe de locais, a realización de obras de reforma, ampliación, modernización ou mellora de inmobles, así como a adquisición de materiais técnicos vinculados ao desenvolvemento das accións culturais. A percepción destas axudas é, en calquera caso, compatible con outras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración.

**ACHEGAR A CULTURA.** O secretario xeral de Cultura destacou que a ac-

tuación neste local é de gran importancia para descentralizar a actividade cultural e achegala á cidadanía, en especial ás persoas maiores. As axudas convocadas pola Xunta supoñen, así mesmo, unha mostra máis do apoio do Goberno autonómico ás entidades locais comprometidas coa acción cultural para que poidan executar as súas programacións, así como contar coas oportunas infraestruturas que lles permitan a adecuada realización das actividades culturais que promovan, garantindo o servizo que prestan á cidadanía.

O proxecto consistiu na incorporación do espazo ocupado polo palco de música ao local da parroquia de San Lourenzo de Aguiar (Outeiro de Rei), co fin de ampliar a súa capacidade e poder empregado para usos culturais. A actuación supuxo a renovación da cuberta, por unha nova de pizarra cunha capa de impermeabilización e outra de illamento térmico e canlóns, así como das paredes que pechan o espazo do local e o pintado das fachadas e superficies interiores. A sala foi dotada de pavimento cerámico antideslizante, fiestras de aluminio e unha porta de madeira de comunicación entre os dous espazos. Así mesmo, instalouse alumeardo e electricidade no novo local.





rábade

## A Xunta financiará o Plan Xeral

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda abonará o 100% do custe de redacción do novo plan xeral de ordenación municipal do Concello de Rábade. O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración co Concello, que na actualidade se rexe por un Plan xeral de 1977.

A reviviscencia desta normativa urbanística vixente débese a que o Plan xeral de ordenación municipal aprobado o 1 de setembro de 2008 quedou anulado pola sentenza do 15 de xullo de 2015 do Tribunal Supremo, que declara de nulo dereito dita orde.

Entre as competencias urbanísticas que ten atribuídas a Xunta, ademais, figura o fomento da redacción dos plans municipais co fin de que os concellos dispoñan de documentos de ordenación do territorio adaptados á lexislación en vigor e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento. Con este fin, convoca ordes para a



Reunión do alcalde de Rábade co delegado territorial da Xunta

concesión de axudas a entidades locais para a redacción dos seus plans urbanísticos, polo que nas contas do ano 2021 resérvanse máis de 3,2 millóns de euros para habilitar axudas para a redacción de plans xerais.

**REUNIÓN.** O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, mantivo unha xuntanza co alcalde, Francisco Fernández Montes, para valorar algúns dos proxectos que leva a cabo a

Xunta no municipio e as posibles liñas de colaboración futuras para continuar impulsando o seu desenvolvemento socioeconómico.

Neste sentido, ambos consideran un avance importante o acordo para a redacción dun novo Plan Xeral. As normas urbanísticas, sinalou Arias, “son a base imprescindible para asentir un crecemento sostible e seguro, que mellore os servizos aos cidadáns e facilite o asentamento de empresas”

## O 22 comeza o programa de Nadal

O Concello de Rábade xa ten lista a programación para festexar este ano o Nadal, programación que estará reducida e limitada polo protocolo covid-19 con control de temperatura, uso de máscara, xel hidroalcolico, desinfección de calzado de distancia de seguridade en cada unha das actividades previstas.

Estas darán comezo o día 22 coa programación infantil. Concretamente o 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de decembro e o 4 de xaneiro terá lugar un taller de creación de videoxogos dirixido a nenos de 8 a 16 anos que se impartirán polas tardes, de 16.30 a 18.00 horas no centro sociocultural. Paralelamente haberá outro obradoiro de cine e teatro os días 23, 24, 30 e 31 de decembro e 3 de xaneiro para nenos de 6 a 16 anos tamén no centro sociocultural pero en horario

de mañá, de 10.00 a 13.00 horas. Non faltará o campamento para nenos de 6 a 16 anos co título *A Bandada das Insuas*. Cun carácter medioambiental, está organizado pola Asociación Galega de Custodia do Territorio e desenvolverase na Casa das Insuas os días 28, 29 e 30 entre as 10.00 e as 13.00 horas.

Xa para adultos, o día 27 celebraranse os tradicionais recheos a partir das 18.00 horas nunha sesión con agasallos e chocolate con churros. Pola súa banda, o 29 de febreiro, para todos os públicos representárase a obra *Belarmina*, a flamante Velutina a cargo de Titiriterra, nunha sesión patrocinada pola Deputación Provincial. Será ás 18.30 horas no centro sociocultural.

As festas rematarán coa tradicional cabalgata de Reis. Os magos farán un



percorrido pola vila pero, para evitar aglomeracións, a entrega de agasallos farase por rúas e non na igrexa. Os pequenos deberán esperar aos Reis no balcón ou ventá da súa casa. A cabalgata dará comezo ás 17.00 horas do día 5 de xaneiro.

## Protesta pola proposta municipal de unificar os dous colexios



Cartel de protesta dos pais no colexio de Baamonde

O Concello está efectuando xestións coa Consellería de Cultura, Educación e Universidades da Xunta de Galicia, e coa Asociación Músico Crisanto, para realizar modificacións nas infraestruturas educativas.

Por unha parte, estúdase a fusión dos dous colexios existentes no Concello (Baamonde e Begonte) nun só, que totalizaría algo máis dun cento de alumnos máis os que poidan incorporarse de zonas limítrofes, “garantindo non só a continuidade da educación primaria no centro da capital senón tamén, o que é vital, potenciar a calidade do ensino nos cursos vindeiros”, di o alcalde.

Simultaneamente, preténdese crear nas actuais instalacións do colexio público un conservatorio profesional de música, con arredor de 150 alumnos nos primeiros momentos, que sería xestionado pola Asociación Músico Crisanto.

“A operación supón un importante

investimento, xa que comprendería obras de renovación no colexio de Begonte, así como a reforma do edificio do actual de Baamonde para conservatorio profesional de música, e a construción dun auditorio dentro deste para as actividades do centro e para concentrar nesta instalación cultural diversas actividades culturais do concello. O actual polideportivo do colexio de Baamonde manteríase na súa función de promoción deportiva na localidade”, indica José Ulla.

Pola súa banda, a comunidade educativa, baixo o paraguas da Asociación de veciños Montenegro, manifestou a súa total disconformidade con esta medida xa que “a escola ofrece un bo servizo e que nos momentos actuais de pandemia sería preferible non concentrar ao alumnado”. Xa realizaron unha primeira manifestación e aseguraron que de non volverse atrás seguirán con concentracións e protestas.

## Colocados paneis identificativos dos seus monumentos

O Concello de Begonte rematou o proceso de instalación de paneis identificativos dos recursos turísticos do Concello. De feito, colocáronse 19 carteis nas igrexas das parroquias co obxectivo de dar valor a estes monumentos e poder aumentar o turismo.

O proxecto contou cun orzamento de 17.764 euros e foi subvencionado por un convenio coa Consellería de Turismo. Os soportes son de 1,40 por 1,49 metros e levan incluídos paneis informativos de 65 por 40 centímetros con bandexa e pata de aluminio lacado e vinilo impreso.

A información que se ofrece ao visitante consta do tipo de arquitectura do templo, o ano de construción ou o plano da base. Tamén está adapta-



Un dos novos paneis

do a braille. Paralelamente, o Concello gravou un vídeo promocional do Concello no que se destaca a riqueza cultural, paisaxística e gastronómica do mesmo.

AGRADECER, COMPARTIR E ILUSIONAR

AGRADECIDOS POR COMPARTIR  
EXPERIENCIAS, ALEGRÍAS, PENAS, EMOCIÓN E PODER  
ILUSIONAR CADA DÍA A TODOS OS QUE NOS RODEAN.



Rúa da Macifeira, P.47 Pol.Ind. Sete Pontes  
27800 Vilaíba (Lugo)  
Telfs: 982 512 875 / 670 768 334  
E-mail: administracion@distega.es

Bo Nadal



## O Pleno de Begonte aproba o seu orzamento e adxudica o SAF

A corporación municipal de Begonte aprobou por unanimidade o seu orzamento anual, que ascende a 2.770.690 euros para o 2021. Do total, a maior parte deles, o 56%, que corresponde ao redor de 1.566.000 euros, destinarase ao mantemento de servizos públicos como iluminación, rede de sumidoiros e abastecemento de auga, entre outros.

Para o capítulo de persoal prevese un gasto duns 620.000 euros, que se traducen en algo máis do 22% do total do orzamento. Por outra banda, o Servizo de Axuda non Fogar rexistra un importante aumento orzamentario con respecto ao ano pasado despois de que se incrementase o prezo da hora na nova adxudicación do servizo. Este supón uns 430.000 euros, que son máis de 100.000 euros máis que o ano pasado.

Tamén hai outras partidas definidas, como 152.000 euros para re-

partir entre asociacións culturais e deportivas e outras subvencións e a de 90.000 euros do fondo de continxencia para imprevistos. O capítulo de investimentos está dotado cuns 325.000 euros, pero quedan pendentes dos remanentes de tesourería, convenios que se poidan asinar con distintas administracións ou a construción do parque eólico entre Friol, Begonte e Outeiro de Rei. Dentro do capítulo de investimentos, o Concello destinará 200.000 euros, a partida máis elevada, á reparación e mantemento da rede viaria municipal, xa que están a realizar un proceso de transformación do asfaltado a aglomerado en quente, dos que xa se levan feito 40 quilómetros. A estes uníranse previsiblemente os fondos procedentes de subvencións da Xunta e a Deputación. Outros 50.000 euros destinaranse ao acondicionamento de espazos públicos e

instalacións municipais, como a antiga cámara agraria, a fonte de Baldomar ou a capela de San Vitorio.

**SAF.** O Concello de Begonte adxudicou á empresa pontesa Virxe do Carme o contrato do Servizo de Axuda non Fogar na modalidade de dependencia. O importe da licitación ascende a 1.021.363,20 euros por un período de dous anos.

Finalmente o contrato, ao que tamén se presentou a empresa Servital, renova coa que xa ten o servizo na actualidade e faino cunha cunatía de 510.651 euros ao ano e un total de 30.660 horas deixando finalmente o prezo da hora de servizo en 15,99. Da atención domiciliar dos 70 usuarios que ten na actualidade encárganse uns 20 traballadores, entre os que figuran unha persoa encargada da coordinación da asistencia e as auxiliares.

## Adamo activa Internet de alta velocidade

Adamo chega ao concello de Begonte. O operador, como é habitual, aterriza con Internet de alta velocidade. En concreto, a empresa pon ao dispor dos veciños da localidade lucense a fibra óptica máis rápida que existe hoxe en día no mercado de telecomunicacións (1.000 Mbps).

A compañía conta coa colaboración do Concello de Begonte, que en todo momento facilita o labor dos técnicos de Adamo. De feito, empresa e institución municipal formalizaron hai poucos días un acordo para que leve a cabo este despregamento de rede. O apoio da autoridade local tamén quedou patente na presentación do servizo de Adamo, á que acudiron José Ulla Rocha, alcalde de Begonte, así como David Llano, delegado rexional da empresa na zona. Desta maneira, o ritmo de crecemento do operador apenas se ve influído pola irrupción da covid-19: o operador de telecomunicacións leva fibra óptica a 25.000 novos fogares ao mes en España a pesar do coronavirus. Nese sentido, cabe subliñar que os tempos actuais -marcados



O alcalde e o delegado de Adamo

pola pandemia- esixen aos operadores de telecomunicacións que sexan capaces de satisfacer a enorme demanda que existe de contar cunha conexión da internet de calidade. Para iso, como xa se sinalou, Adamo asegura que ofrece a fibra óptica máis rápida do mercado (1.000 Mbps), que se traduce en poder teletraballar cunha conexión estable, manter videoconferencias sen cortes, estar máis preto dos familiares e amigos que viven lonxe, comprar a través de Internet, ter a posibilidade de acceder a educación de forma remota ou ver series ou gozar de videoxogos en liña, entre outras opcións.

## Primeira edición do belén virtual

A Delegación da Xunta en Lugo acolleu a presentación dunha nova edición do Belén de Begonte adaptada ás restricións impostas pola situación sanitaria, polo que propón unha visita virtual pero conserva a totalidade dos certames e a actividade cultural vinculada ao evento.

O Belén, a piques de cumprir 50 anos -en decembro do 2021-, poderá ser visitado nesta ocasión a través da súa web, que recolle a historia e outra información de interese sobre o proxecto. Xa está incorporado tamén o pregón deste ano, a cargo do secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García, pregón que virtual por primeira vez na historia.

Exposicións e certames culturais completan a programación de actos. Así, xa está aberta ao público a exposición fotográfica Imaxes do Nadal, na sala de exposicións da Delegación Territorial; a partir do 2 de xaneiro pasará á Biblioteca Pública Provincial, que agora alberga a mostra No Belén de Begonte, seis paneis con fotografías acompañadas de anacos de poemas correspondentes aos traballos premiados en diferentes edicións do Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal.

No marco do Belén, convócase de novo este concurso de poesía así como os de xornalismo, debuxo infantil e o certame galego de arte José Domínguez Guizán, estendendo o prazo de admisión ata o 15 de xaneiro.



ro. Tamén da man da nova edición, chega o libro que recolle os traballos xornalísticos e os poemas gañadores o pasado ano.

O Belén de Begonte, declarado de interese turístico de Galicia, conta aproximadamente con medio cento de grupos de figuras que desenvolven oficios e actividades tradicionais, e recibe cada ano entre 30.000 e 40.000 visitantes.

Nesta edición, os seus responsables apostaron por reforzar a páxina web para chegar ao maior número de persoas e de territorios desde as redes. Así, ao longo dos vindeiros días irán incorporando novos contidos que permitirán admirar o Belén en detalle e ofrecerán explicacións en castelán, galego e inglés.

**RECOLLIDA DE ALIMENTOS.** O Concello de Begonte organiza, un ano máis, unha campaña de recollida de alimentos en favor de todas aquelas familias da contorna que o están a

pasar mal. Esta campaña estará en marcha ata o 21 de decembro.

Recolleranse todo tipo de alimentos non perecedeiros como doces navideños, latas de conserva, aceites, leite, legumes, arroz, etc.

O punto de recollida estará situado na propia casa consistorial en horario de luns a venres de 9.00h a 14.30h.

**HECTÓMETRO.** O escultor Víctor Corral foi elixido pola asociación Xermolos e a Irmadade Manuel María para recibir unha homenaxe no próximo Hectómetro Literario que se colocará no Paseo dos Soños, á beira do río Magdalena de Vilalba, preto da capela e do muíño. Será o hectómetro número XV e foi escollido o escultor begontés pola súa mestría que se pode ver na súa casa museo de Baamonde ou nas múltiples obras que ten repartidas por distintos lugares do mundo.



**ELECTRICIDAD**

**MONCHO SANTOME**

**FOLGUEIRAS INVERSIONES SL**

**FINALIZAN OBRA EN CALLE FOZ, 6**  
A 150 m da Praza da Constitución  
**Vivendas de 2 e 3 dormitorios**

**982 512 444 - 659 080 853 / www.folgueirasinversiones.com**  
**Desexamos saúde e ánimo. Nunca choveu que non escampara!**



## A Xunta dá luz verde á primeira fase das obras de abastecemento



Unha vista dunha das vías de acceso a Castro Ribeiras de Lea

O Consello da Xunta autorizou a colaboración técnico-financiera da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade co Concello de Castro de Rei para executar a 1ª fase de mellora do sistema de abastecemento de auga ao núcleo de Castro de Ribeiras de Lea, cun investimento de preto de 630.000 euros.

As obras pretenden resolver os problemas que presenta o sistema de abastecemento de Castro de Rei no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea, desde onde tamén se abastece ao polígono industrial da zona. Esta rede presenta déficit de presión en distintos puntos durante o período estival e, polo tanto, falta de capacidade para cubrir as demandas nesta época.

Para buscar solucións a esa falta de capacidade da rede para cubrir as demandas punta estivais, Augas de Galicia encargou a redacción dos proxectos para a mellora da rede de abastecemento de auga de Castro de Rei, fase I e fase II para desenvolverlas en dúas etapas.

Nesta primeira etapa, executaranse as solucións definidas na fase I do proxecto, mediante a construción de 2 tramos de tubaxe de abastecemento de polietileno de alta densidade no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e inmediacións do termo municipal. Os tramos de condución

proxectados permitirán conectar coa rede existente nos seus extremos, coa fin de solucionar as deficiencias de presión detectadas no sistema de abastecemento na época estival.

Proxéctase tamén a execución de varias arquetas de formigón armado para aloxar as ventosas e desagües proxectados, así como as conexións coa rede existente.

**SEGUNDA ETAPA.** A segunda etapa das intervencións previstas, correspóndese coa fase II, e ten un orzamento base de licitación de máis de 355.000 euros. Nesta intervención posterior, prevese a execución dun ramal que, partindo das conducións realizadas na Fase 1, melloren a conexión co polígono industrial e o servizo.

O obxectivo destas intervencións é dotar o municipio dun sistema de abastecemento depuración que responda ás necesidades da poboación. Así, o proxecto no seu conxunto dará servizo a preto de 2.600 habitantes desta contorna para o ano 2040.

Estas actuacións enmárcanse na liña de colaboración que vén prestando a Xunta de Galicia aos concellos no desenvolvemento das súas competencias municipais de abastecemento e depuración.

## Adxudicada a mellora das beirarrúas de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei adxudicou a primeira fase da obra das beirarrúas da capitalidade municipal á empresa Contratos y Servicios Castro por importe de 85.305 euros.

As obras, que terán un prazo de execución previsto de dous meses, iniciáronse este mes e con elas preténdese reformar as beirarrúas existentes na principal vía de comunicación da vila de Castro de Rei, dende o inicio da rúa Alcalde Emilio Sinde Nieto, ata a intersección coa rúa Manuel Becerra, favorecendo o tránsito peonil en ambas marxes.

O obxectivo desta obra á a creación dunhas estruturas de paso en bo estado que permitan unha circulación segura facilitando condicións de accesibilidade e comodidade e



Un tramo dunha das vías onde se actuará

igualmente mellorando a súa estética, aspectos que se levarán a cabo mediante a demolición do pavimento de baldosa e bordos existentes colocando pezas prefabrica-

das de bordo e capa de formigón con acabado tipo raiado, de xeito que o pavimento resultante poida cumprir coa normativa vixente de accesibilidade.

## Licitado o proxecto de mellora da Edar de Castro Ribeiras de Lea

O Concello iniciou o proceso de licitación do proxecto de ampliación e mellora da eficiencia enerxética da depuradora (Edar) urbana de Castro Ribeiras de Lea.

As obras están financiadas cunha subvención do Idae de axudas a proxectos singulares das entidades locais que favorezan o pasao a unha economía baixa en carbono. Esa axuda significará o 80% do custe total, que ten un orzamento de 1.369.733 euros. O resto estará ao cargo dos fondos propios do Concello.

Segundo explica o alcalde, Francisco Balado, a finalidade do proxecto consiste en reducir os verquidos, mellorando a calidade da deputación das augas residuais, duplicar a capacidade da depuradora, pasando de 350 metros cúbicos ao día a 700, e mellorar a eficiencia enerxética,



A actual Edar de Castro Ribeiras de Lea

transformando o reactor biolóxico existente nunha canle de decantación primaria e instalar dúas novas liñas de tratamento biolóxico, unha por cada 1-500 habitantes, así como un decantador troncocónico, o que permitirá duplicar a capacidade.

“Dende o Concello valórase moi positivamente a concesión da subvención para esta finalidade, sobre todo de cara evitar verquidos da depuradora que en moitas ocasións non podíamos controlar por falta dos mecanismos”, engade o alcalde.

## Os nacionalistas volven esixir o amaño da avenida da Terra Chá

O grupo municipal do BNG volveu elevar as súas críticas sobre o estado no que se atopa a avenida da Terra Chá, xusto á entrada da vila de Castro Ribeiras de Lea, e o comenzo da estrada que vai ao Matodoso. Segundo explican, a vía anégase cada vez que chove. “A veciñanza da zona xa está farta que o goberno municipal do PP non faga nada por darlle

solución a este problema e ter que facer números para poder acceder aos seus coches”, explican.

Os nacionalistas engaden que “vai sendo hora que o goberno municipal do PP asuma as súas responsabilidades e se poña a traballar dándolle solución a esta e a moitas obras pendentes que hai polo concello adiante”.

**ATABERNA**

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA  
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD  
PASTAS FRESCAS DE VERDAD  
ALCO...  
NUESTRA CARTA  
BACIONES  
ALCO...  
PICAR  
BOREAR  
VILLAS  
SERVICIO A DOMICILIO en casco urbano y polígono



# USC e Deputación inauguran a Granxa Gayoso Castro

A Deputación inaugurou a Granxa Experimental de Leite na finca Gayoso Castro, unha instalación pioneira, ao tratarse do primeiro centro público experimental de Galicia que aúna formación e investigación sobre o sector lácteo.

A institución provincial destinou 1.250.000 euros para construír e dotar a instalación, o 90% do investimento necesario, achegando a USC o 10% restante. A Deputación asumirá ademais o 100% dos gastos de funcionamento.

A Unidade de Leite da Granxa Gayoso Castro da Deputación ten como obxectivo poñer a formación, a investigación e a innovación ao servizo dos gandeiros e das gandeiras da provincia, de todo o sector primario, e do desenvolvemento do rural.

Nesta granxa analizaranse todos os parámetros e os problemas das explotacións gandeiras para despois ofrecerlle ao sector primario pautas de mellora e solución.

A Granxa Experimental de Leite cubre ademais unha parte importante das prácticas da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior de Enxeñería do Campus Terra, o que suporá un engadido de calidade na formación do alumnado porque farán prácticas nun laboratorio vivo. Neste senso, lembrou que o 25% dos seus grupos de investigación do Campus Terra están relacionados coa produción láctea.

De feito, as instalacións recibiron xa a visita da primeira quenda de estudantes da sede universitaria luguesa, cuxo alumnado e profesorado atopa nesta nova infraestrutura un resorte engadido para



Un momento da inauguración da granxa

o desenvolvemento do seu labor de formación.

**AS INSTALACIÓNS.** As instalacións están construídas nunha finca de 15.500 metros cadrados de titularidade da Deputación, e ao pé da Granxa Gayoso Castro. Ten capacidade para 70 vacas produtoras e 12 secas. Conta cunha nave para gando de leite, unha nave de maquinaria, un aulario (habilitado para 40 alumnos e alumnas, e 20 prazas de persoal investigador), unha fosa de xurro e dous silos de formigón.

Deses 15.500 metros cadrados, 4.400 metros cadrados utilízanse para as infraestruturas. A maiores do previsto inicialmente, a Deputación decidiu pavimentar a contorna da Granxa Experimental, investindo preto de 140.000€, para mellorar a presenza e os accesos á infraestrutura.

Instalouse unha sala de muxido que terá capacidade para dez cabezas de gando e que utiliza un robot, un mecanismo que se combinará co pastoreo, un sistema pouco común aínda

en Galicia pero moi estendido noutras zonas de Europa e que permite diminuír os custes e valoriza o leite. Incorpora un conxunto de medidas de benestar animal, entre as que se inclúen o cepillo rotativo, cornadizas, cubículos e galbanizados.

O centro conta cunha zona de observación, que facilita a visión total da instalación, un aspecto útil á hora de desenvolver as prácticas.

**INAUGURACIÓN.** No acto de inauguración da Granxa Experimental de Leite asistiron deputados e deputadas da Corporación provincial, representantes e profesorado da Universidade de Santiago de Compostela, membros da corporación municipal de Castro de Rei, alumnado que está desenvolvendo as súas prácticas nas instalacións, persoal da Deputación e da Granxa, e as persoas encargadas da dirección da obra. Unha vez feita a inauguración oficial, en grupos reducidos desenvóléronse visitas guiadas por persoal técnico ás diferentes dependencias que conforman a Granxa Experimental de Leite.

# Melloran as vías que comunican Castro de Rei con Castrolande



Visita dos alcaldes dos dous concellos e do delegado territorial ás obras

A Xunta de Galicia impulsou a mellora das vías municipais que unen os núcleos da Meda, no concello de Castrolande, e Orizón, no de Castro de Rei, proxecto que cofinanciou con 50.000 euros ao abeiro dun programa de axudas da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, visitou a zona acompañado polos alcaldes de Castrolande, José María Arias, e Castro de Rei, Francisco Balado. Explicou que, ao tratarse dunha iniciativa conxunta entre ambos concellos, as obras recibiron a contía máxima prevista na convocatoria de apoios para a creación ou mellora de infraestruturas ou dotacións municipais. A chegada do Goberno galego representa practicamente o 50% do orzamento investido (105.668 euros).

A actuación, recentemente rematada, consistiu na pavimentación de preto de 3 quilómetros de vías, o 65% deles situados no termo de

Castrolande. Entre os traballos realizados figuran a limpeza de foxos, aplicación de base de macadam e acabado con triple rega asfáltica. Tamén se procedeu á limpeza das cunetas para facilitar a evacuación das augas de escorrentía superficial fóra da plataforma da vía.

O delegado subliñou "a mellora nas condicións de uso da estrada, tanto para os vehículos en xeral como para a maquinaria agrícola". Neste sentido, apuntou que ademais de conectar os dous núcleos rurais -que suman arredor de 150 habitantes- a vía de acceso a numerosas parcelas agrarias que conforman a base da economía local. Na mesma liña, Arias afirmou que este programa do Goberno autonómico pretende colaborar na mellora das condicións de vida das persoas residentes nas áreas rurais, proporcionándolles infraestruturas ou servizos acorde coas súas necesidades, que faciliten a implantación de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación.

## EN BREVE

**EXPOSICIÓN.** O Museo do Castro de Viladonga vén de abrir a mostra itinerante *Antropoloxía visual dunha sociedade confinada*, una mostra promovida polo Museo Etnolóxico de Ribadavia para reflexionar sobre a situación sanitaria actual. A mostra reflexiona sobre o impacto social a través das fotografías de Agostiño Iglesias, Brais Lorenzo, Miguel Muñiz, Miguel Riopa, Mónica Vila Ferreiros, Óscar Corral, Óscar Pinal, Rosiña Vermello e Santi M. Amil e os vídeos realizados por Ainhoa Viñuela Don e Branca Selas Chao. A mostra poderás visitarse no Museo do Castro de Viladonga ata o próximo 1 de marzo.

**HOMENAXE.** O temporal obrigou a suspender a homenaxe á figura do político, escritor e humanista Ma-

nuel Becerra Bermúdez, coincidindo co 200 aniversario do seu nacemento, na parroquia da Ponte de Outeiro prevista para o día 4 de decembro.

**CRECENTE VEGA.** A Comisión Crecente Vega vén de recuperar a tipografía orixinal empregada na publicación do libro *Codeseira*, de 1933. Este fito foi posible grazas á colaboración de Natalia Crecente García, familiar do poeta de Castro de Rei, membro da Asociación Galega de Deseño e docente na Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo. O poema *Señard* foi a composición seleccionada para presentar o resultado desta nova tipografía, que afronta a fase de revisión final para ser empregada nas accións de difusión da Comisión Crecente Vega.

Chegou por fin o "NOVO SÍ QUERO", que ilumina o momento tan deseado con emoción e novas ilusións.



Longa foi a espera e máis todavía a distancia, pero chegou o momento para que unha noiva dea a ver que ningún impedimento será quen de imporse aos seus sentimentos. O carácter e a personalidade das xoias estarán da súa parte.



En "Victor Mato" Rúa da Pravia, 29 en Vilalba temos todo a punto para aportar esa luminosidade especial que toda parella quere para o seu casamento



É así que a expresión simple e sen adorno da composición tradicional trócase nas novas formas en xoiería, un relumbrar de modelos únicos na súa composición. Se os protagonistas da voda pretenden ser únicos na súa celebración, por que non ían selo os seus aneis?

Os aneis de voda recollen os momentos, os sentimentos e custodían con esmero a expresión de amor eterno na parella...



LONXE DE NÓS A TRISTEZA, QUEREMOS VOLTAR Á LEDICIA DO AMOR EXPRESADA NOS ANEIS DE VODA.





## O Concello licita a xestión dos locais Centro e O Muíño

O Concello de Meira iniciou a licitación da explotación do bar cafetería Centro e o bar restaurante O Muíño, situados na praza Maior e no parque Profesor Río Barxa, respectivamente.

Ábrese así o concurso público para a xestión de ambos os dous establecementos, considerados bens patrimoniais, debido a que venceu a concesión de dez anos que estaba vixente.

O novo contrato volverá ter a mesma vixencia e o arrendatario terá que abonar unha fianza de tres meses, segundo figura nas bases. Outra das normas é que non está permitida a subcontratación.

O Concello elaborou para este



Unha imaxe do bar Centro de Meira

concurso unhas novas bases, xa que as que había estaban obsoletas, e tamén un estudo de mercado para fixar o prezo de saída. Este estipulouse en 550 euros no caso do bar Centro e de 750 euros no do restaurante O Muíño.

O prazo de presentación de ofertas de empresas e particulares xa rematou polo que o Concello dará pronto a coñecer o resultado do proceso de xestión de dous locais de gran relevancia para o turismo na vila.

## O Concello fará na súa web unha listaxe de autónomos e empresas

O Concello de Meira está en proceso de renovación da súa web municipal que fará en consonancia cos empresarios do termo municipal.

Deste xeito, vense de facer público un comunicado no que lembra a todas as empresas e autónomos a posibilidade de achegar os seus datos para seren publicados no directorio de empresas e profesionais que terá a nova páxina, que poderá visitarse na dirección habitual, [www.concellodemeira.com](http://www.concellodemeira.com).

Para inscribirse na web poden recollerse os formularios na mesa da entrada da casa consistorial ou descargalos da web actual ou mesmo solicitalos por correo en [consultas@concellodemeira.com](mailto:consultas@concellodemeira.com).

O prazo para poder inscribirse na web estará aberto ata o 15 de decembro. O obxectivo desta listaxe é darlle publicidade aos negocios.

## Acea de Meira crea bonos agasallo e un concurso de escaparates

A Acea de Meira vén de iniciar unha forte campaña de Nadal na que se engloban diferentes iniciativas co obxectivo final de impulsar o consumo no comercio de Meira durante este Nadal.

Deste xeito, para aqueles que queiran agasallar aos seus seres queridos no Nadal e non sepan como facelo, puxeron tarxetas agasallos que consisten en bonos canxeables nos 140 locais asociados a día de hoxe. Son bonos de 10 euros que serían acumulables para o mesmo local ou para diferentes. Os bonos están á venda a través dos cinco socios da directiva, Plenario, Eloy, Raquel, Diego e Mónica.

Ademais, tamén botou andar un concurso de decoración de esca-

parates aberto a toda a poboación. Un total de 40 locais presentaron a súa proposta de decoración a través dunha fotografía coa que se creou un álbum en Facebook.

Ata o vindeiro 6 de xaneiro de 2021, as 3 fotos que acumulen un maior número de interaccións positivas nesta publicación, enténdese por tales: me gusta, me encanta, me importa, me divierte e me asombra serán as gañadoras desta edición. Pecharanse as votacións o día 6 de xaneiro.

Como complemento teñen colocado no centro da vila un photocall dun nacemento no que todos os veciños e visitantes poderán ter o seu recordo deste atípico Nadal.

## A oficina de Turismo cambia de ubicación



A vella oficina de Turismo de Meira

A oficina de turismo de Meira pechará a finais de mes para poder facer a mudanza á súa nova ubicación, segundo anunciaron dende este centro informativo do Concello.

Así, a previsión é que coincidindo coas vacacións escolares pecharase a instalación actual, situada na praza do Convento, para abrir despois de Reis na súa nova ubicación, na planta baixa da casa consistorial, con entrada

dende a praza principal.

Na oficina traballa unha única persoa que ten durante todo o ano (agás nos meses de xullo e agosto) horario de mañá de luns a venres (9.00 a 15.00 horas) os sábados de 10 a 14.00 e de 16.30 a 19.00 horas. Os domingos tamén ten horario especial de 10.00 a 14.00 horas.

No verán amplían á tarde o horario de atención ao público durante a semana.

## O BNG pedirá no Parlamento reforzos para o centro de saúde

O BNG levará ao Parlamento unha iniciativa para pedir o reforzo dos servizos de pediatría e de atención continuada do centro de saúde de Meira, que atende aos concellos da Pastoriza, Pol, Riotorto, Ribeira de Piquín e A Pontenova.

A deputada parlamentaria Olalla Rodil trasladará ao Hórreo a demanda que lle trasladaron representantes municipais da formación nacionalista destes concellos, que suman preto de 10.400 habitantes dispersos nunha área territorial de 630 quilómetros cadrados.

No caso do servizo de pediatría, unha única profesional atende aos nenos dos seis concellos, desde os centros de saúde de Meira, no que está tres días a semana, e A Pastoriza, onde atende os outros dous.

Rodil expuxo que "en moitas ocasións, cando a persoa titular da praza colle unha baixa ou exerce algúns dos seus dereitos laborais non é substituída por outra persoa e obrígase a eses nenos e nenas a seren atendidos nos centros de cabeira ou a desprazarse ata Vilalba, ou directamente ao Hula". Así, avanzou que "desde o BNG solicitaremos que os centros de saúde de Meira

e Pastoriza contén con pediatra a tempo completo para que os nenos e nenas teñan a atención especializada que necesitan e á que teñen dereito".

No tocante ao Punto de Atención Continuada (PAC), a parlamentaria nacionalista subliñou que "a necesidade de reforzar o servizo, que queda ao descuberto cando os profesionais teñen que desprazarse para urxencias ou atencións a domicilio xa que o centro de saúde cun único equipo que dá cobertura a unha área territorial de 630 quilómetros, desde Castroverde ata Asturias". Rodil indicou que "o PAC necesita durante a semana e os sábados con alomenos dous equipos completos, como ocorre en domingos e festivos".

Na últimas semanas, o Sergas recuou na decisión de reducir o servizo a un único equipo tamén en domingos e festivos, como denunciaron os propios profesionais do centro de saúde a través dun cartel informativo.

"Desde o BNG estamos convencidas de que o que necesitan os concellos do rural é reforzar os servizos públicos, para fixar poboación e frear na medida do posible o despoboamento", concluíu Rodil.





## Tres concellos únense para poñer en marcha unha ruta btt

Os concellos de Mondoñedo, A Pontenova e Riotorto veñen de poñer en marcha a ruta btt de longo percorrido vencellada aos oficios tradicionais que une a estes tres concellos nunha distancia de máis de 190 km.; e que tamén se reparten en cinco rutas parciais que unen as capitalidades municipais.

Tendo en conta que é un proxecto participativo e no que se vai contar con toda a xente que se queira involucrar e mellorar os actuais trazados e realizar propostas de futuro habilitouse un mail de comunicación que é [btt.mundo.munid@gmail.com](mailto:btt.mundo.munid@gmail.com) para facer o feedback ao proxecto unha vez presentado.

Neste proxecto desenvolveuse unha ruta para bicicletas de montaña de longo percorrido na que se priorizou o emprego de pistas sen asfaltar de titularidade municipal coa finalidade de promover esta ruta para outras actividades deportivas e/ou cultu-



Clemente Iglesias, alcalde de Riotorto, nun punto da ruta

rais que poñan en valor o carácter montañoso dos Concellos e os seus valores naturais e culturais que se poderán coñecer nos máis de 190 quilómetros que conta esta ruta.

O proxecto seguirá evolucionando ao longo dos anos seguintes con numerosas actividades e melloras a esta ruta que pretende ser un referente do btt a nivel interautonómico, posto que se está a traballar co Con-

cello de Taramundi para unir ambos territorios mediante un trazado común.

O obxectivo final do proxecto é seguir poñendo en valor o patrimonio identificado e que se poderá descubrir ao longo do trazado previsto, fomentando o coñecemento e novas experiencias para os visitantes, na busca de que regresen en numerosas ocasións ao territorio.

## O PSOE acusa ao alcalde de enchufismo na contratación da súa muller no Concello

A deputada de Lugo, Patricia Otero, vén de acusar de “enchufismo” ao alcalde popular trala contratación da súa muller como titular dunha praza de administrativa no Concello. A responsable socialista denunciou o procedemento levado a cabo no Concello de Riotorto, que convocou tres prazas no Concello. A responsable socialista incidiu en que “as bases non foron publicitadas” polo consistorio e “foron asinadas polo propio alcalde”, quen “permanece sen dar explicacións da contratación, ante un procedemento que está cheo dunha falla de ética sen precedentes na historia da vila”.

“Parécenos moi sorprendente que só se presentaran dúas persoas a esta convocatoria, cando o que se requirían era estar en posesión do título de EXB” tendo en conta que

nunha convocatoria similar “nun concello próximo se presentaron 150 persoas”, aseverou a socialista. Recalcou que, “nunha situación excepcional como a que estamos a vivir, non é comprensible que unha praza destas características non fose publicitada no BOP nin nas redes sociais do propio Concello”, o que “dá a entender que canta menos xente decate da oferta, mellor”. “Xa o dicía Fraga, os fillos do PP aproban as oposicións en Galicia porque son máis intelixentes, aínda que non sabemos se isto está demostrado cientificamente”, aseverou a socialista. Otero lamentou que na provincia de Lugo este sexa “un modus operandi habitual do PP”, cando algunhas administracións públicas dirixidas por dirixentes do PP “parecen máis ben empresas familiares”.

## Meira e Riotorto organizan videochamadas con Papá Noel e cos Reis Magos

Os concellos de Meira e Riotorto veñen de comunicar que están a organizar videochamadas con Papá Noel e cos Reis Magos, dirixido aos nenos dos municipios.

O rexistro pode facerse dende a web [www.nadal2020.es](http://www.nadal2020.es) no que haberá que indicar nome, datas e teléfono. Xa está aberto o prazo para rexistrarse na plataforma e organizar as videochamadas.

As inscricións para Papá Noel son do 25 de novembro ao 17 de decembro e para os Reis Magos do 25 de novembro ao 29 de decembro.

Se algún pai ou nai non ten whatsapp e non pode recibir a videochamada, deberán chamar ao teléfono de



información da plataforma 641 585 245, e dende ese teléfono facilitarílle a ese pai ou esa nai a maneira de que o neno poida falar con Papá Noel ou cos Reis. En todos os casos, a reserva de cita pode ser para Papá Noel, para os Reis Magos ou para ambos. Este servizo é de carácter totalmente gratuíto para as familias.

## O Concello acomete obras do Plan Único por valor de 202.000 euros

O Concello de Riotorto iniciou xa algunhas das obras previstas para este ano con cargo ao Plan Único da Deputación, obras que terán un orzamento total de 202.212 euros e que se destinarán principalmente ao asfaltado de camiños e accesos. Xa rematou a obra de acceso aos núcleos de Val, Mundín, Lourido e Cachán; así como o proceso de mellora dos accesos ao núcleo de Moxueira.

O resto de obras, tal e como informou o alcalde, Clemente Iglesias, desenvolveranse despois do Nadal. Unha delas será a mellora de accesos ao núcleo de Vilaseca, que ten un orzamento de 51.629 euros



Algunhas das melloras realizadas

e unha aportación municipal de 6.829.

Continuarán tamén cos accesos ao núcleo de Azoreira, Cima de Vila e Torrentas, orzamentado en 45.253 euros e tamén con aportación municipal valorada en 5.253 euros.

Completan os proxectos de obras os 14.628 euros que se destinarán ao telecentro e para o servizo de augas do Concello, concretamente no depósito de Teixeira. Non falta tampouco o proxecto de iluminación do campo de fútbol, que ten un presuposto de 4.658 euros, dos que 1.658 serán fondos propios.

Ademais do asfaltado, os cartos do Plan Único irán dirixidos ao Servizo de Axuda no Fogar, que se leva 22.100 euros deste plan do total de 25.100. Tamén 44.314 serán para programas de fomento do emprego e mil para actividades culturais. 1.200 euros destinaranse á organización de actividades deportivas.

MESÓN  
MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)  
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522  
[mesonmartinez@hotmail.com](mailto:mesonmartinez@hotmail.com)

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS  
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 512 233 - [info@enerxiaterracha.es](mailto:info@enerxiaterracha.es) - [www.enerxiaterracha.es](http://www.enerxiaterracha.es)



## O alcalde di ao PSOE que non haberá axudas nin rebaixas de impostos



Inundacións na parroquia de Goá

O Pleno do Concello de Cospeito centrouse esta semana en diferentes trámites polo que o tempo principal dedicouse unha vez máis ás 11 preguntas que presentou o grupo socialista ao Pleno, moitas delas repetidas de anteriores edicións e que non recibiran contestación.

O PXOM volveu sacarse a colación xa que o PSOE quería saber como avanza o proceso por parte do equipo redactor e se están resoltas as alegacións. O alcalde asegurou que están nas mans do equipo redactor as 500 alegacións pero que nada se sabe. “A situación é preocupante, o tempo que levamos esperando. Vemos que non se avanza e seguimos pendentes de que se convoque unha comisión de urbanismo para comentar esta situación”, indica a voceira socialista, Rosa Morán.

A situación da covid-19 no Concello volveu ser tema do día. O alcalde indicou, a preguntas do PSOE, que non hai previsto poñer en marcha ningún tipo de axuda para os negocios locais, nin baixada de impostos “tal e

como veñen facendo noutros concellos”, explica Morán. “Criticamos porque Cospeito é un dos poucos concellos que non fai nada. Cremos que é o momento de solidariedade e apoio, xa sabemos que as axudas non solucionan a vida a ninguén pero son unha aportación importante que indica que o Concello está aí e vemos que aquí non se fai nada. Esperamos que ao final se tome algunha medida”, engade.

**INUNDACIONS.** Os socialistas solicitarán ao alcalde que se recolla a ramaxe abandonada nas canles de Goá porque están a xerar inundacións. Segundo indica a concelleira, o Concello mandou facer o desbroce pero este non se retirou polo que a auga non circula e está chegando a casas onde antes non chegaba. “Sabemos que se trata dunha zona inundable pero non é normal que anegue todo isto e as previsións son que continuarán as choivas, polo que a situación empeorará se non se liberan de ramaxe as canles da auga”.

## Comeza o Mercado de Nadal de Muimenta con 29 negocios

A XII edición do Mercado de Nadal xa está en marcha dende o pasado mércores 9 de decembro para rematar o martes 5 de xaneiro do 2021 coa participación de 29 negocios. Trátase dunha actividade que se repite todos os anos e que forma parte das concretadas na reunión da Xunta Directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta, a cal engloba a gandeiros, profesionais e autónomos da vila.

Os premios a repartir serán vales de 100 euros cada un deles aos donos das papeletas que coincida cos tres últimos números do primeiro premio da Lotería de Reis

que se celebra o 6 de xaneiro. Ditos vales, deben ser consumidos, coma sempre, nos negocios que pertencen ao colectivo empresarial, nos trinta días posteriores a súa entrega.

Este ano serán 29 os negocios a participar polo que a contía dos premios é maior, xa que se repartirán un total de 18.000 rifas entre os clientes, o que pode significar gañar ata 1.800 euros. Neste ano, mantéñese o período para que os gañadores dos vales se den a coñecer aos membros da Xunta Directiva ou do negocio que lle entregou dita papeleta, para facer entrega do vale do premio.

## Patricia Torrado e Paula Domínguez gañan o III premio Torre de Caldaloba

O xurado do III Certame de Poesía Torre de Caldaloba outorgou os seus premios que correponderon na categoría de maiores de 18 anos a *Herdar a Fala*, de Patricia Torrado Queiruga, “un poemario de matiz intimista, que reflicte a dor e identifica un herdo culturalmente definido. Ao tempo que amosa de xeito ambigüo unha ferinte ausencia do fillo. Coa composición de estrofas brutais ante unha realidade desacomogante”, segundo o xurado.

En segundo lugar quedou *Unha teoría para os espectros*, de Abraham Pérez, “porque expresa un posthumanismo, nun xogo de figuras humanas que designan correntes de pensamento. Xuízo á nosa cultura, onde convida a non xustificar os mortos da historia nunha revolución social e política, transformación da pobreza agochada e de identidade humana”, di o xurado. Tamén houbo fallo na categoría de



Membros do xurado do III Premio Torre de Caldaloba

menores de 18 anos. O primeiro foi para *Outubro en dous actos*, de Paula Domínguez Barreiro, e o segundo para *Derradeiro adeus*, de María Montenegro Jamardo. O xurado estivo integrado por Armando Requeixo, Ana Mar Fraga Rábade, Adolfinha Mesa, Montse González Álvarez e Xosé Otero Canto, actuando de secretario Martiño Maseda, con voz pero sen voto.

A entrega de premios terá lugar o vindeiro sábado 19 de decembro, a partir das 18h, no local social de Pino (Cospeito). Este mes tamén se presentaron as obras gañadoras da segunda edición. Trátase das obras *Hora de penumbra*, de Xurxo Alonso, gañadora do primeiro premio, e *De casa queimada*, cuxa autora é Iria Collazo López, que acadou o segundo.

## O CPI Virxe do Monte, segundo nun concurso de Consumópolis


O CPI Virxe do Monte de Cospeito obtivo un dos premios dos concursos escolares Consumópolis e Galicons-net, impulsados polo Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para promover o consumo responsable entre o estudantado galego. Concretamente obtivo o segundo na categoría de primeiro

e segundo curso de ESO. Na décimo quinta edición de Consumópolis, organizada baixo o lema *Os teus actos de consumo poden cambiar o mundo, como o farías ti?*, participaron case 900 alumnos e alumnas de toda Galicia, que tiveron que deseñar, elaborar e presentar un traballo conxunto sobre consumo responsable que consistiu nun comic.

## Publican un libro e descubren unha placa sobre Luis Tosar

Dentro da colección de libros Semana de Cine de Lugo, o Grupo fotocinematográfico Fonmiñá vén de publicar *Luis Tosar, o descoñecido máis coñecido*, obra de Manuel Curiel, director da Semana de Cine desde a súa creación en 1979.

O libro, de 176 páxinas, a toda cor, é un estudio sobre a vida e a filmografía deste actor, oriundo do concello de Cospeito, onde naceu no pobo de Xustás no ano 1971. A súa tirada de 1.000 exemplares, será distribuído aos interesados na publicación a través das entidades patrocinadoras e colaboradoras da Semana de Cine. O actor cospeiteño conta tamén cun-



ha placa homenaxe no Paseo do Cine de Lugo, que se inaugurou durante a Semana de Cine sen que o actor puidese acudir ao acto.

## Unha empresa de Cospeito, finalista dos VIII Premios Bioga

Vinte e un candidatos optaron este 2020, un ano crave para o sector biotech, aos VIII Premios Bioga, convocados pola Agrupación industrial Tecnolóxico Empresarial das Ciencias de Vida (Bioga) un ano máis, e xa van oito, para incentivar o impulso e desenvolvemento de iniciativas empresariais vinculadas á biotecnoloxía e galardoar ás empresas máis competitivas e innovadoras. A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), apoian esta iniciativa, na que 21 proxectos e empresas biotech de Galicia buscarán facerse cos premios 2020 á Mellor Idea Empresarial Biotech, á Empresa Biotech máis Innovadora e á Empresa Biotech máis Competitiva. Por provincias, trece candidatos teñen a súa sede na Coruña (catro na cidade da Coruña, oito en Santiago e un en Melide); catro, en Pontevedra (un na cidade de Pontevedra, dúas en Vigo e outro máis en Salvaterra do Miño); dous, en Lugo (en Cospeito e na cidade de Lugo); e outros dous tamén en Ourense, ambos na capital.

A empresa candidata de Cospeito foir Innogando, que desenvolve tecnoloxía informática que favorece o benestar dos animais nas explotacións gandeiras e facilita a xestión aos propietarios de granxas. Ao final non se puido facer co premio.



## O Concello saca unha nova liña de axudas aos negocios locais

O Concello da Pastoriza vén de sacar unha nova liña de axudas dirixida especialmente a autónomos e entidades mercantís que teñen como obxectivo o impulso da actividades económica no termo municipal para paliar os efectos da covid-19.

Así, a subvención irá destinada para aqueles negocios ou traballadores que se viron afectados polo estado de alarma declarado o 14 de marzo e que terá unha contía

de 400 euros.

Así, serán subvencionables os gastos de aluguer durante o confinamento (ata o 30 de abril), as primas de seguro, os gastos correntes (auga, teléfono, electricidade, gas ou servizos de seguridade) e as cotas da seguridade social.

Poderán solicitar estas axudas aquelas persoas autónomas ou entidades mercantís con ou sen personalidade xurídica propia que

teñan o negocio no termo municipal, estean dadas de alta na Seguridade Social ou Mutua e ao día co pago das débedas.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 22 de decembro e poden presentarse no rexistro xeral do Concello.

Estas axudas súmanse ás publicadas hai uns días dirixidas aos estudantes para sufragar o gasto en libros e material escolar.

### EN BREVE

**NADAL.** O Concello da Pastoriza, a través do seu voceiro, Constantino Fernández, anunciou que desde no relativo aos concelleiros socialistas non se realizarán actividades de Nadal este mes. "Preferimos pecar de prudentes. Aínda que vamos ben, preferimos amarrar un pouco as cousas, ter un ano de poucas cousas e poder seguir como ata o de agora". A concelleira nacionalista anunciou que esperan poder facer cabalgata este ano pero está pendente da normativa da Xunta de Galicia.

**TEATRO AFECCIONADO.** A Asociación de Veciños da Reigosa celebrará o 19 de novembro a representación teatral de Lume Escénico *Cousa de bares*, apta para todos os públicos. É unha actividade promocionada pola Deputación de Lugo e totalmente de balde. Para poder asistir hai que reservar a través do whatsapp 658 264 473, no grupo da asociación ou na páxina web xa que as prazas son limitadas.

## Rematan varias obras de acondicionamento



Imaxe dos traballos realizados na canalización en Bretoña

O Concello da Pastoriza acomeu estes días varias obras mellora en diferentes lugares do termo municipal. Así, unha das obras que remataron foi o acondicionamento da parte exterior da escola de Úbeda.

Ademais, cun orzamento de

23.000 euros en colaboración coa Deputación Provincial levoouse a cabo a mellora da Estrada da Guarda e tamén se fixo o amaño da canalización na parroquia de Bretoña. Os traballos foron supervisados polo alcalde, Primitivo Iglesias.

## A Pastoriza pasa a ter só unha feira ao mes

A localidade de Pastoriza vén de realizar un cambio importante nas súas feiras, xa que deixa de celebrar unha á semana para pasar a ser mensual. Elexiuse como data para ela o primeiro sábado de cada mes.

Esta decisión foi unha iniciativa de comerciantes e hostaleiros, que se puxeron en contacto no Concello co alcalde e a secretaria para poder facer efectivo este cambio.

Deste xeito, a intención é facer unha feira forte unha vez ao mes con polbo, froita, pescado fresco, téxtil, artesanía e calzado e evitar que esta sega a esmorecer como está a pasar nas últimas datas.

Así, a primeira feira mensual tivo lugar o 5 de decembro e



para incentivala houbo un sorteo de 120 euros, que foron entregados en vales para gastar no núcleo de Pastoriza nos establecementos colaboradores.

## Últimos días para solicitar as axudas para material escolar

O venres 16 termina o prazo para solicitar as bolsas de material escolar e libros de texto dirixidas nenos e nenas do Concello da Pastoriza.

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado no Concello e escolarizado para o curso 2020/2021 en educación infantil, primaria e secundaria.

O obxectivo é "apoiar ás familias con menor renda per cápita do municipio que presenta dificultades eco-

nómicas para afrontar o gasto que supón o obxecto da axuda", indican dende o Concello.

Así con esta subvención, os solicitantes poderán mercar libros escolares, material escolar funxible, material de debuxo e mochilas e estoxos.

Como sempre nestes casos, a contía das axudas irán en función da renda per cápita familiar e oscilará entre os 120 e os 20 euros de axuda. Ademais, serán compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade por parte doutras entidades públicas ou privadas.





# Bloquinho de Xermolos

A banda de Guitiriz, especializada en composicións dinámicas, sinte paixón pola música afrobrasileira de Salvador de Bahía

Bloquinho de Xermolos é unha banda guitiricense con composicións da rama afrobrasileira, misturas africanas e unha infinidade de culturas que está composta por Kamy Iglesias, directora do grupo, marcación e timbau; Roberto Campello aos fondos; Gabriel Arias coa caixa; Marina Miraz co cortador e repenique e Xoan Mouriz tamén no repenique. Marina ten outro grupo de rock no que se encarga a batería e ademais toca o acordeón; Kamy sempre sentiu paixón e admiración pola percusión e tamén é pandereteira ademais de darlle a diferentes instrumentos da rama da percusión étnica. Pola súa banda, Roberto toca a frauta trave-seira fóra da percusión e sinte paixón pola música afrobrasileira; Gabriel é gaiteiro e tamén toca a trompeta e Xoán tamén é percusionista de música tradicional galega.

Esta aventura musical comezou xa fai varios anos cando se reunían unhas cantas persoas, concretamente amigos para tocar percusión, normalmente na area recreativa dos Sete Muiños, onde hai unha contorna natural que se presta moito a este tipo de música. Todos estes rapaces son de Guitiriz e arredores o que facilitou moito as súas xuntanzas.

“Algúns membros da banda somos amigos, outros pertencen tamén á Banda Municipal de Guitiriz e digamos que uns fumos chamando aos outros”, di Kamy. “É un grupo polo que xa pasou bastante xente diferente, aínda que agora intentamos estar fixos porque polo tema de ensaios e demais é moi difícil traballar se entra xente e sae continuamente”.

Este tipo de formacións préstanse a multitude de músicos, polo que



Formación actual dos Bloquinho de Xermolos e un obradoiro impartido no verán



sempre están abertos a acoller xente que sinta paixón pola música.

Polo grupo pasou moita xente diferente pero a día de hoxe “estamos os que tiñamos que estar nestes momentos, cada un de nós sinte verdadeiramente paixón pola música en diferentes ámbitos e pensamos que o máis importante para motivarse neste tipo de bandas é principalmente que che entusiasme tocar, non vale de nada estar por estar si esta música non che gusta, é imprescindible disfrutar ao máximo do que fas cos teus compañeiros, sentir a verdadeira vibración da percusión”, engade Kamy.

Lembran as primeiras ocasións nas que se xuntaban para ensaiar pois eran momentos moi creativos. A partir de aí “puxémonos a andar e comezamos a facer as nosas variacións e arranxos, aínda que sempre fumos moi puristas, queremos gardar moito rigor coas auténticas

raíces da música afrobrasileira de Salvador de Bahía”. A día de hoxe, hai moitas bandas deste tipo que practicamente constrúen temas novos dende cero e cando os escoitas pode estar moi ben a nivel técnico

**“É imprescindible disfrutar do que fas cos teus compañeiros e sentir a verdadeira vibración da percusión”**

pero non se identifican as verdadeiras raíces. “Nós construímos algunha cousa pero sempre tendo presente a auténtica esencia afrobrasileira”, di Iglesias.

Os ensaios comezaron na parroquia de Santa Mariña onde hai un des-

campado moi amplo e como non necesitan moito espazo para as coreografías, “sempre foi un sitio que se adaptou moi ben”. Xa no inverno necesitaban un espazo aclimatado e así pasaron por diferentes locais ata que o Concello de Guitiriz deixoulles un espazo da Casa Barxa.

A súa música son composicións moi dinámicas, con ritmos base, moitas quebradas e convencións polo medio que acompañan e reforzan coas coreografías. “É un traballo que esixe moitísima coordinación, cada un de nós somos unha peza imprescindible, é un traballo conxunto”, di Kamy. Esta música tense que compartir directamente coa xente da rúa, xa que é moi achegada que se fai a pe de rúa tal e como fan nas rúas de Bahía (concretamente no barrio do Pelourinho). É algo que chama moito a atención, unha música moi alegre, divertida e que resulta moi potente, “nada máis dar a primeira nota nun

sitio a xente xa nos percibe e sabe que algo estase cocendo”. Coa nova normalidade seguro que terán que cambiar moitas cousas e a nivel físico non poderán interactuar demasiado co público malia que no aspecto emocional farán todo o posible para que os sintan igual de preto ca sempre.

A primeira actuación que fixeron no pub Xoldra foi na festa da cervexa e a que lembran con agarimo porque tivo moi boa acollida xa que n aquel tempo este tipo de música era descoñecida na zona chairega e na provincia. “Cos anos, fumos conseguindo actuacións en festas e festivais moi importantes. Estivemos nas festas do San Froilán, no Festival de Pardiñas, na Maruxaina de San Cibrao, no Entroido de verán en Verín, nas Cabalgatas de Reis, e en moitas festas de vilas como Foz, Miño, Espasante, Vilalba, Panxón, Santiago de Compostela, etc...”, di Kamy.





## DEPUTACIÓN

# O Pleno da Deputación aproba un orzamento de 92,5 millóns de euros

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou un orzamento de 92,5M€ para investir nas persoas e na recuperación económica. A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, subliñou “as nosas liñas de acción prioritarias”: as políticas sociais, o apoio aos sectores produtivos estratéxicos, a cooperación cos concellos e a mellora da mobilidade”. Os orzamentos suben preto dun 1% con respecto ao ano pasado.

Aumentan os gastos un 20% das partidas en Bens e Servizos, “debido, sobre todo, a que ampliaremos a nosa Rede de Centros Públicos de Atención a Maiores coa apertura de novas residencias”. Así mesmo, García Bermúdez destacou a conxelación dos soldos dos membros da Corporación provincial.

**POLÍTICAS SOCIAIS.** A Deputación de Lugo dedica un terzo do total do orzamento a Políticas Sociais. Son 30M€ para Benestar, Igualdade, Emprego, Cultura, Deportes, Xuventude, Memoria Histórica e Educación.

Dentro das Políticas Sociais, destacou o investimento en emprego: “No 2021 duplicamos os recursos para o mantemento e a creación de emprego na provincia mobilizando 9M€: 5 deles contemplados nos propios orzamentos e 4 procedentes de fondos europeos”.



O equipo de Goberno, antes da entrada ao Pleno

García Bermúdez incidiu tamén na ampliación da Rede de Centros Públicos de Atención a Maiores da Deputación. O orzamento contempla 8M€ para residencias, que se suman aos 14M€ xa mobilizados para centros que se están construíndo ou que están comprometidos.

O centro de maiores de Castroverde funcionará xa todo o 2021; o de Pedrafita, a partir de febreiro; e os de Meira e Navia abriranse este ano. Por outra banda, en Políticas Sociais, a deputada explicou que sube a partida para Igualdade nun 20%, e mantense o servizo de telasistencia domiciliar e as axudas para o Servizo de Axuda no Fogar, neste caso, con 1,3M€ a través do Plan Único.

**SECTORES ESTRATÉXICOS.** As partidas para accións enfocadas ó sector

agrogandeiro, forestal e do mar suben un 13%, ata os 2,3M€. O obxectivo é favorecer a diversificación da produción, a competitividade, a produtividade e a xeración de valor engadido en colaboración co sector e coa Universidade. En canto aos fondos para turismo, aumentan un 10%, ata os 3M€.

**TECIDO SOCIAL.** “A Deputación é o Concello dos concellos”, asegurou a deputada, polo que a cooperación cos 67 municipios da provincia “é unha política transversal deste Goberno, que imos seguir desenvolvendo no 2021”. O principal instrumento de cooperación da institución provincial, o Plan Único, estará dotado con 11M€ no orzamento, que se elevarán ata os 21,3M€ coa incorporación de remanentes,

como se fixo ata agora.

No marco da cooperación, a deputada destacou tamén a posta en marcha o vindeiro ano dun Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Públicos e Comunitarios, que este ano comeza con 300.000 euros e que “está dirixido a atender as necesidades veciñais en materia de servizos ou equipamentos, actuacións que melloran moito a vida dos veciños e veciñas”.

**MELLORA DA MOBILIDADE.** O presuposto demostra que a mellora da mobilidade é prioritaria para o Goberno da Deputación. Suben un 14% o investimento en estradas, ata chegar aos 16M€, destinados a tarefas de mellora, desbroce, conservación e mantemento da rede viaria provincial, a máis extensa de todo o Estado e tres veces maior que a da Xunta en Lugo.

“Defendemos a mobilidade como un dereito básico dos veciños e veciñas da provincia porque cremos que unha boa rede de estradas é fundamental para o equilibrio territorial e o desenvolvemento do rural, porque axuda a fixar poboación e a achegar servizos, pero ademais, en tempos de crise, a obra pública pode e debe actuar como un motor que incentive a actividade económica e cree emprego”, explicou a deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas.

## Arrinca o plan de aforro Ilumin@

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos coas empresas adxudicatarias os contratos de subministro e instalación de material do Ilumin@, o que lle permitiu arrincar a execución deste plan de aforro enerxético provincial, ao que decidiron adherirse 38 concellos.

O contrato foi adxudicado en preto de 530.000€ e divídese en tres lotes, cada un por unha zona xeográfica da provincia. Para o Lote 1, Tomé Roca asinou con Manuel Novoa Castro, representante da empresa Manuel Novoa Castro S.L.U., un contrato por importe de 174.011,43 € para os concellos de Meira, Burela, A Pastoriza, Riotorto, Lourenzá, Ourense, Mondoñedo, Xermade, O Vicedo, Ribeira de Piquín, Alfoz, Trabada, O Valadouro e Vilalba.

No caso do Lote 2, o contrato ascende a 186.085,9€ e correspóndese cos municipios de Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castrovirde, Cervantes, Cospeito, Friol, Guntín, Láncara, Navia de Suarna, Negueira de Muíiz e Rábade. O presidente asinou con José Ramón Irimia Seijas, representante da empresa Hallman Energie S.L.

O Plan Ilumin@ está dotado con 723.000€, dos que o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do Idae.

Con este plan, os 38 concellos da provincia cambiarán unhas 3.200 luminarias por outras de tecnoloxía LED, o que supoñerá un aforro conxunto de 62.000€ ao ano.

## Acordada a extinción de Suplusa

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou, nunha sesión extraordinaria, a extinción da Sociedade Urbanística Provincial (Suplusa). “Hoxe é un bo día para a Deputación de Lugo, e, polo tanto, un bo día para os concellos, para o tecido económico e para os veciños e veciñas da provincia. Afortunadamente, xa non quedan chiringuitos na Deputación. Pechamos un capítulo que consolida a normalidade e a tranquilidade nesta

institución, que será máis eficaz e máis útil para a cidadanía, e terá un maior control dos fondos públicos e maior transparencia”, subliñou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto.

O presidente, José Tomé Roca, manifestou que “este día non pode ser máis transparente, claro e cristalino, xa que diante de todas as persoas esta institución adopta esta decisión. A Deputación xa non vai ter dor de cabeza por un organis-

mo anacrónico debido ás alegrías políticas do PP, porque Suplusa chegou a onde chegou grazas a un circo inaceptable dos populares”.

“Foi un proceso impecable, con todos os informes técnicos favorables, en tempo récord -14 meses-, que garantiu todos os postos de traballo nas mesmas condicións e no que todas as decisións se tomaron por unanimidade, ata que o PP decidiu romper o consenso”, explicou García Porto.

## Instalará 97 marquesiñas en concellos da provincia

A Xunta de Goberno tamén aprobou a adxudicación do programa de dotación de 97 marquesiñas na rede viaria provincial para este ano 2020. Destínanse 325.400 euros na instalación destas estruturas en estradas provinciais dos 67 concellos da provincia. Co fin de garantir unha adecuada integración no entorno, e tendo en conta as características das marquesiñas instaladas en anos

anteriores, serán de madeira maciza tratada en autoclave. Contarán cun banco e serán pechadas polos laterais con cristal para que permitan a visión e, á vez, protexan ante as incidencias meteorolóxicas.

A Deputación comezou no 2011 a renovar as marquesiñas das estradas para substituír as existentes, que tiñan máis de 20 anos. Dende ese momento, instaláronse 332.

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tf 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

FRUTERÍA CASTELO

C/ Plácido Peña, 37  
VILALBA (Lugo)

Tel.: 671 42 60 75



# Melloras en Rábade

## A Deputación de Lugo remata as obras de renovación da rúa Música Crisanto

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, responsable directo da área de Xestión Territorial, avanzou que xa se remataron os traballos de mellora e acondicionamento da rúa Música Crisanto, situada nun treito da LU-P-5102, no Concello de Rábade. Con esta actuación, na que a institución provincial investiu preto de 150.000 euros (149.379,19 euros), melloráranse uns 150 metros desta vía situada no centro da vila, dende o punto quilométrico 0,033 ao 0,184. Os traballos que se realizaron nos primeiros 70 metros da marxe dereita consistiron na demolición do firme, a pavimentación dunha zona de aparcadoiro

e unha zona peonil mediante lousa de granito; e dende o punto quilométrico 0,104 ao 0,184 realizouse a renovación integral desta vía a través da demolición do firme existente e das beirarrúas. Neste tramo tamén se acondicionaron zonas peonís. Ademais da mellora do firme, realizouse unha renovación integral da rede de abastecemento e saneamento, a rede de baixa e media tensión, o alumeadado público e a rede de telecomunicacións. A través destas actuacións vense beneficiados os preto de 500 veciños e veciñas que viven nesta rúa situada ao carón do campo da feira e da pista polideportiva, na que ademais se atopan unha decena de negocios comerciais.





---

**Xa están rematados os traballos de acondicionamento nesta vía urbana, situada nun treito da LU-P-5102 en Rábade**

---



---

**Ademais da renovación integral da rúa e a pavimentación de zonas de aparcadoiro e peonís, realizouse unha renovación integral da rede de abastecemento e saneamento, a rede de baixa e media tensión, o alumeadado público e a rede de telecomunicacións**

---







# Un referente para a construción

Esta empresa adicada ao movemento de terras e escavacións conta cunha ampla experiencia neste tipo de traballos

parque de maquinaria e medios de transporte con autorizacións de servizo público que nos permite a realización de calquera tipo de obra.

No ano 1976 Anxo Blanco comezou a desenvolver labores con maquinaria pesada de obras públicas no concello de Xunqueira de Espadañedo e limítrofes.

En 1980 naceu a empresa Anxo Blanco. Aproveitando o tirón da emigración que enviaban partidas de diñeiro aos seus pobos de orixe, sobre todo para o acondicionamento e ampliación das explotacións agrarias, gandeiras e os seus accesos.

Nesta época ampliouse a zona de actuación a outras provincias, alugando maquinaria para movementos de terra, realización de transportes e pequenas construcións.

Durante estes anos tamén participaron na construción dos túneles do Negrón, na autoestrada A66 que une Asturias e León, realizando o aproveitamento, cribado de áridos naturais e subministración de formigón para a súa construción.

Outras obras son a montaxe e explotación de lavadoiros de carbón para aproveitamento de escombros e subministración á central Térmica en Mieres. No ano 1995 cambiou a súa razón social transformándose en Desmontes, Maquinaria e Construción (Desmaco SL), pero segue continuando con todo tipo de traballos e colaborando con empresas de primeira liña nacional.



**D**esmaco SL, é unha empresa dedicada ao movemento de terras e escavacións xunto ás actividades relacionadas con estas, urbanizacións, pavimentacións, machaqueo de áridos e construción de paquetes de firmes. Transporte, construción de naves industriais, abastecementos, anegamentos e depuración de augas. Teñen unha ampla experiencia en obras de movemento de terras. Todo o equipo que a compón son profesionais do sector, por iso é polo que todos os traballos realizados, xunto con todos os seus clientes, son a súa mellor carta de presentación. Desmaco dispón dun equipo humano ben cualificado con experiencia contrastada. Dispón así mesmo dunhas adecuadas instalacións que constan de: oficinas, aparcamentos, taller, lavadoiros, almacén, provisións, aparcadoiros e zona de probas e un excelente



AGRO



**REUNIÓN DE GANDEIROS EN CASTRO.** Representantes de Medio Rural da Xunta mantiveron un encontro con gandeiros da comarca lucense da Terra Chá para explicarlles a Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego. Indicaron que a Xunta habilitará unha aplicación informática para calcular os custos de produción de xeito doado, co obxectivo de que as granxas melloren a súa posición negociadora fronte ás industrias.

## A PAC continuará dous anos máis

A Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo deu luz verde á aprobación dos regulamentos transitorios que garantirán a continuidade da PAC e a recepción dos fondos agrícolas europeos para os anos 2021 e 2022.

Na práctica, esta decisión –que aínda debe ser ratificada polo Pleno da Eurocámara o próximo 14 de decembro– supón que os agricultores e gandeiros de España continuarán recibindo sen ningunha perturbación as axudas da PAC dos anos 2021 e 2022. A nova PAC, pola súa banda, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2023, con dous anos de atraso.



A aprobación destes regulamentos de transición incorpora xa os fondos do Plan de Recuperación destinados ao desenvolvemento rural. Dos que a España corresponderanlle

aproximadamente 726 millóns de euros nos próximos dous anos.

Ferramentas para que os Estados apoiem aos agricultores

UPA pediu ao Ministerio de Agricultura que faga uso dunha das medidas que acaban de articularse, a que permitirá destinar compensacións a perdas causadas por eventos climáticos, ou brotes de enfermidades de carácter animal e vexetal, incluíndo as pragas.

Tamén se manterán os pagos regresivos para as medidas destinadas ás zonas con limitacións naturais e redúcese o limiar de desencadeamento para activar as medidas de xestión de risco pasando do 30% ao 20%.

## Levantán a prohibición de plantar pataca

A Xunta de Galicia levantou este mes a prohibición de plantar pataca en nove concellos das provincias da Coruña e Lugo afectados pola couza guatemalteca.

O levantamento da prohibición beneficiará os agricultores dos concellos coruñeses de Cariño, Ortigueira e Neda, así como os dos municipios lucenses de Lourenzá, A Pastoriza, A Pontenova, Riotorto, Ribadeo e O Valadouro. Ao non teren rexistrado ningunha captura nos dous últimos anos, estas localidades deixarán de ser consideradas zonas infestadas pola couza e

pasarán a englobarse na demarcada como zona tampón.

Deste xeito, nestes municipios permitirase plantar pataca pero farase un seguimento exhaustivo das plantacións por parte da Consellería do Medio Rural, que manterá as demais medidas de control e vixilancia previstas na lexislación co obxectivo último de controlar a expansión da couza. Nese senso, tras a comisión de hoxe, estableceuse a data do 1 de abril como o prazo máximo para presentar as declaracións de cultivo nas zonas tampón.

## Sobre veterinaria, pandemias e eucaliptos

### APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

**E**ste é o último artigo do ano 2020, un ano marcado por unha pandemia zoonótica (é dicir unha enfermidade transmitida de animais a humanos) coñecida como covid-19; moito se ten falado que os chineses andaban xogando con lume polos seu mercados “húmidos” (mercados de animais vivos para consumo humano, tanto domésticos como silvestres) e iso fixo que a enfermidade se transmitise de animais a humanos.

Tamén cando vemos a destrución do Amazonas ou as selvas do centro de África (causa do brote de ébola do que mesmo chegou a haber infectados en España).

Pero na Terra Chá e en Galicia en xeral estamos moito máis cerca de ese punto de risco do que pensamos, e todo débese a un completo descoñecemento de que o respecto ó medio ambiente significa maior seguridade no ámbito da saúde pública.

E porqué dicimos que corremos estamos nun punto de risco en Galicia (imos centrarnos na Terra Chá). Fai uns anos a Terra Chá caracterizábase por ser unha zona de marcado carácter agrogandeiro, cun marcado mosaicismo no terreo, mistura de prados, terreos de cultivo e bosques de árbores autóctonas con algunhas plantacións de piñeiros. Este mosaicismo

era a resposta dos nosos antepasados as características do terreo, aproveitando para o traballo os mellores terreos e deixando a fragas e carballeiras e toxeias os terreos que non eran idóneos.

Ese esquema do noso rural estaba asociado a un manexo máis sostenible era máis respectuoso co medio ambiente. O problema é ,que dende fai uns anos, e a pesares de infinidade de informes científicos independentes, de gran parte da opinión pública e contra da lóxica máis esmagadora as nosas fragas, carballeiras, toxeias, brezais e turbeiras están a desaparecer pola eucaliptización sen control.

Como veterinario rural vexo desaparecer carballeiras centenarias, fragas de inundación e terreo de monte (nese termo falo tanto de toxeias, brezais e turbeiras inclinadas) as menos veces en terreos de cultivo, pero na maioría dos casos estes traballos acaban convertendo eses terreos en eucaliptais, (cousa que é delito), pero tamén vexo moitos prados e terreos de cultivo plantados tamén (feito que tamén é ilegal).


Esta destrución do noso patrimonio natural e paisaxístico, e xa que estamos a falar do medio ambiente temos que recordar que os bosques autóctonos , as turbeiras e os prados naturais son os maiores sumidoiros de CO2 que temos en Galicia, (os eucaliptos con quen-das de corta de 15 ou menos anos non fixan CO2). Ademais, dende un punto de vista económico, potenciar unha soa actividade económica (que ademais é das que

menos poboación fixa no rural) vai xerar o problema dun exceso de oferta nos vindeiros anos, que sumado a unha diminución do consumo de papel a nivel mundial, pode ser un auténtico desastre económico e social.

Pero o feito que mais me toca profesionalmente e que é tan importante como as anteriores, é que a neutralización esta a reducir o hábitat da fauna salvaxe, co cal os animais vense empurrados cara as terras de cultivo e a vivendas, isto fai que haxa máis interaccións entre os animais salvaxe e as nosos animais de granxa , o que fai que haxa risco de transmisión de enfermidades como por exemplo a tuberculose , pero tamén a fauna salvaxe resulta contaminada por bacterias procedentes de granxas con múltiples resistencias a antibióticos. Outro efecto da redución do hábitat é que as enfermidades se transmiten máis facilmente entre eles (como vemos en casos de sarna en corzos...) e se a isto sumamos o estrés que afecta a fauna por todos os padecementos que lle estamos a causar (falta de comida, hábitats idóneos, excesiva humanización do medio) fai que lles baixen as defensas e sexan máis susceptibles a contraer enfermidades.

En resumidas contas na Terra Chá estamos creando o noso macro “mercado húmido” que pode facer que NÓS sexamos os posibles creadores da próxima pandemia e todo para plantar unha árbore que só serve para facer papel hixiénico...

### HUMOR RURAL





## TERRA CHÁ

## A covid-19 cébase coas Pontes e Vilalba

O virus atacou o centro de maiores vilalbés, xa superado, mentres na vila coruñesa a situación empeora

A comarca da Chaira conseguiu superar a segunda vaga en termos xerais agás en Vilalba e na súa veciña As Pontes, onde a situación foi ou segue sendo moi delicada.

O gromo detectado na residencia de maiores de Vilalba foi o eixe principal do gromo nesta vila, a única da provincia que se atopa en alerta máxima de restricións da provincia.

Preto de 200 persoas estiveron afectadas de covid neste centro de maiores e aínda que a situación vai mellorando está aínda lonxe de chegar a tranquilidade. Mentres, a situación na veciña As Pontes continúa grave xa que a pandemia segue en proceso de crecemento de casos e malia ter as medidas máis restritivas non logra saír da situación crítica. Son ambos os dous concellos os únicos con cifras tan negativas na provincia de Lugo xa que na capital luguesa empezou a remitir. Outro concello que preocupa é Cospeito, cunha vintena de casos pero cunha incidencia po- boacional alta. Moitos deles están vinculados ao gromo da residencia vilalbesa.

Agás estes casos, a provincia superou antes que o resto do país e de Galicia esta segunda vaga, que xa amenaza cunha terceira que chegaría antes do Nadal, segundo din os expertos,

xa que tras varias semanas baixando día a día, os casos novos comezan a subir de novo.


A unha semana do Nadal, a provincia mantense por debaixo do 500 casos activos e cunha presión hospitalaria que baixa dos 30 casos aínda que hai 6 persoas na UCI.

As defuncións subiron ata as 140 persoas mentres que as altas continúan dándose a bo ritmo. Aínda así o temor das festas segue aí.

Polo de pronto o Sergas presentou unha listaxe de medidas para que os galegos cumpran estas festas e evitar gromos.

**O NADAL.** A recomendación principal é que as xuntanzas das celebracións se cingan a unha única unidade familiar, composta só por persoas conviventes, ou como máximo dúas unidades e 6 persoas adultas, xa que os pequenos de 10 anos non computan.

As mesas deben ser postas pola mesma persoa, quen ademais desinfectará as súas mans dun xeito continuo. Así mesmo, os comensais deberán manter a máscara durante a cea e non compartir nin bebidas nin alimentos. As unidades familiares que se xunten deberán de ser as mesmas en ambos días.



#### Restricións básicas

- Hostalería aberta ata as 23.00 horas
- 50% de aforo no interior e 75% no exterior
- Agrupacións de máximo 6 persoas
- Restringida a mobilidade nocturna de 23.00 a 6.00

#### Restricións medias

- Hostalería aberta ata as 23.00 horas
- 40% de aforo no interior e 50% no exterior
- Agrupacións de máximo 6 persoas
- Restringida a mobilidade nocturna de 23.00 a 6.00
- Limitacións especiais de mobilidade

#### Restricións medio-alta

- Hostalería aberta ata as 17.00 horas
- 30% de aforo no interior e 50% no exterior
- Agrupacións de máximo 4 persoas
- Restringida a mobilidade nocturna de 23.00 a 6.00
- Limitacións especiais de mobilidade

#### Restricións

- Hostalería aberta ata as 17.00 horas
- 50% de aforo no exterior
- Agrupacións de máximo 4 persoas
- Restringida a mobilidade nocturna de 23.00 a 6.00
- Limitacións especiais de mobilidade

## Ampliado o Servizo de Atención Temperá aos concellos de Pol e Meira

O Servizo de Atención Temperá que presta o Concello de Mondoñedo para unha agrupación integrada por outros sete concellos (Abadín, A Pastoriza, A Pontenova, Barreiros, Lourenzá, Riotorto e Trabada) amplíase para atender tamén aos nenos e nenas de 0 a 6 anos dos concellos de Pol e Meira que precisen algún tipo de tratamento terapéutico para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a súa inclusión social.

Ata o de agora, o Servizo de Atención Temperá que pertence á Rede galega de atención temperá da Xunta de Galicia está a prestar atención a 41 nenos e nenas con trastornos do desenvolvemento ou con risco de padecerlos; así coma as súas familias. Dende o goberno local explican que “o Concello de Mondoñedo lidera este proxecto aproveitando a súa ubicación como epicentro do terri-

torio dos concellos que integran a agrupación para a que se presta o servizo de atención temperá”.

Así mesmo, destacan “a importancia do consenso e o traballo conxunto entre concellos pequenos” porque “facilita a implantación de servizos para mellorar a calidade de vida nos veciños e veciñas”. Neste caso, poñen tamén en valor o traballo dos profesionais que, deste xeito, “ofrecen os seus servizos nun entorno próximo para as familias”.

Co obxectivo de complementar este servizo “e atendendo a unha necesidade real”, o Concello de Mondoñedo impulsou tamén a creación da prestación de atención posttemperá para nenos e nenas de máis de 6 anos e dar continuidade á atención que estaban a recibir”. Deste xeito, o Servizo Posttemperá prevé continuar a desenvolver os procedementos terapéuticos con 10 nenos e nenas.

## Seis concellos botan adiante o plan Xuntos pola compostaxe

A agrupación de concellos da Pontenova, A Pastoriza, Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto, co apoio financeiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, implantará un programa de compostaxe co que reducir a fracción orgánica dos residuos.

O proxecto está pensado para a participación de preto de 1.000 veciños, repartidos entre os 6 concellos, que recibirán de forma gratuíta os correspondentes medios materiais para a elaboración de compost, ao mesmo tempo que recibirán formación na materia e asesoramento continuado durante o proceso.

Os veciños dos concellos interesados en participar na campaña de compostaxe poderán inscribirse e informarse sobre a mesma nos postos informativos que



de cada Concello e ata o 22 de xaneiro do 2021 nas oficinas do seu respectivo municipio.

Para participar pídesse como único requisito dispor dun espazo de horta ou xardín de 50 metros cadrados e comprometerse a facer un uso responsable do composteiro.

## EN BREVE

**MÁSCARAS.** A Deputación levou a cabo o reparto das 35.000 mascarillas que lle entregou o Goberno central para a súa distribución entre os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia. O material distribuíuse repartindo de maneira proporcional entre os concellos segundo o número de habitantes de cada municipio.

**AXUDAS.** O Diario Oficial de Galicia convocou das dúas liñas de axudas que faltaban por activar -microempresas e autónomos con persoal a cargo; e establecementos hostaleiros- dentro do Plan de rescate da Xunta de Galicia para apoiar aos sectores máis afectados pola covid-19 e que conta cunha dotación total de 84 millóns de euros. Poden solicitarse ata o próximo 28 de decembro.

## Volve o teatro afeccionado

Arrincou o Circuito de Teatro Afeccionado, que programa máis de corenta actuacións pola xeografía da provincia ata final de ano.

Quince compañías participan nesta iniciativa que dá pulo ao teatro amador nun ano condicionado pola incidencia da crise sanitaria nas programacións culturais, especialmente no ámbito das artes escénicas.

Así, o sábado 19 no Centro sociocultural de Riotorto estará *Por un puñado de grelos* a cargo de Os Trocos ás 21.00 horas. No Centro sociocultural de Mosteiro poderase desfrutar da obra *Detrás das máscara* ás 18.00 horas a cargo de Metátase Teatro o sábado 19.

Lume Escénico representará na Casa da sociocultural da Reigosa da Pastoriza ás 21.00 horas o día 19, *Cousas de bares*. Xa por último o domingo 20 a Asociación cultural Abrante estará no Centro sociocultural de Mosteiro de Pol ás 19.00 horas, *O aeroporto da valiña*.



## Melloran a xestión de residuos en concellos da comarca

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destina 457.000 euros a mellorar a xestión de residuos en 19 municipios lucenses, mediante achegas destinadas á habilitación de puntos limpos móbiles ou espazos de autorreparación, o fomento da compostaxe e a implantación da recollida separada da fracción orgánica. Con este programa favorécese a prevención, adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización de residuos. Do montante total, 212.475 euros serán investidos en accións que posibiliten a compostaxe in situ dos biorresiduos, ben en proxectos domésticos nas vivendas que dispoñan de terreo para elo, ou ben en zonas postas a disposición polas

entidades locais para o tratamento comunitario dos biorresiduos. Esta foi a medida máis demandada, que porán en marcha nos concellos de A Pobra de Brollón, Friol, Foz, Viveiro, os de Guitiriz e Xermade en común, e tamén de forma conxunta os de Riotorto, A Pastoriza, Pol, Meira e Ribeira de Piquín. Outros 168.500 euros servirán para habilitar puntos limpos móbiles en O Incio, O Vicedo, Sober, Ribas de Sil e Castro de Rei. Pode tratarse de remolques e contedores metálicos, camión con caixa e chasis, furgoneta adaptada e modelos similares, e deberán ter diferentes compartimentos para a recollida de residuos como aceites vexetais usados, téxtiles, restos voluminosos ou medicamentos, entre outros.

## Concellos da área de Lugo firman o convenio do Plan de Transporte

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os nove concellos integrados no Plan de Transporte Metropolitano de Lugo asinan esta semana o convenio que permitirá darlle continuidade a esta iniciativa durante outros catro anos. Con ese fin, a Administración galega aportará 326.000 euros, a través de achegas anuais de case 81.500 euros, para financiar os descontos nos billetes, os transbordos e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes e membros de familias numerosas. Pola súa banda, entre todos os concellos abonarán algo máis de 19.000 euros ao ano. Este plan está integrado pola Xunta e os concellos de Lugo, Castro de Rei, Outeiro de Rei, O Corgo, Guntín, Cas-



troverde, Rábade, Friol e Baleira. O delegado subliñou que a Xunta impulsa este plan social co fin de fomentar a mobilidade en transporte público colectivo, mediante un sistema que favorece a coordinación entre as diferentes redes de transporte público e abarata os custos para as

persoas viaxeiras. “As cifras de usuarios reflicten que o modelo cumpre con ese obxectivo”, dixo Arias, quen lembrou que o plan incrementou nun 27% o uso do transporte público nesta área e rexistrou desde a súa posta en marcha no ano 2012 máis de 1 millóns de viaxes bonificadas. Esta iniciativa supón que na actualidade case 7.300 veciños da área de Lugo se beneficien dos descontos da Tarxeta de Transporte Metropolitano (TMG) nos desprazamentos cotiáns, coa que poden acadar aforros que roldan os 800 euros ao ano. Ademais, nesta área tamén hai 1.300 mozos menores de 21 anos que viaxan de balde en autobús coa tarxeta Xente Nova.

## A Deputación supervisa as obras da estrada entre Momán e As Pontes

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, supervisaron os traballos de renovación do firme que a institución lucense está acometendo na estrada LU-P-2204, que une o núcleo de Momán, en Xermade, coas Pontes de García Rodríguez, na Coruña. As actuacións afectan a 3 quilómetros da vía, entre o punto quilométrico 4 e 7 e nelas a institución provincial inviste 452.000 euros. Estas obras inclúense na terceira fase de mellora nesta vía, sumándose as xa feitas co arranxo dos 4 primeiros quilóme-



Visita dos presidentes de ambas as dúas deputacións ás obras

tros, con outros 475.000 euros, polo que o investimento total na estrada ascende aos 800.000 euros. Deste xeito, unha vez rematados os traballos que agora es-

tán en marcha, tan só quedarán 2,8 quilómetros para rematar coa mellora integral da vía, que ten un total de 9,8 quilómetros de lonxitude.

## A Xunta distribuirá 7,3 millóns de euros entre os GDR galegos

A Xunta distribuirá un total de 7,3 millóns de euros entre os 24 GDR galegos, para garantir a continuidade da súa actividade durante os anos 2021 e 2022. Trátase de que, grazas a estas achegas, “poidan proseguir coa implementación das estratexias nos distintos territorios mediante a selección de novos proxectos que contribúan a acadar un maior grao de desenvolvemento das áreas rurais, dentro da medida Leader”. A maiores, mediante estas aportacións dáse cumprimento ao establecido polo Plan de Reactivación deseñado pola Consellería do Medio Rural no que atinxe

ao apoio aos GDR para impulsar medidas para sectores como o agroalimentario, o gandeiro, o forestal, o turístico, o ambiental ou o do pequeno comercio. O reparto destas partidas realízase entre grupos de xeito proporcional á puntuación acadada no proceso de selección polo que se lles recoñeceu a súa condición de entidades colaboradoras da Administración e polo que se seleccionaron as respectivas estratexias de desenvolvemento rural para o período 2014-2020. Nesta addenda introdúcese unha pequena modificación para reforzar a colaboración bidireccional entre Agader e os grupos.

## Ceip Terra Chá e Cruz Vermella recollen alimentos para familias afectadas pola pandemia

Cruz Vermella de Vilalba e o Ceip Terra Chá, ubicado na parroquia de Román, estableceron un acordo de colaboración unha acción de apoio sanitario. Deste xeito, a entidade social dará apoio sanitario aos alumnos do centro educativo na súa realización do Camiño de Santiago que realizarán ao longo do curso (sempre que a situación sanitaria o permita). Pola súa banda o centro puxo en marcha unha campaña de recollida de alimentos entre as familias dos alumnos, que irá destinada a persoas en risco de exclusión

social e afectadas pola pandemia da covid-19.

**LOTERÍA.** Por outra banda, Cruz Vermella xa ten á venda a tradicional lotería correspondente ao Sorteo de Nadal. Este ano véndense participacións dos números 57665 e 57666. Os interesados en comprala poden facelo nas oficinas de Cruz Vermella Vilalba a un prezo de tres euros la participación. Os interesados en recibir información poden poñerse en contacto coa entidade nos teléfonos 982 511 303 e 620 218 127.



## DEPORTES

### Ouro para Antonio Polo na reanudación da tempada

A sexta edición do Trofeo Rías Baixas abriu a campaña 20/21 no piragüismo galego e facíao con boas noticias para os padeiros ponteses, que subiron en dúas ocasións ao podio no encoro de Verducido, en Pontevedra.

O primeiro ouro para un dos habituais no caixón, tanto galego como nacional, da man de Antonio Polo, do Grupo Xuvenil Matojoma As Pontes, que foi o mellor para veteranos, tras unha

dura pelexa con Adolfo Montea-gudo do Ría de Betanzos, ao que bateu por só un segundo. O seu compañeiro Ernesto Gancedo foi oitavo na mesma categoría. Na cita sub 23 feminina, a canteirá pontesa Celia Durán fíxose co bronce tras os catorce quilómetros de trazado, pelexando tamén esta medalla con Helena Torreiro, de As Xubias. Mario Rey, do Firrete de Pontedeume, foi cuarto na cita sub 23 de canoa, a centésimas do bronce.



**SPECIAL OLYMPICS.** O Concello de Guitiriz acolleu durante a xornada de onte os XXIII Xogos Autonómicos de campo a través e pentanca organizados por Special Olympics, que se desenvolveron no campo de fútbol Noreña Basalta, en Parga. Durante a inauguración deste evento social e deportivo destacaron a importancia que ten o deporte como ferramenta para favorecer a plena inclusión e a igualdade de oportunidades. Gabouse o traballo que realiza Special Olympics neste ámbito, "fundamental para dar visibilidade a estas persoas e concienciar á sociedade en xeral".

### Sancionado o Outeiro de Rei FS por non incorporarse á competición en Terceira

O Outeiro de Rei FS, xunto con outros cinco equipos de Terceira División, foi sancionado coa perda da categoría e unha multa pola negativa a xogar durante o tempo de pandemia.

O equipo lugués, ao igual que o resto de clubs, deberá descender á Preferente Galicia para a seguinte tempada e aboar a miolta de 20 euros imposta pola Galega de Fútbol (Futgal) "pola súa renuncia á participación na competición".

Xunto ao Outeiro de Rei, foron sancionados tamén Unión GR9 e Villa de Cee no Grupo A de Terceira e ao Baíña, Stellae e Pazos de

Borbén no Grupo B., tal e como establece o ditame da Federación. A Futgal argumenta a súa decisión en que os citados clubs notificaran a súa renuncia á participación en Terceira División, polo que os relega aos últimos lugares da táboa ata final de tempada, co consecuente descenso a Preferente. Desde o Outeiro de Rei xa comunicaron a súa intención de recorrer a sentenza. Os seis pediran á Futgal o aprazamento da categoría pola falta de garantías para competir con seguridade pola pandemia de covid-19 e xa avazaran que non participarían na categoría nas actuais circunstancias.

### O Vilalbés presenta unha app móbil que informa sobre o club

O Rácing Club Vilalbés deu un paso máis na súa renovación e vén de publicar unha nova aplicación móbil para que os seus afeccionados podan seguir a actualidade do club minuto a minuto. Esta aplicación xa está dispoñible en App Store e Play Store (racing club vilalbés) e pode descargarse gratuitamente en calquera teléfono. Ofrece información de última hora sobre resultados, fotos e as últimas novidades do club ademais de material complementario como entrevistas ou crónicas.

A información non se centrará unicamente no primeiro equipo, que milita na Terceira División, xa que tamén ofrecerá información sobre as categorías inferiores. Agora mesmo só está en competición o conxunto xuvenil de Liga Nacional



xa que o resto de categorías están paralizadas pola covid-19.

**RESIDENCIA DE MAIORES.** Por outra banda, o club aproveitou tamén para mostrar "o seu apoio e solidariedade" cos usuarios, traballadores, patronato e ami-

gos da Residencia de Maiores de Vilalba, que foi golpeada esta tempada pola covid-19.

O club manifestou que están "a súa enteira disposición con todos os medios humanos e materiais do club para calquera cousa que esta entidade poda necesitar".

### O FSF Castro inicia unha campaña para a captación de socios

O FSF Castro abriu de novo a súa campaña para ampliar o seu número de socios e poder seguir financiando ao club, que, como detalle "este ano necesitámoste máis que nunca".

"Esta tempada, loitaremos por vos, pero necesitamos da vosa axuda, son días difíciles para todos pero podedes contribuír ao noso crecemento simplemente facéndoche socio ou socia do club", din.

Os socios desfrutarán de diferentes vantaxes como o acceso preferente a grada nos partidos na



casa. Ademais haberá cuotas familiares a 30 euros con descontos segundo o número de persoas. Os interesados en inscribirse deben facelo no teléfono 647 803 507.

**RECOLLIDA DE ALIMENTOS.** O FSF Castro iniciou este mes unha campaña de alimentos e xoguetes dirixida ás persoas con problemas e en risco de exclusión social.

Así, durante os mércores, entre as 20.00 e as 22.00 horas e os sábados de 11.00 a 14.00 horas recollerán este tipo de artigos, que despois destinarán a familias sen recursos.


A recollida realizarase no pavillón municipal de Castro ata o 19 de decembro.

**DOAZÓN.** Si no ano 2020 non se puido celebrar a tradicional Bicicleta solidaria, o Equipo Ciclista Caja Rural-Seguros RGA e as Caixas Rurais decidiron manter o seu carácter solidario mediante unha acción en redes sociais denominada #Tucorazónsuma. Tratábase de lanzar unha serie de retos en cada etapa a persoas coñecidas para que no caso de conseguiren 1.000 likes de apoio a esta iniciativa, estes se transformarían nunha doazón de 2.000 euros que se destinarían a axudas directas aos máis necesitados a través de Cáritas.





O Riotorto FC xa ten listo o seu equipo



O Riotorto FC xa ten deseñado o plantel co que xogarán esta tempada á espera de que se inicie tralo parón orixinado polo coronavirus por parte da Federación Galega de Fútbol. Renovaron Juanmi, Manu Roca, Isaac, Fran Pastor, Chisco, Coedo, Manu Carreira, Samuel, Ferreirós, Suso, Pablo Vivero e Michi e producíronse catro incorporacións. A máis destacada é a chegada de Jadri á dirección técnica do equipo procedente do Folgueiro. Tamén se incorporan no campo Carlitos e Ibai, ambos os dous procedentes do Pol e Álex Paz que deixa o Foz polo cadro local. Ademais, producíronse varias baixas. Así os adestradores Roberto e Fidalgo marchan para o Lourenzá e o Castro, respectivamente. Ao Pol marchan Dani Roca, Parapar e Pablo Ruiz. Tamén ao veciño equipo de Meira marchan Lourido, Álex e Alberte; mentres Borja fichou polo Abadín CF e Tejada polo CD Corgo. Ademais, o club puxo á venda as máscaras rotuladas co logo. Hainas en vermello, negro e azul mariño e véndense a dez euros unidade e 15 euros dúas.

Volve á competición a loita vilalbesa mermada de efectivos

Despois dunha tempada anómala coma esta, paralizada pola crise da covid-19, os loitadores retomaron a competición xa case para esgotar o calendario abordando algunha das citas adiadas durante o confinamento. Neste caso trátase do Campionato de España de loitas olímpicas da categoría Sénior que tivo lugar esta fin de semana na localidade murciana de Los Alcáceres e cuxa celebración estivo no aire ata o derradeiro intre e logo de que a maioría dos eventos estatais e internacionais fosen anulados. O equipo vilalbés chegou a Murcia cun pequeno equipo moi mermado polas limitacións de afluencia aos adestramentos e logo dalgunhas baixas de parte dos nosos principais deportistas como Carlos Yobani ou Oussama Lahnin, aínda así o contribuíron a que Galicia acadase o 2º posto por seleccións. Destacar dun xeito moi especial o triunfo de José Cuba en menos de 125 kg e co que acadou o seu 16º título absoluto de Campión de España. Sen dúbida un empurrón nuns tempos tan difíciles de cara aos torneos clasificatorios que ten pendentes de afrontar xa no 2021. Os outros vilalbeses en Murcia foron Jose Luís Puentes en menos de 92 kg e Pablo Chao Durán en menos




Os participantes no campionato de España celebrado en Murcia

de 79 kg. O primeiro meteuse na final acadando a prata, metal decisivo no segundo posto do equipo galego, e que ten un maior mérito se temos en conta que Puentes chegou a Murcia retomando a competición despois de varias tempadas de inactividade. Pablo Chao non puido pasar da primeira rolda nunha categoría moi concurrida e para a que non chegaba no mellor estado de forma tras as dificultades para adestrar durante o confinamento. Agora tocaría preparar o Mundial Absoluto, evento que se atopaba no programa pero ao que Cuba renunciará a participar trala cancelación do mesmo e ser substituído por un evento en formato de copa mundial.

**MASTERCLAS.** Ademais, Vilalba acolleu o Clinic Internacional de Loitas Olímpicas Tokio 2020. O técnico convidado para dirixir o Clinic foi Sergei Priadun (Ucraina), que ten no seu palmares deportivo logro como ser deportista Olímpico en Sidney 2000, dúas veces subcampión de Europa absoluto de Loita Libre Olímpica, campión da Copa do Mundo de Loita Libre Olímpica e campión do Mundo militar de Loita Libre Olímpica. O clinic tivo que reducirse en oferta, para adecuarse á normativa anticonvid, aforo, distanciamento e grupos burbulla. Este clinic de formación ten como obxectivo facilitar a formación de Jose Cuba, do Club de Loitas Olímpicas de Vilalba, de cara os torneos de clasificación Olímpica.

O DVSport engade o bádmiton á súa oferta deportiva



O Club Lago DVSport continúa co seu proceso de cremento e expansión do deporte en toda a sociedade pontesa incorporando unha nova sección a partir da próxima tempada, o bádmiton. Deste xeito, o club engloba un novo deporte que se une á escola de Futsal, a academia de tecnificación e escola de porteiros. En total, o club conta con máis de 80 deportistas ata a data de hoxe, cantidade que podería aumentar coa incorporación da nova especialidade deportiva. Ademais, este mes a directiva decidiu suspender os adestramentos da base en todas as categorías á espera de que se solucione o gromo de coronavirus detectado na localidade, malia que, como indican "non se detectou ningún caso nos equipos".

TELÉFONOS DE INTERESE

<b>ABADÍN</b>	Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22
<b>A PASTORIZA</b>	Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41
<b>AS PONTES</b>	Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51
<b>BEGONTE</b>	Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02
<b>CASTRO DE REI</b>	Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

<b>COSPEITO</b>	Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57
<b>FRIOL</b>	Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05
<b>GUITIRIZ</b>	Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00

<b>MEIRA</b>	Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40
<b>MURAS</b>	Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23
<b>OUTEIRO DE REI</b>	Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00

<b>POL</b>	Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
<b>RÁBADE</b>	Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
<b>RIORTORTO</b>	Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
<b>VILALBA</b>	Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
<b>XERMADE</b>	Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
 Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)

**terracháxa** soenal independente da chaira www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós. [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335  
 E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU-517-03  
 ISSN 2660-4507

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.



## COLABORACIÓN

## Vaite dous mil vinte

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Aquela noite na que, cumprindo coa tradición e a ritmo de baladas, tomabamos as doce uvas de rigor para recibir o novo ano, en absoluto eramos quen de imaxinar o que viría tan só tres meses máis tarde. Dese momento onde todo se cinguía a bos desexos e propósitos para que a vida fose ben a un tempo no que contemplamos como nos tivemos que recluir nas nosas casas; as escolas, institutos e universidades ficaban pechadas, a actividade laboral reducida, as competicións deportivas, suspendidas, e cifras de mortos que xeraban pavor. Nin nos tempos da guerra, escoitábase dicir ós maiores, os cales non daban crédito ó que estaba a

acontecer –e o resto de humanos tampouco-. O certo é que nunca tal se vira, a sorpresa foi monumental e a xestión do fenómeno, moi complexa. Por riba de todo, o que semellaba ser unha cuestión dun par de semanas, prolongouse bastantes máis. Chegado o verán e cando parecía que o pesadelo quedara atrás, este volveu con forza e resístese a abandonarnos a día de hoxe.

No camiño percorrido aprendemos novos conceptos e expresións, tales como confinamento, desescalada, nova normalidade, ... Todos provocados por este virus ó que lle puxeron unha coroa diante para diferencialo dos demais. Á hora de facermos balance de como foi este ano, cada quen terá os seus motivos para individualmente realizar a correspondente valoración. Coma sempre, haberá de todo. Mais en xeral, cómpre recoñecer que o exercicio en cuestión, que prometía ser o

comezo dunha década especial, aínda que só fose por lembrar aqueles tolos anos vinte do



século pasado, resultou ser catastrófico. As consecuencias son de sobra coñecidas, aínda así non podemos deixar de referirmonos a elas. Falamos de que a pandemia mencionada está a ser a máxima culpable de que os nosos comportamentos e costumes

cambiaran radicalmente, ata o punto de non sermos quen de recoñecerlos. Como se pode cualifi-

car unha situación como esta na que todos temos que andar cunha máscara cubrindonos nariz e boca, ou que debemos facer cálculos para celebrar unha reunión familiar e que os eventos que forman parte das nosas vidas teñan limitacións de aforo. As palabras

escollidas non terán un alegre significado. Que adxectivo lle poñamos a esta anormal e inaudita realidade nun ano sen verbenas, festivais e outros espectáculos que reunían moreas de persoas e que repercutían positivamente na economía de moita xente. Abofé que se nos veñen á mente unha chea deles, pero todos eles malsoantes.

E por riba, no momento actual, as previsións existentes para un futuro inmediato están cargadas de incógnitas. Agardando por unha vacina con resultados reais e efectivos, moito nos tememos que os vindeiros tempos seguirán condicionados polo Covid-19. Aínda así, cómpre lanzar un halo de optimismo para o que nos poida deparar o ano que recibiremos en breve. Respecto a este dous mil vinte, mellor que marche axiña e que non volva. Seguro que a paz que leve hase compensar co descanso que deixa.

## Clara, distinta Clara...

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

O 12 de setembro de 2007 finaba na Habana Clara Yáñez Paz, filla de dous chairegos: Xeneroso Yáñez Balsa e María Xosefa Paz Bello, santaballés e vilalbesa, respectivamente. Clara naceu en Cuba case que de casualidade, pois veu ao mundo o 6 de xaneiro de 1923, coma un agasallo dos Reis Magos, despois de que os seus pais regresaran á illa caribeña, no outono anterior, dende o porto da Coruña. Fixeran a travesía co seu único fillo, Néstor, tras pasar unha longa tempada na Chaira. Decidiron chamarlle Clara porque tiña os ollos dunha luminosa cor azul ceo, e tamén coma homenaxe persoal a unha amiga de Caibarién, municipio situado na provincia de Villa Clara, que os acollera con agarimo durante os seus primeiros anos en Cuba.

Xeneroso Yáñez foi un dos promotores da Liga Santaballesa da Habana. Unha vez instalado alí, e tras traballar máis dun lustro por

conta allea, un bo día decidiu abrir un negocio de seu: unha modesta lavandería que, co tempo, chegaría a ser unha moderna tinturaría, situada en pleno distrito de Centro Habana e que acadou unha exclusiva carteira de clientes. Os seus catro fillos –Néstor, Clara, Ángel e Consuelo– achegaban, dun ou doutro xeito, o seu gran de area ao negocio familiar, onde axudaban no tempo de lecer. E así foron transcorrendo os anos; debido a que o maior deles, Néstor, decidiu cursar estudos de enxeñería civil na Universidade da Habana e, unha vez que a pequena Consuelo se comprometeu e casou, os que realmente termaron do asunto foron Clara e Ángel.

Coñecín persoalmente a Clara en 1991, coincidindo coa miña primeira viaxe a Cuba, aínda que en realidade podó afirmar que sempre estivo presente na miña vida. Sendo meniño, e cando tiña tentación de facer unha das trasnadas habituais que me caracterizaban, os meus pais parábanme os pés coa argucia de que se me portaba ben a nosa curmá Clara traeríame un reloxo de ouro da outra beira do Atlántico; mais pasaba o tempo e a súa visita nunca

chegaba. Por iso naquela viaxe decidín ir buscala, aluguei unha motocicleta no barrio do Vedado e planteime en Sitios 555, entre as rúas Oquendo e Franco, onde se atopaba a casa familiar. O encontro foi especialmente emotivo,



posto que o meu pai, o Chavito, que dende moi novo mantivera contacto permanente con eles, xa os tiña avisados. Durante varios minutos fundímonos en apertas e bicos, Clara, Ángel e mais eu, sen mediar palabra e cos ollos cheos de bágoas.

Naquela viaxe fixen varias promesas, que co paso do tempo puiden cumprir. A primeira, conseguir que Néstor, o irmán maior que acababa de xubilarse con setenta anos, tivese a oportunidade de retornar a Galicia, o seu grande soño; e asegurei tamén que, cando chegase o día de ser pai e no caso de ter unha rapariga, chamaríalle Clara na súa honra. Finalmente, anunciílle que pronto regresaría a Cuba para velos de novo. Lembro que lles fixera moita graza a miña anécdota infantil do reloxo de ouro.

Néstor logrou vir a Galicia no ano 2003, tras oitenta anos sen pisar a súa terra natal. A miña filla naceu en decembro de 2001 e chámase Clara, segundo o prometido. A seguinte viaxe que fixen a Cuba tivo lugar en outono de 2000; e o reloxo de ouro que agardaba sendo meniño apareceu de súpeto na primavera de 1995, cando un amigo da familia cubana chegou de visita a Vilalba, e traía na súa equipaxe unha caixiña envolta na portada de Juventud Rebelde, que poñía: “Para Moncho Paz”. Abrín o paquete e atopei o reloxo de ouro, da marca Juvenia, grabado coas iniciais “A.Y.” (Ángel Yáñez), un

agasallo que lle fixera o meu avó Mario Xosé -o seu padriño- cando cumpriu doce anos.

Clara Yáñez Paz foi unha muller elegante e discreta, amiga dos seus amigos. Era distinta, tiña un toque especial. Todos os que a coñecemos gardamos na nosa memoria a súa imaxe inqueda, miúda e doce. Tras o pasamento dos seus pais –María Xosefa en 1956 e Xeneroso en 1980– Clara atravesou unha fonda crise, acrecentada pola perda da súa mellor amiga, Cristina Joaquina, filla dun recepcionista do hotel Inglaterra que se contaba entre os primeiros compañeiros de traballo de Xeneroso nos seus comezos na Habana. Superou aquela depresión grazas á práctica de ioga e mais á santería, e nunca deixou de ser unha muller espiritual e tenra, en paz consigo mesma. Agora repousa no camposanto de Colón, no panteón da Liga Santaballesa. Quero pensar que estará sempre aí, comigo, mecéndose na súa cadeira e ollándome, coidándome. Incluso hai intres nos que teño a sensación de que me fala, cando preciso recibir un sinal da súa parte, que me diga se o vento cambiou. E cando iso acontece, reconfortame.



## Remeiros galegos en Euskal Herria

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Ríos

**E**n Galiza tampouco o mundo do remo é alleo á emigración e catorce remeiros, catro remeiras e o adestrador de Zierbena, Xan Zunzunegui, militan en diferentes clubs do País Vasco, todos eles nas máximas categorías do remo estatal.

Hoxe quixera falar de catro deles, dos éxitos e triunfos deportivos de Fernando Rúa, Diego Hermo, Davide Iglesias e Oscar Viudez, remeiros da Sotera de Santurtzi, que gañaron, con esa traíña o campionato de Liga ACT de remo, o pasado 20 de setembro en augas de Portugalete.

É certo que Fernando Rúa so exerce de emigrante a tempo parcial, xa que traballa e adéstrase en Galiza e os fins de semana trasládase da ría de Vigo á ría do Nervión.

Empezou a bogar en Tiran, no que estivo naqueles anos de apoxeo, gañando con ese club os campionatos de España do 96 e 97 e quedando segundos na regata da Concha do 96, despois de gañar as dúas quendas, polo que considera que esa regata é moi inxusta.

Naquela época de bonanza estaba

de adestrador en Tiran, Xosé Manuel Francisco, segundo el, a personalidade que mais sabe de remo de todo o Estado Español, pero, ao irse para Kaiku, Fernando deixou de remar porque pensaba que sen Xosé Manuel era moi difícil gañar-lle aos vascos.

Despois convenceuno para ir a Astillero, no que gañaron daquela seis campionatos de España, entre o 2002 e 2009. Estivo un ano enteiro vivindo alí, pero como non lle gustaba o ambiente de Cantabria quixo irse, sen embargo o club quería que se quedara e fíxolle a proposición de que pola semana iría traballar e adestrar en Galiza e os fins de semana estaba alí. Dese xeito botou en Astillero entre o 2002 e 2009, quitando o 2003, que bogou en Meira.

No ano 2010 Xosé Manuel Francisco ficha por Bermeo Urdaibai e lévao con el, pero, despois de estar alí dous anos, Xosé Manuel marchouse angustiado e deixou o remo, por que, segundo Fernando, as iconas sagradas do remo vasco non podían permitir que un galego, que gañou oito Campionatos de España, unha Liga e catro Conchas, sobera de remo mais que eles.

El segue en Bermeo, primeiro con Etxabe e logo con Jon Salsamendi, e estando nese club tivo que

operarse dun ombreiro que se lle saía continuamente, debido a un accidente laboral e tivo que deixar de bogar. Pensaba que xa con 43 anos non ía poder remar mais e



estivo na vila de Cangas de adestrador de rapaces durante dous anos. Como seguía en forma, no 2018 chamouno o compañeiro de cando bogaban na Bou Bizkaia de Bermeo, Iker Zabala, que adestraba á Sotera de Santurtzi, á que acababa de subir á Liga ACT.

Non se queixa da afección que hai en Galiza, pero di que si saen remeiros bos chegan os vascos cos cartos e lévanos.

Outro que so emigra os fins de semana é Diego Hermo, xa que entre semana vive, traballa e adéstrase na Coruña.

Naceu en Noia e empezou a remar

na Pobra do Caramiñal. Despois, con 11 anos, foise para León e empezou a xogar ao baloncesto, pero ao ver que non xogaba no seu posto, deixouno; volveu a Vigo e despois á Coruña e acordouse do remo, chamou a todos os clubs da zona, pero so Perillo tiña traíñas e alí empezou de novo.

Chegou á Sotera porque Iker contactou con el e xa coñecía a moitos compañeiros. Di que estaba no Kaiku, ofrecéronlle a oportunidade e aquí se quedou.

Ten o remo como un divertimento, pero quéixase de que en Galiza, os recursos e a afección non é a mesma que no País Vasco: "En Galiza pode haber na zona das rías, pero, na Coruña van os que o practican e os seus familiares. Agora, onde hai mais é na zona do Grove, e Ferrrol empeza a ter algo. En Cabanas tamén empezou a xente a seguir e na Coruña, malia ter tanta poboación de onde se poden sacar varas, non se sacan. O remo en Galicia non ten tanta repercusión como pode ter aquí, aínda que na miña área está moi estendido."

Di que antes na Coruña facíanse os campionatos de España e nas regatas do Teresa Herrera enchíase a dársena enteira. Esa bandeira era unha das mais importantes do Estado e os vascos sempre quixeron ir a ela porque era unha ban-

deira que daba moito diñeiro.

O grovense Oscar Viudez empezou a bogar en Mecos no ano 1998. Saíu buscando un pouco de ambición e un proxecto deportivo con garantías de chegar ao mais alto. Desde fai dez anos vive e traballa en Bermeo, pero xa leva varios mais fora da casa. Anteriormente estivo en Santander catro anos, despois en Bermeo un, e este tivo a oportunidade de vir a Santurtzi. Davide Iglesias, tamén do Grove, empezou a remar en Mecos en 1998 e rematou en 2010. En 2011 chamárono de Castro Urdiales, onde tamén estivo en 2012 e logo en Bermeo, de 2013 a 2018.

Tamén chegou á Sotera da man do adestrador bermeotarra. Gustou do proxecto que tiña en Santurtzi e veu. "A min Iker xa me levara a Bermeo cando el aínda estaba de remeiro. Leva o remo no sangue desde pequeno. É un líder", dinos. E debe ter razón, pois subiu na fai tres anos á máxima categoría e este ano gañaron, ademais da Liga, cinco bandeiras, dúas delas en Galicia.

A historia destes catro deportistas amósanos que tampouco o mundo do remo é alleo a ese drama secular do noso pobo e, por desgraza, teñen que profesar as súas aptitudes deportivas lonxe da terra que os viu nacer.

## E de tapa, pcr

AS VOCES SUBTERRÁNEAS



Martiño Maseda

**C**omecei a escribir este artigo nun bar no que parei despois de deixar á miña nai no centro de día, ao que acode de luns a venres en coche particular, dado que a súa asistencia ao centro no bus que teñen asignado non a considerarei, desde o punto de vista de preservación da súa saúde, nada recomendable.

O concello no que está situado o centro atópase nun nivel moderado de control sanitario por culpa da pandemia da COVID-19, aínda que non ten ningunha restrición de desprazamento fóra da súa demarcación municipal.

Ese bar no que entro de cando en vez, non preguntei se lles realizarían unha PCR aos seus traballadores para garantir a seguranza das persoas que alí pasen a consumir. Digo isto, porque agora desde a Xunta de Galicia propónse o criba-

do do persoal traballador da hostalaría para validar que a clientela vaia con "absoluta seguridade" a todos eses locais que representan o sector da citada hostalaría. Porque, obviamente, a mensaxe que subxace, igual ca unha teipa, é salvar o Nadal e todas festas que veñan. A sanidade, o ensino, os servizos sociais, etc. xa lles irá tocando, se lles toca, coma o gordo da lotaría.

Ah!, esquecía facer un apuntamento fundamental: no centro a onde acode a miña nai, unha traballadora tivo a mala sorte de contagiarse de coronavirus. E as mentes espelidas que rexen o departamento de Consorcio de Benestar e a área sanitaria de Lugo acordaron realizar un cribado do restante persoal e dunha parte das usuarias e usuarios. A outra parte, que só eran 6 persoas, entre as que se atopaba a miña nai, quedou sen proba PCR, dado que non estiveran en contacto coa infectada, pero si o estiveron outras traballadoras do centro, e algunhas delas co grupo da miña nai.

Aínda así, para que imos gastar na realización de PCRs a anciáns e/ou dependentes, se resultan máis aproveitables na elite do fútbol ou para os cazadores, agora que teñen liberdade de movemento, en todos os sentidos, para cazar/matar bechos terribles e depredadores (porcos vietnamitas e paseantes incluídos, e non estou de broma, buscade nas hemerotecas).

Ah!, tamén me quedaba por engadir que o centro de día, a onde vai a miña nai desde hai case 8 anos, ten unha praga moi pouco concorrente aquí nesta terra, un mapa de goteiras por clasificar. Pero, claro iso non é importante, porque, ademais da tendencia de construír os edificios totalmente planos, sen tellado, aquí na Galiza apenas chove. Este cromatismo reluciente que pinta a nosa paisaxe é completamente artificial. Son decorados dun escenario utópico. Ora ben, disque os trámites administrativos para darlle solución a ese pequeno problema das goteiras, que provoca inundacións no soto do ascensor, por exemplo, xa

están en marcha. Só falta que un ano destes, se cadra un dos que sexa xacobeo (o 2021 éo) ou un no que haxa eleccións (nese caso hai que agardar algo máis) ou un no que non chova aproveitan e maquilan a desfeita dese edificio no que persoas coma a miña nai (ela e outras anciáns, e outras dependentes) atopan durante unhas cantas horas un remanso de ledicia, de agarimo, de recuperación e mantemento memorístico e/ou locomotriz, grazas ao traballo infatigable das traballadoras que poñen o seu mellor sorriso e o seu decidido esforzo, a pesar de contar cada día con menos recursos. Señores/-as que gastan tempo na nobre (non pola súa dedicación nin capacidade intelectual, en moitos casos) tarefa humana da política, eu preguntolles: Pensan que a corda que terma do seu hábito vital non pode rachar o día menos acaído e calquera de vostedes se convertan en dependentes? Ou que a inexorable roda do tempo non vai ir deteriorando os seus corpos ata alcanzar a senectude?

Pois cavileno e que a súa ególatra necidade deixe de cegalos con paraísos no alén.

Remato este artigo na miña casa. Mañá ou pasado ou cando poida volverei entrar nun bar tomar un café, porque eu nunca manifestei nada contra o sector da hostalaría. É necesario e precisa de axudas ante períodos nefastos de crise coma este creado pola pandeima da COVID-19. Pero si teimo que, talvez, as institucións públicas deberían consagrar os mesmos esforzos que utilizan para manter latexante a industria hostaleira en combater a exigua e, por veces, ridícula preocupación que amosan polo fortalecemento das áreas sanitarias, do ensino, dos servizos sociais ou daqueles sectores que axudan a cultivar ese espírito crítico que propiciará que comprendamos con nitidez dialéctica a esencia da vida e de valores coma a liberdade, a xustiza, a igualdade... Porque agora mesmo, coído que estamos volvendo á árbore igual ca primates non evolucionados.



# PASATEMPOS

## SUDOKU

Fácil

		8	7		2	4		
		3		9	4			
4		6	5				8	
6	2		4	8				9
3	7	9		5			4	
							5	
	9				3		6	2
7	3		2					4
2			4				7	



Difícil

					3			
		4					2	3
2	5	3	6				7	
	2	7	5			6	4	9
5				8			3	
		6	4				8	7
			3			7		6
6	8				5	2		4

Extremo

		9				1		
		8			4			
1			8			2		7
		3				7		6
								4
			4	6			7	1
		5	1				3	2
						5		6
2							9	

## AS SETE DIFERENZAS



## XEROGLÍFICOS

500

mn

saídas do sol

q es



Lema no escudo de Galicia

## SOLUCIÓNS

2	6	5	4	8	9	1	7	3
7	3	1	2	5	6	9	8	4
8	9	4	1	7	3	5	6	2
1	4	9	6	2	7	3	5	8
3	6	7	9	1	5	2	4	6
6	5	2	3	4	8	7	1	9
4	2	6	5	3	1	8	9	7
5	7	3	8	9	4	6	2	1
9	1	8	7	6	2	4	3	5


Fácil

3	6	8	9	7	5	2	1	4
7	1	5	2	6	4	3	9	8
4	9	2	3	1	8	7	5	6
1	3	6	4	9	2	5	8	7
5	4	9	7	8	6	1	3	2
8	2	7	5	3	1	6	4	9
2	5	3	6	4	9	8	7	1
6	8	4	1	5	7	9	2	3
9	7	1	8	2	3	4	6	5

Difícil

2	7	8	6	3	4	9	5	1
4	3	1	9	2	5	8	7	6
9	6	5	1	7	8	4	3	2
8	2	9	4	6	3	7	1	5
6	5	7	2	1	9	3	8	4
1	4	3	5	8	7	2	6	9
3	1	6	8	9	2	5	4	7
5	8	2	7	4	6	1	9	3
7	9	4	3	5	1	6	2	8

Extremo



Xeroglífico

Lema no escudo de Galicia:  
Denantes mortos que escravos



# AXENDA

## EVENTOS

### ASUBÍOS DA CHAIRA ONLINE

18 de decembro  
Cospeito

### TEATRO: POR UN PUÑADO DE GRELOS

19 de decembro  
Riotorto

### TEATRO: DETRÁS DA MÁSCARA

19 de decembro  
Mosteiro, Pol

### TEATRO: COUSAS DE BARES

19 de decembro  
Reigosa, A Pastoriza

### CURSO CONDUCCIÓN SEGURA

19 de decembro  
A Pastoriza

### MAGO TETO

20 de decembro  
Muras

### TEATRO: O AEROPORTO DA VALIÑA

20 de decembro  
Mosteiro, Pol

### MAGO TETO

21 de decembro  
Ceip Terra Chá, Vilalba

### CABALGATA DE REIS

5 de xaneiro  
Porta a porta en Friol, Abadín e Xermade

### PROGRAMA DE NADAL

Ata o 7 de xaneiro  
Vilalba

### PROGRAMA DE NADAL

Do 22 ao 5 de xaneiro  
Rábade



### PROGRAMA DE NADAL

Do 23 ao 7 de xaneiro  
Guitiriz

### MERCADO DE MUIMENTA

Ata o 5 de xaneiro  
Muimenta

### BELÉN DE BEGONTE VIRTUAL

Ata o 6 de xaneiro  
Begonte

### BELÉN DE MOMÁN

Ata o 6 de xaneiro  
Momán, Xermade



## EXPOSICIÓNS

### ANTROPOLOXÍA VISUAL

Ata o 1 de marzo de 2021  
Castro de Vilandongra

### IMAXES DO NADAL

Multiusos de Lugo  
Ata o 2 de xaneiro

### BELÉN DE BEGONTE

Biblioteca provincial de Lugo  
Ata o 2 de xaneiro

## CONCURSOS

### DECORACIÓN DE NADAL

Ata o 23 de decembro  
Xermade

### ALUMEADO DE NADAL

Ata o 25 de decembro  
Vilapedre, Vilalba

### DECORACIÓN DE NADAL

Ata o 6 de xaneiro  
Meira

### ESCAPARATES

Ata o 6 de xaneiro  
Vilalba

### CERTAME POESÍA, XORNALISMO, DEBUXO INFANTIL E ARTE

Ata o 15 de xaneiro  
Begonte

## a elección de...



**Eliseo Real Franco**  
Director do Ceip Virxe do Corpiño de Begonte

un libro



O Código Da Vinci de Dan Brown

unha película



Solo en Casa

un lugar para visitar



Nova Iorque

unha comida



Ovos con patacas fritidas e chourizo

un disco




Calle 54

un personaxe histórico



W. A. Mozart

unha afición



A meteoroloxía

unha bebida



Zume de melocotón

Máis eventos en:

[www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)

# JANSU

Domingo Goás, 16 baixo  
27800 Vilalba  
Tel.: 982 510 367  
651 577 247

Volvemos á normalidade, esperámoste!

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO  
JANSU VILALBA

- FERRUGUERÍA
- FOTOGRAFACIÓN
- TAEKWONDO ADULTOS - INFANTIL
- DEFENSA PERSOAL
- ZUMBA ADULTOS - INFANTIL
- CROSA TRAZINHA
- T.B.X. SUSPENSIÓN M. Y B.
- APRENDE
- INDICACIÓN RETIROS LATIÑOS
- XORNALASIA MANTENIMENTO SUAVE
- ADAPTAMENTO PARA MAIORES
- ADAPTADOR PERSOAL

DESPOCHO de PAN

Novo punto de venta

Con toda a nosa variedade de produtos e especialidades

Novo Cazón 12 baixo



## DESCUBRINDO O PATRIMONIO



Miriam Fernández

# Patrimonio gastronómico chairego



Tres produtos típicos da zona, o capón, o queixo San Simón da Costa e o roscón

Galicia, paraíso das feiras e festas gastronómicas, está a vivir tamén neste eido un ano complicado por mor das necesarias restricións establecidas para frear os efectos da covid, que na Chaira obrigou a cancelar as tradicionais feiras do Queixo de San Simón de Costa, a festa da Filloa de Muimenta ou a do Capón de Vilalba, esta última adicada ó produto gastronómico estrela do Nadal chairego e que se celebraría este mes de decembro, tal e como manda a tradición dende a súa primeira edición en 1935.

O capón, rei de moitas mesas destas datas especiais, é a denominación que se lle dá a un polo castrado antes de que alcance a madurez sexual, considerado dende tempos remotos coma un produto de especiais características culinarias en diferentes partes do mundo. Mencionase a práctica da súa cría e consumo nos máis antigos libros da Biblia, na "Historia Animalium" de Aristóteles, no "Libro de buen amor" de Juan Ruiz (s.XIV),

no "Quijote" (1615) ou no "Buscón" de Quevedo ou "A cociña galega de Álvaro Cunqueiro" (1987). A orixe exacta da cría do capón en terras vilalbesas é incerta, máis si coñecemos que foi unha costume transmitida de pais a fillos durante séculos na propia localidade e outros concellos da Comarca da Terra Cha. A súa cría era unha práctica habitual para consumo propio, agasallo ou pago de rendas ós señores feudais, donos das terras. Na parroquia vilalbesa de Insua hai persoas maiores que aínda recordan as historias sobre seus pais e avós e a cría destas aves como parte do pago dos foros da desaparecida "torre de Vicente", no que entregaban "ós señoritos unha cantidade acordada de ferrados de trigo e varias parellas capóns". Era tamén común a existencia nas casas labregas os bancos a carón da lareira coa parte inferior adicada a capoeira, onde se mantiñan os animais limitados de movemento durante o período final de engorde.

Polo xeral a cría do capón era un traballo desempeñado polas mulleres, as cales coidaban durante todo o ano os capóns e se encargaban da alimentación e o castrado, tendencia que segue predominando na actualidade.

Os proceso tradicional da cría do capón mantívose no tempo case

## O proceso tradicional da cría do capón mantívose no tempo case sen variacións con alimentación natural

sen variacións, consistente na cría ó aire libre dos animais con alimentación natural (na que se inclúe a castración para que engorden ben e a graxa infiltre na carne) e a fase final de cebo nun espazo reducido, "capoeira", coa inxesta do amoado ou bicada, consistente

nunha pasta de millo, pataca cocida ou castaña. Tradicionalmente o inicio da estadía na capoeira marcábase a principios de novembro ou canda o San Martiño (11 de novembro). A bicada antigamente facíase á man, embuchando a cada animal individualmente coa mestura da pataca cocida, o millo e, nalgúns casos, viño branco. Actualmente esta práctica caeu en desuso polo perigo que supón para os animais. Nos espazos reducidos, pasenfiamente os capóns engordan ata o sacrificio, uns días antes do Nadal. A preparación característica que se pode ver durante a feira é a do capón desplumado e limpo coa ensunlla cravada sobre o lombo, coidadosamente colocado sobre un pano branco e metido nunha cesta.

A cría do Capón de Vilalba acadou no 2017 a Indicación Xeográfica Protexida (IGP) que regula os requisitos de cría, engorde e sacrificio, xestionada pola Asociación de Criadores e que reúne a máis de

corenta criadores.

Aqueles que proban o capón de Vilalba quedan namorados do seu sabor, do mesmo xeito que o fan con outro produto chairego como é o Queixo de San Simón da Costa, derivado lácteo de característico afumado recoñecido nacional e internacional pola súa calidade. O roscón de Vilalba, doce de amendoa que non falta na mesa dos Vilalbeses en calquera celebración, as Roscas de San Ramón, de masa dura e crocante que tradicionalmente se facían para as festas patronais (almacenaban en potas pola súa excelente conservación de ata un mes), os grelos de Abadín, as filloas de Muimenta, os produtos da matanza e da horta, etc., son só algún das mostras do rico patrimonio que os fogóns e a terra da Chaira ofrecen ós visitantes, uns sabores que os chairegos desexamos volver a compartir e revivir en normalidade con todo o mundo nun futuro ben próximo.



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

## Cursos y Certificados



GRUPO FORMA+

formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05